



**MEMORIA  
CIDADE DA  
CULTURA  
DE GALICIA  
2021**





MEMORIA  
**CIDADE DA  
CULTURA  
DE GALICIA**  
2021

---

---

---

# ÍNDICE



01 / CIDADE DA CULTURA DE GALICIA  
/ páxina 12



02 / ACTIVIDADE CULTURAL  
/ páxina 22



03 / EMPRENDER NO GAIÁS  
/ páxina 112



04 / BIBLIOTECA DE GALICIA  
/ páxina 124



05 / ARQUIVO DE GALICIA  
/ páxina 136



06 / EVENTOS  
/ páxina 150



07 / AS TORRES HEDJUK  
/ páxina 170



08 / COMUNIDADE  
/ páxina 172

## 2021 EN CIFRAS

---

### VISITAS

---

**1.183.263**

Visitantes en 2021

**404.399**

Accesos á páxina web

**+7M**

Visitantes desde a apertura  
da Cidade da Cultura

---

### PROGRAMACIÓN CULTURAL

---

**164**

Actividades culturais

**242.910**

Participantes no programa cultural do Gaiás

**228.464**

Asistentes en formato presencial

**14.446**

Asistentes en liña

**29.825**

Asistentes en actividades fóra do Gaiás

---

### EXPOSICIÓNS

---

**189.095**

Persoas visitantes ás exposicións do  
Museo Centro Gaiás en 2021

**14.454**

Participantes no  
programa de visitas

**9.766**

Participantes no programa didáctico  
para escolares (presenciais e en liña)

**3.886**

persoas asistentes ao programa  
de visitas para público xeral

---

## EMPREENDEMENTO

---

**48**

Empresas e proxectos residentes

---

**+ 5.000**

Asistentes en formato  
presencia e en liña

---

**+ 450**

Proxectos e empresas apoiados polo  
CEM desde a súa creación

---

## COMUNIDADE

---

**+ 5.000**

Persoas socias desde a súa creación

---

**+90.000**

Persoas seguidoras  
en redes sociais

---

## EVENTOS

---

**380**

Eventos acollidos en 2021  
de institucións, empresas ou organizacións sociais

---

**17.616**

Asistentes en formato presencial

---

**+ 6.379**

Asistentes en liña

---

**1 DÉCADA:**

---

**+ 3.000**

Eventos

---

**300.000**

Asistentes

---

**E**n 2021, a Cidade da Cultura de Galicia cumpriu unha década de vida. O complexo fora inaugurado en xaneiro de 2011 polos entón Príncipes de Asturias e hoxe Reis de España e o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. Nestes dez anos, a Cidade da Cultura consolidouse como un espazo de referencia nos eidos da cultura, a tecnoloxía e o emprendemento. Ata 2020, o Gaiás recibiu seis millóns de visitas, organizou preto de 5.000 actividades culturais e eventos e multiplicou por cinco o número de participantes no seu programa cultural. E o ano 2021 pechou este primeiro capítulo da súa historia incrementando novamente estas cifras, batendo novas marcas en canto a actividade e visitantes. Tamén pódolle punto e final a unha primeira etapa con forte protagonismo dos proxectos construtivos coa apertura do último dos edificios erguidos no Gaiás: o Fontán.

## Fortalecemento do programa cultural

O ano 2021 marcou un máximo histórico de participantes nas actividades do programa cultural do Gaiás, cunha cifra que se viu incrementada en máis dun 20% respecto ao 2019, último ano antes de pandemia. O desenvolvemento dun programa de itinerancias —que achegou os proxectos expositivos da Cidade da Cultura a centros de diferentes puntos de Galicia— e o reforzo das actividades en formato híbrido e en liña contribuíron a incrementar esta cifra récord de participación, estendendo o programa cultural do Gaiás máis alá dos lindes físicos do complexo arquitectónico.

Destacou especialmente a ampla oferta expositiva do complexo, cunha vintena de mostras e intervencións artísticas ao longo do ano en diferentes espazos do Gaiás. O Museo Centro Gaiás acolleu cinco destas grandes exposicións, entre elas *Faraón. Rei de Exipto*, en colaboración co British Museum e a Fundación 'la Caixa', que se converteu na mostra máis concorrida da historia do complexo, con preto de 77.000 visitas.

Ademais, o Gaiás situouse un ano máis entre os centros e proxectos culturais máis destacados de Galicia no informe do Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea, erguéndose como a segunda mellor proposta cultural do ano na nosa Comunidade.







## Ano con máis visitas

En canto ao número total de visitas rexistradas pola Cidade da Cultura en 2021, a cantidade estímase en 1.183.263. Neste cálculo intégranse non só os participantes en actividades culturais, senón tamén as persoas que acoden a eventos, os usuarios de Biblioteca e do resto de servizos públicos localizados no Gaiás, os que se trasladan por motivos profesionais ou para gozar dos espazos verdes. A cifra exclúe as máis de 600.000 visitas correspondentes a persoas que acudiron ao centro de vacinación situado polo Sergas no Gaiás.

Mesmo sen computar as visitas derivadas da vacina, a expansión da actividade da Cidade da Cultura marca un novo pico desde a súa apertura ao público, convertendo 2021 no ano no que este equipamento recibiu un maior número de visitas —30.000 máis respecto ao 2019, e o dobre das contabilizadas no 2020, ano da pandemia—. Consolídase, polo tanto, a tendencia á alza que mantén a Cidade da Cultura desde a súa inauguración no 2011, só interrompida durante o ano do confinamento.



## Recuperación de eventos

A recuperación da actividade deixouse notar no progresivo incremento do número de eventos organizados por empresas, organizacións sociais ou institucións nos espazos da Cidade da Cultura, incremento especialmente intenso a partir do mes de setembro. O 2021 pechouse cun total de 380, o que supón case un centenar máis que no 2020, unha

cifra moi positiva, especialmente se se ten en conta que, ao longo de boa parte deste ano, aínda estiveron vixentes medidas sanitarias que limitaban o número de asistentes a este tipo de actos.

## Centro de vacinación

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia escolleu a Cidade da Cultura como un dos puntos desde os que se desenvolveu o dispositivo de vacinación masiva da cidadanía contra a covid-19, que recibiu máis de 600.000 visitas ao longo de todo o ano.





## II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura

Máis alá do balance cuantitativo, o 2021 péchase con fitos importantes, como a aprobación do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura 2021-2027, a folia de ruta que marcará a dirección a seguir polo Gaiás na nova fase que comeza, caracterizada polo fin dos grandes proxectos construtivos e marcada pola expansión da súa actividade.

Trátase dun programa de 70 accións que mobilizarán preto de 30 millóns de euros destinados a potenciar a innovación e a creatividade como motores de desenvolvemento de Galicia. A nova estratexia prevé que o número de participantes nas actividades culturais se incremente en máis dun 40% nos vindeiros seis anos e que os eventos organizados por empresas, institucións ou colectivos sociais nos espazos do Gaiás medren ata duplicarse.

A nova estratexia aposta converter a Cidade da Cultura en rótula do sector cultural galego, consolidándoa como lugar de creación onde os artistas poidan levar adiante os seus proxectos e como factoría de contidos para outros espazos culturais de Galicia e de fóra da Comunidade.

O documento recolle tamén accións dirixidas a estreitar a conexión co Camiño de Santiago e co Xacobeo, enriquecendo a experiencia da peregrinación e da visita a Compostela e ampliando a oferta de recursos turísticos da capital galega. En cifras, destaca a aspiración de chegar ao 2027 cun incremento na cifra de visitas ao Gaiás dun 40%, superando as 1.400.000 ao ano.

Este novo Plan Estratéxico, aprobado polo padroado da Fundación Cidade da Cultura e validado polo Consello da Xunta, foi o resultado dun proceso aberto, transparente e avalado por expertos. Na súa elaboración contouse coa opinión de especialistas galegos, nacionais e internacionais e incorporouse a opinión da cidadanía a través de enquisas online.



## Contabilidade social

---

Tamén o 2021 foi a primeira vez que a Cidade da Cultura, en colaboración con expertos da Universidade de Deusto, presentou os resultados do seu primeiro estudo de contabilidade social para estimar o beneficio que xera á sociedade.

A contabilidade social traduce a cifras o valor que unha organización crea na súa contorna, no que respecta a variables que, por non teren un prezo, non se reflicten na contabilidade tradicional, pese a que si son percibidas como valiosas pola cidadanía. Aplicado ao caso da Cidade da Cultura, este modelo de análise estima que o complexo achegou en 2019 un valor que supera os 24 M€, xerando un retorno para a sociedade de 1,85 euros por cada euro recibido de investimento público.


# 01/ **CIDADE DA CULTURA:**

## **CULTURA, INVESTIGACIÓN, TECNOLOXÍA E EMPRENDEMENTO**

**A** apertura do Edificio Fontán marcou en 2021 o remate dunha longa fase na Cidade da Cultura con especial protagonismo dos proxectos construtivos, á que se lle puxo fin coa posta en funcionamento do derradeiro dos edificios erguidos no complexo.

O Fontán culmina o complexo da Cidade da Cultura de Galicia, aproveitando a estrutura que inicialmente ía estar destinada ao Teatro da Música. Concibido para potenciar a investigación e afondar na integración do sistema universitario galego, acollendo institucións coas que apoiar e dar servizos ao conxunto dos campus, o Fontán converte Galicia nunha referencia en España no eido da investigación e do patrimonio ao acoller o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit), dependente do CSIC, e centros de investigación dependentes do Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG).

Ademais, durante o ano 2021 realizáronse actuacións dirixidas a continuar a mellorar a humanización e a oferta de lecer dos espazos exteriores, con melloras en accesos e sendas peonís e co deseño, construción e homologación dunha pista para a práctica recreativa do ciclismo BMX.



Edificio Fontán



## Abre as portas o Fontán: o edificio que completa o Gaiás

A inauguración en outubro de 2021 do edificio Fontán, ademais de culminar os grandes proxectos construtivos da Cidade da Cultura, supuxo o inicio dunha nova fase marcada pola expansión da actividade nos eidos da cultura, o patrimonio, a ciencia, a educación, o emprendemento e a tecnoloxía.

Este edificio acolle a 200 traballadores de distintas institucións destinadas á investigación, á mellora do sistema universitario e á innovación educativa. Promovido pola Xunta, contou cun investimento de case 17 millóns de euros e financiose con fondos do Goberno galego e unha achega do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).




Acolle a sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG), a da Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia, centros de investigación dependentes do CISUG e, tamén, o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC.

O Fontán susténtase así en tres piares: no impulso á calidade, fortaleza e competitividade do sistema universitario; na cualificación dos docentes nas tecnoloxías dixitais; e na investigación do patrimonio e, especialmente, do ligado ao Camiño. Tras a incorporación en 2022 de todo o persoal do edificio, o Gaiás chegará a albergar ao redor de 900 empregados en todo o complexo.



## Superficies no Fontán

Total superficie útil: **12.534 m<sup>2</sup>**





## Entidades residentes no Fontán

### Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit)

Organismo dependente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) que promove a investigación científica sobre o patrimonio cultural. O Incipit ocupa outra quinta parte do Fontán (2.393 metros cadrados) e, polo uso destas instalacións, o CSIC achegou 2,4 millóns á Cidade da Cultura, ademais de asumir o custo anual dos gastos que xere o Incipit polo desenvolvemento da súa actividade.

Nos dez anos transcorridos dende a súa creación acadou un notable prestixio internacional e converteuse nun centro atractivo para investigadores de todo o mundo. Conta cun equipo cun alto nivel de internacionalización, dunhas sesenta persoas de once nacionalidades diferentes, entre persoal investigador funcionario, técnico, posdoutoral e predoutoral. Ademais de en Galicia e España, o Incipit realiza traballos de campo e proxectos de investigación en países como Portugal, Chile, Arxentina, Uruguai, Bolivia, Perú, Guinea, Etiopía, Somalia, Tanzania, Senegal, Reino Unido, Francia, Grecia ou Mongolia.

### Consortio Interuniversitario de Galicia

O Fontán será sede de servizos transversais das tres universidades galegas acollendo o Consorcio Interuniversitario de Galicia, corazón da xestión conxunta universitaria, que impulsa a colaboración en materia organizativa, económica, técnica e administrativa. É a cristalización dun obxectivo estratéxico para o sistema universitario de Galicia: fomentar a cooperación interna das tres institucións académicas para ser máis fortes e competitivos como sistema. Centraliza os servizos bibliográficos, a organización das probas de acceso á educación superior e o desenvolvemento de programas informáticos que melloren a organización.

### Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Ten a misión fundamental de garantir a calidade do Sistema Universitario de Galicia. Para iso leva a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.



## Edificio sustentable e funcional

O arquitecto Andrés Perea, responsable xunto a EuroEstudios do proxecto e da dirección das obras, deseñou un edificio sustentable caracterizado pola funcionalidade e a austeridade dos materiais e a complicitade co resto dos edificios da Cidade da Cultura.

O proxecto arquitectónico para o edificio Fontán defínese como sinxelo e sen alardes económicos nos seus materiais, tal e como demostra o acristalado do chan ao teito e a decisión de optar por unha cuberta metálica, en vez dunha revestida de pedra ou baldosas de formigón, de maior custo económico e tamén de tempos.

Precisamente, son o cristal e o metal os materiais que describen o seu aspecto formal. Dividido en cinco andares —que suman unha superficie total útil de 12.534 metros cadrados— chaman a atención certos servizos ou estruturas, fóra das prestacións propias dun edificio dedicado á investigación, como poden ser os laboratorios. Estes elementos singulares son: o Auditorio, con capacidade para 750

persoas divisible en tres salóns de actos independentes; os patios interiores; e unha nova rúa principal que atravesa o edificio Fontán comunicando as dúas estradas peonís da Cidade da Cultura (a do CINC e a da Biblioteca de Galicia), sen ter a necesidade de rodealo.

No seu conxunto, o Fontán caracterízase pola súa sustentabilidade, funcionalidade e tamén flexibilidade para facilitar posibles modificacións futuras nos seus servizos e usos.



## Ampliando espazos para o deporte e o lecer: Construción dunha pista de BMX

En 2021 realizouse o deseño, construción e homologación dunha nova pista recreativa, de 400 metros de lonxitude, destinada á práctica do ciclismo BMX, encadrada no conxunto de actuacións de acondicionamento paisaxístico das ladeiras do Gaiás.

Está localizada sobre un outeiro artificial formado pola acumulación de materiais procedentes da obra da Cidade da Cultura, polo que foi necesaria a realización dun traballo de acondicionamento do terreo para obter a forma e os perfís axeitados.

O circuíto ten un grao de dificultade medio, de xeito que poida resultar atractivo a usuarios de distintos niveis de destreza. A idade mínima para o uso da pista sitúase nos 14 anos. No caso de que sexa utilizada por persoas de menor idade, estas deben facelo baixo a supervisión dunha persoa responsable.

O pavimento da pista está formado por balastro artificial estabilizado por cemento. A súa superficie presenta certa rugosidade, con boas condicións de agarre e que eviten esvaróns.

Aínda que non se trata dunha pista de carreiras BMX, tivéronse en conta as consideracións de seguridade recollidas na Guía de pistas BMX da Unión Ciclista Internacional. Nos laterais da pista deixouse unha zona de seguridade dun ancho mínimo de 2 metros, libre de obstáculos, que se cobre con céspede. Os bordos da pista e a zona de seguridade atópanse ao mesmo nivel para evitar arestas que poidan producir lesións no caso de caídas. As curvas contan cun peralte e un ancho superior aos dos tramos rectos para incrementar a seguridade nos xiros. O pavimento da pista conta con pendentes transversais para favorecer a rápida evacuación da auga de choiva cara ao interior e os noiros situados no perímetro do circuíto.

Contouse para a súa elaboración con ciclistas da práctica da BMX, para a realización dunha proba da pista antes da súa terminación. Na proba analizáronse os seguintes aspectos: altura dos obstáculos, pendentes de entrada e saída dos mesmos, transicións entre tramos horizontais e pendentes de entrada e saída dos obstáculos, distancia entre obstáculos, peralte e ancho das curvas.



## Reforzo das áreas naturais

Continuáronse os traballos de ampliación, coidado e posta en valor do Bosque de Galicia coa incorporación das sendas peonís, novas árbores, iluminación e equipamento no extremo suroeste do Monte Gaiás, enlazando o acceso desde o Camiño de Santiago coa pista BMX.

A intervención conxunta coa pista BMX alcanza unha superficie aproximada de 10 hectáreas e terá continuidade en 2022 coa construción dun labirinto no que se reutilizarán materiais de obra.

Iniciáronse tamén os traballos da primeira fase para a consolidación e mellora dos lindes do monte, coa substitución de estruturas e matogueiras en mal estado, melloras na drenaxe e incorporación de sendas de traballo.



## Plan de humanización

Durante 2021 completáronse tamén as últimas actuacións englobadas no gran proxecto de humanización de espazos exteriores que dera comezo en 2010, pouco antes da apertura ao público do complexo da Cidade da Cultura. En conxunto, os traballos abrangueron máis de 42 millóns de euros de investimento que actuaron sobre preto de 15 hectáreas de superficie.

Estes traballos de humanización incluíron nesta

década proxectos de grande envergadura nos exteriores do complexo, como foron o propio desenvolvemento do Bosque de Galicia nas ladeiras do monte, a transformación dos baleiros deixados polos edificios non construídos no Xardín Literario e no Xardín do Teatro, a creación do Parque do Lago a partir dun depósito de augas ou a construción do Parque da Balea e doutras áreas de lecer infantil.

## Puntos de recarga vehículos eléctricos

O aparcamento situado no subsolo da Biblioteca de Galicia, ao que se accede desde o aparcamento nº2, conta desde 2021 con estacións de recarga de vehículos eléctricos, destinados a persoal traballador do complexo da Cidade da Cultura que conte con tarxeta de acceso a dito aparcamento subterráneo.

A instalación destes puntos de recarga contou co apoio do Programa Estatal de Incentivos á Mobilidade Eficiente e Sostible (Programa MOVES II) ano 2020 e co cofinanciamento da Unión Europea a través do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

## Iluminación exterior de Nadal

Os espazos exteriores volveron lucir en decembro coa iluminación de Nadal inspirada nun ceo cargado de estrelas, que guía ás persoas visitantes a través do complexo. En 2021, a instalación completouse coa iluminación da nova rúa que discorre entre a Biblioteca de Galicia e o Xardín do Teatro e o Edificio Fontán, que se suma ás luces xa instaladas nas outras rúas do complexo, o edificio do Museo Centro Gaiás, o Parque da Balea ou o Bosque de Galicia, co obxectivo de que o Gaiás se poida contemplar tamén na noite compostelá como unha nova porta iluminada.



## 02/ ACTIVIDADE CULTURAL

**A** Cidade a Cultura de Galicia pecha 2021 acadando un máximo histórico no número de participantes nas actividades do seu programa cultural, cun total de 242.910 persoas, o que representa un incremento de máis dun 20% respecto ao 2019, último ano antes de pandemia.


A cifra inclúe todas as persoas que asistiron a actividades organizadas pola Cidade da Cultura, aínda que se desenvolveran en centros ou espazos diferentes aos do Gaiás. Precisamente, unha das razóns que explica este incremento é o programa de itinerancias –con 29.825 participantes–, que permitiu exhibir mostras en Ourense, Pontevedra, Vigo e A Coruña, ampliando o radio de actuación da Cidade da Cultura. Exposicións como *Galicia. De Nós a nós* ou *As miradas de Isaac* circularon por diferentes centros da Comunidade.

A segunda razón foi o incremento das actividades online –con 14.446 participantes–, que recibiu un impulso co obxectivo de que as medidas que limitaban a asistencia presencial non supuxesen unha barreira para achegar contidos ao público. Por último, o terceiro motivo atópase no éxito

de afluencia dalgunha das propostas de 2021, como Faraón. Rei de Exipto. A exposición, organizada en colaboración coa Fundación “la Caixa” e con fondos do British Museum, rematou coa cifra máis elevada de visitantes da primeira década de vida da Cidade da Cultura: preto de 77.000 persoas só en visitas presenciais, o que supón unha media diaria de 621 visitantes durante os case catro meses que estivo aberta ao público.

No balance de 2021, cómpre destacar o labor do Servizo Didáctico, que achegou a preto de 13.000 estudantes de diferentes niveis os contidos das mostras exhibidas no Museo Centro Gaiás. Neste senso, subliñar a importancia do programa de conexións do equipo de guías coas aulas a través de videoconferencias, o que permitiu manter este servizo en marcha mesmo cando os grupos escolares non se podían desprazar.





ACTIVIDADE CULTURAL

## 02.1 / EXPOSICIÓNS E INTERVENCIONS ARTÍSTICAS



### Cinema e emocións. Unha viaxe á infancia

Do 22 de xullo de 2020 ao 10 de xaneiro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar 3

*Cinema e emocións. Unha viaxe á infancia* pon de manifesto como se plasmou a infancia no cinema ao longo dos seus máis de cen anos de historia. A proposta da mostra partiu de La Cinémathèque française e a Fundación "la Caixa" e permitiu ao público experimentar as emocións tal e como as vivimos durante os nosos primeiros anos de vida.

Na exposición puidemos ver fragmentos de películas de diferentes xéneros, épocas e latitudes, ademais de debuxos, storyboards, fotografías de rodaxe, carteis, maquetas ou obxectos senlleiros como un sombreiro e dúas pipas do director francés Jacques Tati, unha estatua de King Kong de máis de dous metros, ou unha vasoira Nimbus 2000 do filme *Harry Potter e a pedra filosofal*. As pezas chegaron ao Gaiás das coleccións de La Cinémathèque française, unha das mellor valoradas do mundo no ámbito cinematográfico, así como dos fondos persoais dalgúns cineastas e coleccionistas.

**Datas:** Do 22 de xullo de 2020 ao 10 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 3

**Horario:** De martes e domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Gabrielle Sébire

**Organiza:** Fundación "la Caixa" e La Cinémathèque Française

**Colabora:** Xunta de Galicia

**Deseño:** Mamen Domingo e Ernest Ferré, arquitectos

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 1.450 persoas en 2021 (21.735 persoas en total)



## Galicia. De Nós a nós

Do 2 de outubro de 2020 ao 17 de xaneiro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar 2

*Galicia, de Nós a nós* foi á a exposición máis ambiciosa realizada ata agora sobre a revista *Nós* e a Xeración que leva o seu nome. Propúxose como obxectivo amosar ante a sociedade a transcendencia do que, xunto ao Rexurdimento, é probablemente o momento histórico máis relevante de conformación da cultura e da identidade galega.

Foi a segunda das tres grandes exposicións programadas pola Xunta de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22, despois de *Galicia, un relato no mundo*, na que se abordaban os grandes fitos da historia de Galicia. Esta nova exposición puxo o foco na Xeración Nós para continuar esa viaxe, e levarnos desde o tempo dos considerados pais do galeguismo contemporáneo ata os nosos días. O proxecto reivindicou a vixencia de principios defendidos pola Xeración Nós, como a dimensión universal da cultura galega, a necesidade de ter unha voz propia no mundo e o carácter aberto e integrador de Galicia.

### ITINERANCIAS

**Ourense | Do 24 de febreiro ao 18 de abril de 2021**

**Espazo:** Centro Marcos Valcárcel e Sala de Exposicións Afundación en Ourense

**Asistencia:** 7.230 persoas

**Colaboración:** Afundación e Deputación de Ourense

**Pontevedra | Do 21 de maio ao 11 de xullo de 2021**

**Espazo:** Museo de Pontevedra

**Asistencia:** 2.645 persoas

**Colaboración:** Deputación de Pontevedra

**Datas:** Do 2 de outubro de 2020 ao 17 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 2

**Horario:** De martes e domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Afonso Vázquez-Monxardín Fernández e Ana Acuña Trabazo

**Organiza:** Xunta de Galicia e Deputación de Ourense

**Deseño:** Álvaro Valiño

**Asesoría:** Pepe Barro

**Tipografía:** Marcos Dopico

**Interactivos:** Xoia Software Development

**Audiovisual:** Miramemira

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia presencial:** 2.577 persoas en 2021 (14.683 persoas en total)

**Asistencia en liña:** 737 persoas en 2021 (4.485 asistentes en total)

### CATÁLOGO

**Deseño:** Miguel Anxo Carvalho.

**Textos:** Afonso Vázquez Monxardín, Ana Acuña, Anxo Angueira, María Xosé Fernández Cerviño, Miguel Anxo Seixas Seoane, Olívia Rodríguez, Xosé Manuel Núñez Seixas e Xusto Beramendi.

**Fichas:** Amando Ordás, Aser Álvarez, Augusto Pérez Alberti, Bernardo Máiz, Dolores Vilavedra, Henrique Monteagudo, José M<sup>o</sup> Eguileta Franco, M<sup>a</sup> Victoria Carballo Calero, María Jesús Lorenzo Modia, María Luísa Sobrino, Antonio Raul del Toro, Rosario Álvarez, Xavier Castro, Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Pousa e Carlos Bernárdez.

**Fotografías:** Ovidio Aldegunde.

**Tirada:** 1.000 exemplares. 284 páxinas.

Edición bilingüe galego-castelán con separata en inglés.



## As miradas de Isaac

Do 6 de novembro de 2020 ao 30 de maio de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar 1

Coincidindo co centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, concibiuse unha exposición que se achegou á súa desbordante personalidade e ao seu amplo e polifacético labor, sempre desde unha visión integradora e unha firme defensa dos valores máis auténticos de Galicia, aos que se entregou sen descanso ao longo da súa fértil existencia.

Foi unha exposición que pretendeu lembrar a un personaxe único, que abordou múltiples disciplinas, tanto as relativas ao mundo da arte como ás do intelecto, ás técnicas ou ás industriais, e sacou adiante importantes iniciativas que acadaron un salientable papel no conxunto da cultura galega do século XX. Unha mostra que procurou, ademais, expresar a excelencia humana de Díaz Pardo, posiblemente un dos personaxes máis homenaxeados, admirados e queridos da historia recente de Galicia.

Para aproximármonos ao seu singular universo, a mostra estivo composta por obras de arte, obxectos persoais, fotografías, textos, murais, cerámicas, documentos e proxeccións, distribuídos e repartidos ao longo de dez seccións. A través deles analizáronse e divulgáronse o home e a súa obra: a importancia do pai –Camilo Díaz Baliño– no desenvolvemento da súa personalidade; a infancia e mocidade compostelá; a faceta de pintor, que deixou unha profunda pegada en todas as súas realizacións; o seu contacto co exilio e o seu compromiso pola recuperación da memoria histórica; o labor como escritor; os emprendementos empresariais, con Sargadelos como insignia das súas realizacións industriais; as iniciativas culturais e investigadoras, entre as que cabe destacar o Seminario de Sargadelos ou o Instituto Galego de Información; o deseñador industrial que proxectou máquinas, porcelanas, mobles ou Edicións do Castro; o editor imparable; e finalmente o recuperador –con Luís Seoane– da vangarda artística galega anterior á Guerra Civil, coa posta en marcha do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside.



**Datas:** Do 6 de novembro de 2020 ao 30 de maio de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1

**Horario:** De martes e domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Camilo e Xosé Díaz Arias de Castro

**Audiovisual:** Cecilia Díaz Betz e Jordi Cussó

**Comité asesor:** Fernando Arribas Arias, Daniel Beiras García-Sabell, Carmela Montero García, Teresa Pena Moreda, Iria-Friné Rivera Vázquez, Rosario Sarmiento Escalona, Andrés Varela Martínez, Ramón Villares Paz

**Asistencia presencial:** 8.277 persoas en 2021 (15.397 persoas en total)

**Asistencia en liña:** 2.812 persoas (didácticas escolares e público xeral)

**Covid-19:** Esta exposición viuse afectada pola entrada en vigor do Decreto 8/2021 e orde de 26 xaneiro de 2021 que estableceu o cese das actividades culturais entre o 27 de xaneiro e o 17 febreiro de 2021. Para facilitar o acceso daquelas persoas que non puideron visitar a mostra neses días, decidiuse prorrogar a súa clausura, prevista para o 4 de abril, ata o 30 de maio. Ademais, realizouse unha visita virtual á exposición, que permite que esta siga sendo accesible en liña tra a súa clausura.

### CATÁLOGO

**Deseño:** Xosé Díaz Arias de Castro.

**Textos:** Andrés Varela Martínez, Camilo Díaz Arias de Castro, Carmela Montero, Charo Portela, Daniel Beiras García-Sabell, Esperanza Mariño Dávila, Fernando Arribas, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Iria Friné Rivera Vázquez, Ramón Villares, Rosario Sarmiento, Teresa Pena, Xosé Díaz Arias de Castro, Xosé Ramón Fandiño Veiga Fotografías do Archivo Familia Díaz Arias de Castro, Xurxo Lobato, Juan Rodríguez e Ovidio Aldegunde.

**Tirada:** 1.000 exemplares. 352 páxinas.

Edición bilingüe galego-castelán con separata en inglés.

### ITINERANCIAS

**A Coruña | Do 29 de xuño ao 28 de agosto de 2021**

**Espazo:** Sala de Exposicións sede Afundación A Coruña

**Colaboración:** Afundación

**Asistencia:** 4.010 persoas

**Vigo | Do 23 de setembro ao 27 de novembro de 2021**

**Espazo:** Sala de Exposicións sede Afundación Vigo

**Colaboración:** Afundación

**Asistencia:** 1.864 persoas

### PROXECTO WEB: ISAAC DÍAZ PARDO, MEMORIA VIVA

**Data:** Publicación e presentación pública o 7 de decembro de 2020

**Espazo:** En liña

**Dirección e contidos:** María América Díaz Pampín

**Deseño:** Costa Comunicación Audiovisual

Da man de María América Díaz Pampín, unha das principais estudosas da figura de Isaac Díaz Pardo, púxose en marcha un repositorio en liña para recoller dixitalmente toda a súa vida e obra: bibliografía, entrevistas, documentais, fotografías, epistolario, ideas... O obxectivo deste proxecto é manter vivo o pensamento e legado de Díaz Pardo e divulgalo ao maior número de persoas posible. Este espazo en liña complementou ademais os contidos da exposición, tendo continuidade máis alá da súa clausura.

### VISITA VIRTUAL

Tras o remate da exposición, publicouse unha visita virtual da mesma, que permite percorrela en 360°, de xeito permanente, en liña.



## A distancia da imaxe VII Concurso de proxectos artísticos do EAN9

Do 12 de novembro de 2020 ao 7 de marzo de 2021 | Torres Hejduk

Este proxecto converteu as Torres Hejduk nun depósito de imaxes, pegadas e memorias do Camiño de Santiago, a través dun rexistro fotográfico e sonoro que convida a reflexionar sobre as miradas e os relatos da experiencia do Camiño. A intervención sumou ás pegadas que o Camiño deixa no territorio e nos peregrinos –desde o relato oficial nas enciclopedias e guías de viaxe ata as marcas no propio corpo– un novo tipo de evidencia: un depósito de imaxes que despraza e amplía a idea dun relato hexemónico do Camiño. Construíuse este rexistro a través de tres eixos: a experiencia dos artistas durante o Camiño –recollida nun fotolibro–, unha recolección de imaxes icónicas do Camiño, e unha serie de entrevistas realizadas na praza do Obradoiro. O arquivo estivo nas Torres Hejduk da Cidade da Cultura de forma que todos os peregrinos que chegaron a Compostela puideron ampliar a súa experiencia visitando esta exposición construída en base ás experiencias dos artistas e dos seus compañeiros de camiño.

Adiada a súa inauguración –que sempre coincide coa celebración en verán do Encontro de Artistas Novos– a proposta escollida entre a selección da novena edición do EAN para o VII Concurso de proxectos artísticos tivo que esperar para poder materializarse ata novembro de 2020, dado que para a súa creación era preciso poder facer o Camiño de Santiago, cousa que non foi posible durante o primeiro semestre do 2020.

**Datas:** Do 12 de novembro de 2020 ao 7 de marzo de 2021

**Espazo:** Torres Hejduk

**Artistas:** Marius Ionut Scarlat (Romanía) e Felipe Romero Beltrán (Colombia)

**Patrocina:** Fundación Banco Sabadell

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Covid-19:** Esta intervención viuse afectada pola entrada en vigor do Decreto 8/2021 e orde de 26 xaneiro de 2021 que estableceu o cese das actividades culturais entre o 27 de xaneiro e o 17 febreiro de 2021.



## O perpetuo tránsito cara ao presente

Do 22 de marzo de 2020 ao 8 de agosto de 2021 | Torres Hejduk

Esta intervención paisaxística de Miguel Moreno Mateos (Madrid, 1978) materializouse nas Torres Hejduk unha alegoría do proceso de crecemento vital, unha viaxe metafórica polas transformacións que nos definen como persoas, que nos unen e diferencian dos demais e nos ligan ou nos separan do ecosistema.

A auga foi o elemento que deu a vida en sentido real e figurado a esta instalación: percorrendo un conxunto de 17 contedores de vidro e látex, adaptándose ás súas formas, atravesando as súas canles, como veas e condutos dun sistema complexo e interconectado. Esta instalación facía referencia así ao organismo que somos e do que formamos parte, un ecosistema interdependente onde a sinerxía é o mecanismo que une todos os elementos para que o conxunto siga funcionando. Do mesmo xeito que un ecosistema complexo, esta instalación non funcionaría sen os seus elementos, nin os seus elementos sen o sistema.

Nesta intervención podíase interpretar tamén un símbolo Camiño: unha experiencia que purifica á vez que permite ir absorbendo e incorporando vivencias que transforman ou permiten emprender novas etapas e proxectos; do mesmo xeito que a auga que chegaba á torre de cristal e daba vida en forma de sementes incipientes, que xermolaban dando lugar a algo que será futuro.

**Datas:** Do 22 de marzo ao 8 de agosto de 2021

**Espazo:** Torres Hejduk

**Artista:** Miguel Moreno Mateos

**Patrocina:** Viaqua

**[Programación Xacobeo 21-22]**



## Os brancos segredos do seu ventre

Do 18 de marzo ao 5 de setembro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar 3

*Os brancos segredos do seu ventre* amosou unha escolma de 53 obras procedentes da Fundación RAC e realizada por Bea Espejo. Esta exposición exhibiu por vez primeira en Galicia, fóra da súa sede en Pontevedra, unha selección desta colección, unha das máis importantes de arte contemporánea en Galicia. A mostra convidou a pensar dun xeito visual e a adestrar a nosa capacidade de descubrir, xerar, e desenvolver ideas de maneira intuitiva, tentando expresarnos, non á través da palabra senón a través da imaxe.

A Fundación RAC, fundada por Carlos Rosón, atesoura máis de trescentas obras de 170 artistas, entre os que se atopan algúns dos nomes máis relevantes da creación actual, tanto nacional como internacional. Declarada Ben de Interese Cultural (BIC) pola Xunta de Galicia, esta colección é unha das máis relevantes de España no eido da arte contemporánea.

Bea Espejo optou para este proxecto por una reflexión sobre a cor á vez que se inspirou no propio proxecto arquitectónico de Peter Eisenman, quen a través das páxinas da obra mestra de H. Melville, *Moby Dick*, imaxinou para o Gaiás un museo con "esqueleto de cetáceo", por cuxo ventre branco esta exposición provocou que a arte despregase o seu universo de cores. Trátase dunha metáfora visual que encaixa perfectamente coa idea de viaxe e coñecemento encerrado que ten de seu a obra de arte. Tamén revela os segredos que pode albergar un museo no seu interior.





**Datas:** Do 18 de marzo ao 5 de setembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 3

**Horario:** De martes e domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Bea Espejo

**Colabora:** Fundación RAC

**Asistencia presencial:** 33.748 persoas

**Asistencia en liña:** 75 asistentes (didácticas escolares e público xeral)

#### Presentación do catálogo na Feira de Arte Contemporánea

**ARCO MADRID:** O sábado 10 de xullo tivo lugar no marco de ARCO a presentación do catálogo da exposición ante o sector profesional da arte contemporánea.

**Visita da Asociación 9915:** O día 2 de setembro visitou a exposición a xunta directiva da Asociación 9915 de coleccionistas privados de arte contemporánea.

#### CATÁLOGO

**Deseño:** Santiago Carballal.

**Textos:** Ignasi Aballí e Bea Espejo. 170 fichas dos/as artistas da Colección Carlos Rosón, realizadas por Mariano Mayer.

**Fotografías realizadas na sala de exposicións:** Jaime Olmedo. Resto de fotografías: Luis Azanza, Roman März, Edouard Fraipont, Pat Kilgore, Fernando Suárez, Enrique Touriño, Rosendo Cid, Santiago Carballal. Fotografías de Tacita Dean por cortesía de Niels Borch Jensen Editions e Bernal Espacio Galería.

**Tirada:** 500 exemplares. Tamaño: 188 x 240 mm. (vertical, ancho x alto, cerrado). Interiores: 352 páxinas.

#### VISITA VIRTUAL

Tras o remate da exposición, publicouse unha visita virtual da mesma, que permite percorrela en 360°, de xeito permanente, en liña.



## Faraón. Rei de Exipto

Do 26 de marzo ao 15 de agosto de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar 2

*Faraón: Rei de Exipto* foi unha exposición destinada a explorar o simbolismo e o ideario da monarquía exipcia e a desvelar as historias que se ocultan detrás dos obxectos e das imaxes que deixan como herdanza esta antiga civilización. A mostra chegou á Cidade da Cultura da man da Fundación "la Caixa" e o British Museum –en colaboración coa Xunta de Galicia e no marco do Xacobeo 21-22– con 140 pezas da colección do prestixioso museo británico.

Dividida en nove ámbitos, examinaba a figura do monarca exipcio desde todos os puntos de vista: como ser divino, situado no centro da estrutura social, ao redor

do cal se artellan símbolos e crenzas que van máis aló da existencia terreal; na súa vida de palacio, rodeado pola súa familia; como gobernante e como guerreiro, e mesmo pon de relevo as diferentes orixes dos faraóns. A mostra supuxo, en definitiva, unha oportunidade de coñecer as realidades da vida no val do Nilo e descubrir a fascinante historia que rodea os Señores das Dúas Terras, encargados de protexer Exipto dos inimigos e de garantir a orde no universo.



A mostra estivo comisariada por Marie Vandenbeusch –comisaria do Departamento do Antigo Exipto e Sudán do British Museum, onde se encarga do desenvolvemento de exposicións itinerantes e traballa na investigación das prácticas funerarias e máxicas do antigo Exipto– contando como comisario adxunto con Neal Spencer –antigo conservador do mesmo departamento do British Museum e actualmente subdirector de Coleccións e Investigación no Museo Fitzwilliam de Cambridge–.

**Datas:** Do 26 de marzo ao 15 de agosto de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 2

**Horario:** De martes e domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Marie Vandenbeusch

**Organiza:** Fundación “la Caixa” e British Museum

**Colabora:** Xunta de Galicia

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia presencial:** 76.367 persoas

**Asistencia en liña:** 5.217 asistentes (didácticas escolares e público xeral)



### III Reb/veladas na paisaxe

Do 1 de maio ao 31 de outubro de 2021 | Bosque de Galicia

A Cidade da Cultura continúa con esta iniciativa que busca fomentar a perspectiva de xénero dentro da creación contemporánea, desta volta cunha especial pegada de temática xacobeá, a través de tres *"site-specific"* nos espazos naturais do Gaiás.

**Datas:** Do 1 de maio ao 31 de outubro de 2021

**Formato:** Actividade presencial

**Espazo:** Bosque de Galicia

**Comisariado/artista:** María Marco Covelo, Amaya González Reyes, Violeta Janeiro Alfageme, María Xosé Díaz, Elena Bangueses, Alexandra Rodríguez Rey e Thomas Apostolou

**Deseño soportes:** Cenlitrosmetrocadrado  
[Programación Xacobeo 21-22]

**Elena Bangueses | Comisaria**  
**Alexandra Rodríguez Rey**  
**e Thomas Apostolou. | Artistas**

Metáforas: pegadas dun percorrido

Percorrendo unha escolma de tramos dos cinco camiños principais cara a Santiago, os artistas rexistraron sobre o cobre puntos de contacto coa contorna. Colocaron o material entre eles mesmos e os lugares que tocaron, por onde camiñaron, onde sentaron ou se apoiaban. Esta aproximación atenúa a liña entre o físico e metafórico do Camiño, reflectindo a dualidade entre moverse por unha paisaxe e levar consigo a súa pegada. O que se interpón entre o individuo e a paisaxe convértese nun lugar onde a realidade subxectiva e obxectiva se comprime, conformando o espazo de meditación onde se produce a viaxe.



**María Marco Covelo | Comisaria**  
**Amaya González Reyes | Artista**

Ousadía. A liña da vida  
 (Homenaxe a Félix González Torres)

Inspirándose nos tratados quirománticos escritos á luz do Camiño de Santiago no s. XII que interpretaban o futuro nos debuxos das liñas da man, a artista, nun xiro radical de escala, montou nun valado publicitario unha fotografía das súas propias liñas. A súa lectura contrastou dúas cosmogonías: a que arma que o noso camiño está escrito —un determinismo mecanicista que entraña a anulación da nosa vontade individual— e outra, indeterminista, que cre na liberdade e na elección consciente do noso destino. Esta peza, íntima e universal, funcionou como un artefacto filosófico que lle lanza unha pregunta ao espectador: o noso camiño está xa escrito?

**Violeta Janeiro Alfageme | Comisaria**  
**María Xosé Díaz | Artista**

Cantas maneiras hai de poñer un corpo a pensar?  
 E cantos paxaros haberá

Nove corpos poliédricos orixínanse no particular universo da biografía de María Xosé Díaz, quen proxectou nesta escultura viva a lembranza dunha paisaxe desaparecida e, con ela, o conxunto de lugares e situacións que se estruturaban desde o coidado e os afectos da súa comunidade. Os paseos e derivas que marcan a experiencia do Camiño de Santiago caracterizan os modos de facer da artista, que atopa no corpo en movemento un xeito de recuperar unha memoria sentimental, e no contacto coa natureza, o alivio dunha sociedade obstinada ao rendemento.



## Zapatos no Camiño. Francisco Leiro

A partir do 9 de xullo de 2021 | Bosque de Galicia

O Bosque de Galicia acolle desde o 9 de xullo a intervención escultórica de Francisco Leiro, *Zapatos no Camiño*, composta de tres pezas realizadas en diferentes materiais, que desde preto do cumio do Monte Gaiás establece un diálogo visual coa Catedral de Santiago e a Vía da Prata, que discorre paralela ao complexo na súa entrada á capital de Galicia. Esta intervención escultórica contemporánea contribúe a consolidar o atractivo natural e de lecer que xa posúe o Bosque de Galicia, cunha obra dun dos creadores de Galicia máis destacados de todos os tempos, cunha produción plástica inconfundible.

Producidas con materiais perdurables e cunha concepción formal conectada coa contorna natural na que se sitúan, co Camiño de Santiago como marco contextual, as esculturas realizadas por Leiro representan tres zapatos

de peregrino: un realizado en granito, outro en formigón e outro en ferro fundido, tendo os tres unhas dimensións de ao redor dos dous metros, para poder contemplarse desde a distancia. Os zapatos convértense neste caso en obxectos humanizados que simbolizan o esforzo e a vontade do camiño percorrido, mentres que a súa concepción formal chama á interactividade cos visitantes, podendo ser empregados como obxectos de descanso por parte do público.

**Datas:** A partir do 9 de xullo de 2021

**Espazo:** Bosque de Galicia

**[Programación Xacobeo 21-22]**





## Galicia futura. Todo o que imos ser

Do 14 de xullo de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022 | Museo Centro Gaiás. Andar 1

*Galicia futura* foi o terceiro gran proxecto expositivo da Xunta de Galicia na Cidade da Cultura con motivo do Xacobeo 21-22 e pechou o ciclo iniciado con *Galicia, un relato no mundo* e *Galicia, de Nós a nós*. Esta exposición artellábase ao redor da pregunta "como imaxinas ti a Galicia futura?", a través dun suxestivo diálogo entre arte e ciencia, entre tecnoloxía e creatividade. A mostra propúxose tomar o pulso do presente para propoñer un percorrido por fitos e ideas innovadoras que xa están a marcar os vieiros do porvir da nosa comunidade en diferentes campos. Exploraba así un futuro desexado e posible, partindo do traballo que están a desenvolver a día de hoxe diferentes profesionais e grupos de vangarda.

Amosar o que se está a facer desde distintas áreas do coñecemento, facer visible como as conexións entre os diferentes campos do saber nos permiten comprender a súa progresión, e procurar as claves e estratexias que están a configurar o porvir de Galicia foron os obxectivos dunha mostra viva, que quixo transcender as paredes do Museo Gaiás e impulsar procesos creativos propios. Por iso, exhibiu pezas artísticas creadas especificamente para este proxecto por destacados nomes das artes plásticas, as letras, o audiovisual, a ciencia, a escena, o deseño ou a música galega, que contribuíron á visión diversa e coral que ofreceu a exposición.





**Datas:** Do 14 de xullo de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1

**Horario:** De martes e domingo de 10 a 20 h.

**Comisario:** Deborah García Bello e Miguel Ángel Cajigal Vera

**Consello científico asesor:** María D. Mayán Santos, Moisés Canle López, Carlos Salgado, Edita de Lorenzo Rodríguez, María Loureiro García, Carlos Quintáns, María García Alén, Lucía Freitas, Nuria Carballo, Xosé Manuel Núñez Seixas, Sofía (Wöyza) Trigo Piñeiro, Oliver Laxe, Patricia García, Juan Luis Méndez, Cesáreo González Pardal, Marisa Calderón, Ismael Faro e Guillermo López Taboada.

**Artistas que elaboraron obra ad hoc para a exposición:** Rubén Ramos Balsa, Oliver Laxe, Marta Pazos, Vitor Mejuto, Juan Lesta, Noemí Chantada, Matías Tarrío, María Núñez, Manuel Marcos Martínez, María Gutiérrez, Damián Uceda, Estibaliz Espinosa, Miguel Robledo, Lucía Estévez, María Lado, Lucía Aldao, Giovanna Lopalco, Sofía Trigo (Wöyza), Manuel Vázquez, Xulia Pisón, Clara Cerviño, Xan Sabarís, Rober Amado e Lucía García Rey.

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia presencial:** 35.902 persoas en 2021

**Asistencia en liña:** 350 persoas

## CATÁLOGO

**Deseño:** Costa.

**Textos:** Miguel Angel Cajigal Vera, Deborah García Bello, María Loureiro, Carlos Quintáns, Carlos Salgado, Wöyza, David Barro, Moisés Canle, Juan Luis Méndez, Lucía Freitas, Oliver Laxe, María García Alén, Cesáreo Pardal, María Mayán, Edita de Lorenzo, Nuria Carballo, Patricia García, Guillermo López Taboada, Ismael Faro, Manuel Vázquez, Costa Comunicación, Xosé Manuel Núñez Seixas, Marisa Calderón.

**Tirada:** 1.000 exemplares. Edición: Galego/castelán/ inglés. Encadernación en rústica con solapas, 320 páxinas, 220 x 250 mm.



## En terra firme VIII Concurso de proxectos artísticos do EAN10

Do 26 de agosto de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022 | Torres Hejduk

Aludindo á xeometría da luz do faro e situando no centro da intervención o percorrido vital das propias persoas visitantes, esta instalación partiu das múltiples connotacións da viaxe marítima e do concepto de luz como símbolo de transformación a nivel interior. Esta proposta creativa de Ana Núñez Rodríguez (Lugo, 1984) e Sebastián Sandoval Quimbayo (Bogotá, 1986) resultou gañadora do VIII Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocado en 2020 entre os e as participantes do X Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN10). O certame está enmarcado na programación do Xacobeo 21-22 e conta coa colaboración da Fundación Banco Sabadell.

Os faros non só foron testemuñas de infinidade de historias sobre a peregrinación, senón que tamén sinalaron o camiño a distintos viaxeiros ao longo da historia. Serviron como sinal para os navegantes, que despois de internarse no inmenso mar agardan ser guiados por este foco ata o seu encontro coa costa. Esta arquitectura convértese na ferramenta que dá aviso ao fin dunha travesía ou á chegada a terra firme, orientando nas circunstancias máis adversas e permitindo que o viaxeiro chegue ao seu

destino. Do mesmo xeito, a instalación tivo como obxectivo guiar ás persoas visitantes da Cidade da Cultura na súa travesía. Aproveitando as propiedades arquitectónicas das torres Hejduk, a torre de cristal transformouse nun sinal luminoso albergando no seu interior un pico dun faro inspirado nas xeometrías do mar e nas formas curvilíneas das fiestras da catedral de Santiago. Así, recreou un escenario da costa que deixou ao alcance do espectador a experiencia perceptiva da parte máis alta dun faro. A torre de pedra apropiouse da paisaxe que rodea este foco para albergar unha instalación audiovisual: unha proxección circular, baseada na linguaxe matemática do alcance de visibilidade en alta mar e as cartas náuticas, reflexionaba sobre o nivel de transcendencia da experiencia da viaxe, guiando ao espectador a partir dunha fórmula trigonométrica polas augas navegables e rexións terrestres rumbo a un horizonte visible.

**Datas:** Do 26 de agosto de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022

**Espazo:** Torres Hejduk

**Artistas:** Ana Núñez Rodríguez, Sebastián Sandoval Quimbayo

**Colabora:** Fundación Banco Sabadell

[Programación Xacobeo 21-22]

# Campus Galicia. Urbanismo e arquitectura nas universidades galegas

Do 5 de outubro de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022 | Edificio Fontán. Sala de eventos

A exposición *Campus Galicia* tivo como obxectivo realzar a valía do patrimonio universitario galego abrindo miradas á súa arquitectura. A mostra estivo centrada na dimensión histórica, urbanística e arquitectónica dos campus galegos, pero incorporando tamén a visión vivencial e a contextual. Por unha banda, escolmose para cada recinto galego un conxunto de referencias tipolóxicas, extraídas do panorama universitario nacional e internacional. Pola outra, a descrición de cada campus incorporou referencias poético-vivenciais, ofrecendo así unha interpretación emocional, coherente co sólido vencello que o feito educativo posúe coa dimensión humana. Mediante textos, planos e fotografías, despregouse un itinerario vivido ao pé do terreo, impulsado polo afán de enxalzar o galano patrimonial que nos brindan os 14 recintos universitarios de Galicia.

O comisariado da mostra correu a cargo de Pablo Campos Calvo-Sotelo, doutor arquitecto, doutor en Educación, catedrático de Composición Arquitectónica (Universidad San Pablo CEU) e académico da Real Academia de Doutores de España. Desde 1989 proxecta e investiga a arquitectura das universidades. Escribiu 16 libros e máis de 80 artigos sobre a materia e ten impartido conferencias en prestixiosas institucións internacionais. Autor do concepto "Campus didáctico", deseñou numerosos plans directores para recintos universitarios, dentro e fóra de España. O proxecto do Campus de Villamayor (Universidad de Salamanca) obtivo o 1º premio Internacional de Arquitectura Educativa Designshare (Nova York). En 2021 e 2020, respectivamente recibiu os premios Educatio Leadership Award, outorgado polo World Education Congress, e International Innovative Research Award in Architecture of Education, outorgado pola International Society for Scientific Network, pola súa contribución á investigación en educación a escala internacional.


**Datas:** Do 5 de outubro de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022

**Espazo:** Edificio Fontán. Sala de eventos

**Horario:** De luns a domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Pablo Campos Calvo-Sotelo

**Colabora:** Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo





## Castillo, escultor

Do 20 de outubro de 2021 ao 20 de febreiro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 2

A exposición *Castillo, escultor* mergullounos na arte de Jorge Castillo Casalderrey (Pontevedra, 1933) para pór en valor a obra escultórica deste artista galego de relevancia e traxectoria internacional. Malia ser a súa faceta creativa máis descoñecida, a escultura de Jorge Castillo comparte a grandeza da súa obra pictórica e permítenos afondar no seu proceso artístico. Nela estiveron presentes aspectos basilares no conxunto da obra do artista, como a atención á natureza humana, á metafísica do ser, como obxecto primordial de estudo.

Foi unha oportunidade única para coñecer a escultura de Jorge Castillo, pois tratouse da súa primeira exposición centrada integramente nesta faceta artística, e que percorreu de xeito retrospectivo toda a traxectoria do autor.

A través dunha escolma de 120 obras –na súa meirande parte esculturas, pero tamén relevos, augafortes, acrílicos ou gravados–, a mostra percorreu a súa extensa traxectoria, con máis de seis décadas en activo, e as súas diferentes etapas creativas, incluíndo recentes obras de gran formato e arxilas datadas nos últimos cinco anos.

A exposición estivo comisariada por Pilar Corredoira, historiadora da Arte Contemporánea, comisaria de exposicións, investigadora no eido da arte galega dos séculos XX e XXI e unha das maiores coñecedoras da traxectoria e persoal universo creativo de Jorge Castillo.



**Datas:** Do 20 de outubro de 2021 ao 20 de febreiro de 2022

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, andar 2

**Horario:** De martes a domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Pilar Corredoira

**Asistencia:** 8.579 persoas en 2021

#### CATÁLOGO

**Deseño:** Táktika Comunicación.

**Textos:** Pilar Corredoira (Castillo escultor / Castillo escultor)

Yolanda Quirós: (Atopos / Átopos), Jorge Castillo (Lapis e papel / Lápis y papel - Cronología/ Biografía de Jorge Castillo).

**Fotografías:** Manuel Quirós, Daisuke Kato, Daniel Loewe, José Luis Municio, Manuel G. Vicente, Taggio Castillo Binetti, Héctor Noguera Castillo, Yolanda Quirós.

**Tirada:** 600 exemplares. Formato : 29 x 30 cm (pechado).

Edición: Galego/ castelán/ inglés.



## O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra

Do 27 de outubro de 2021 ao 17 de abril de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 3

*O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra* foi unha exposición que buscou fomentar o encontro transfronteiriño a través da fotografía. Con material procedente de arquivos fotográficos de Portugal e España, tomou como punto de partida a cidade do Porto, para seguir o itinerario do Camiño Portugués ata Compostela.

A exposición estivo conformada por un total de 120 fotografías, 80 históricas e 40 actuais, na que participaron artistas contemporáneos como Carla Andrade, Tono Arias, Antón Buciños, Vari Caramés, Nicolás Combarro, Eva Díez, Jesús Madriñán, Carmenchu Alemán, Juan Manuel Castro Prieto, Luis Vioque ou José Luis Borges.

As fotografías históricas, asinadas por autores como Nicolás Muller, Artur Pastor, Aurélio Paz dos Reis, José Suárez, ou Otto Wunderlich foron cedidas por coleccións como as do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Pacheco, Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra, Arquivo José Suárez, Arquivo Municipal de Lisboa, Arquivo Municipal do Porto, Fondo Nicolás Muller do Arquivo Regional de la Comunidad de Madrid, Bildarchiv Foto Marburg, Centro Portugués de Fotografía, Colección Roisin do IEFEC, Fototeca del Patrimonio Histórico, Library of Congress ou o Museo de Pontevedra.



A exposición estivo comisariada por Lucía Laín, fotógrafa e documentalista, licenciada en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid. Desde 1994 traballa en proxectos documentais, editoriais e expositivos.

**Datas:** Do 27 de outubro de 2021 ao 17 de abril de 2022

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 3

**Horario:** De martes e domingo de 10 a 20 h.

**Comisariado:** Lucía Laín

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 9.933 persoas en 2021

#### CATÁLOGO

**Deseño:** Numax.

**Textos:** Lucía Laín.

**Tirada:** 1.000 exemplares.

Edición galego / castelán / inglés / portugués. Extensión : 230 páxinas. Formato 210x225mm. Encadernación en tapa dura con lombo.



## Xacobeo. As pegadas do Camiño [Itinerancia Madrid]

Do 10 de novembro de 2021 ao 6 de febreiro de 2022 | Biblioteca Nacional de España, sala Recoletos Madrid

*Xacobeo. As pegadas do Camiño* é un proxecto expositivo realizado en colaboración coa Biblioteca Nacional de España e Acción Cultural Española e baixo o comisariado de Darío Villanueva. Nesta exposición explórase a riqueza dos testemuños que o Camiño de Santiago deixou desde a Idade Media tanto nas coleccións da Biblioteca Nacional como noutras institucións culturais españolas e de fóra de España. O obxectivo da mostra é subliñar a vocación euro-peísta que distinguiu desde o principio fenómeno xacobeo, verdadeira columna vertebral que sustentou ao longo dos tempos a diversidade e pluralidade dos distintos pobos europeos cunha cultura compartida, e que levou a que o Camiño de Santiago fose no 2004 merecedor do premi Príncipe de Asturias da Concordia.

A exposición amosa unha selección de pezas significativas das diferentes facetas do camiño: histórica, cultural, artística, literaria, sociolóxica, política, antropolóxica, xeográfica, paisaxística e vivencial. Todas estas son as diferentes pegadas que o Camiño produce sobre as persoas que o transitan. A exposición está dividida en cinco grandes ámbitos, cada un dos cales responde a unha das acepcións da palabra "pegada".

Tras a súa exhibición en Madrid, amosarase no Museo Centro Gaiás do 11 de marzo ao 29 de maio de 2022.

**Datos:** Do 10 de novembro de 2021 ao 6 de febreiro de 2022

**Espazo:** Biblioteca Nacional de España, sala Recoletos Madrid

**Comisariado:** Darío Villanueva

**Comité científico:** Carmen Manso, Juan Monterroso, Paolo Caucci von Sauken e Xosé Luis Barreiro

**Deseño museográfico:** Anne Alcubierre, Espai e

**Colabora:** Biblioteca Nacional de España e Acción Cultural Española

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 11.315 persoas en 2021

### CATÁLOGO

**Editado por Biblioteca Nacional de España e Xunta de Galicia.**

**Textos:** Darío Villanueva, Xosé Luis Barreiro Rivas, Paolo Caucci von Saucken, Carmen Manso Porto, Juan Manuel Monterroso, Klaus Herbers, Mario Crecente, Andrés Torres Queiruga, Xosé Manuel Villanueva Prieto, Rocío Sánchez Ameijeiras, Ramón Yzquierdo Perrín, Francisco Singul Lorenzo e Carlos Villanueva Abelairas.

**Edición de textos, tradución, fotomecánica, deseño e maquetación:** Alejandra Yadira Rodríguez Puente Acción gráfica XPO&ED.

**Impresión:** Mangraf.

**Edición:** Castelán/ Galego. Tamaño: 21, 5 x 27, 5 cm.



## 02.2 / RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO GAIÁS. PROGRAMA REGA



### RESIS en residencia *Formas da aparencia* de Verónica Vicente

De marzo a maio de 2021 | Cidade da Cultura e RESIS Festival

Dentro das Residencias Artísticas do Gaiás, REGA, levouse a cabo xunto ao Festival de Música Contemporánea da Coruña RESIS a creación da peza de videoarte *Formas da aparencia* por parte de Verónica Vicente.

A peza foi o resultado dun proceso coreográfico-performativo que explorou o concepto do corpo como volume que anula a súa propia identidade. Exploráronse os límites do corpo a través do movemento de dous bailaríns introducidos total ou parcialmente dentro de dúas pezas. O lugar de traballo foi o espazo reducido desas pezas de roupa; o límite corporal fronte ao do tecido que o envolve, fronte aos cánons ou estereotipos que o aprisionan. A composición musical guiou e motivou os movementos que xurdiron dunha pulsión do corpo entregado ao son, nun achegamento estético á escultura ou á danza.

En palabras de Verónica Vicente, a Cidade da Cultura foi o escenario idóneo para a realización desta peza de videoarte conformada por tres vídeos con tres encadres diferentes en tres escenarios diferentes pero mantendo a unidade formal. A creadora escolleu a Cidade da Cultura polos grandes espazos abertos, brancos e luminosos con luz natural que conforman a súa arquitectura, con encadres amplos e limpos e chans pulidos que ofreceron o reflexo dos bailaríns, aspecto moi importante para o proxecto.

**Datas:** Residencia: Do 2 ao 7 de marzo de 2021

Presentación na Coruña: 22 de abril de 2021

Exhibición en Santiago: do 18 ao 23 de maio de 2021

**Espazo:** Residencia: Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 2

Presentación: Fundación Luís Seoane. A Coruña

Exhibición en Santiago: Museo Centro Gaiás. Andar 1 e 2

**Artistas:** Verónica Vicente: Creadora Visual

Colectivo Globo (Esther Latorre e Hugo Pereira):  
Performance

Macarena Montesinos: Compositora

Hugo Gómez-Chao: Dirección do espazo sonoro

**Organiza:** RESIS Festival de Música Contemporánea, A Coruña

# Clásicas Desfeitas Vol. 1, 2 e 3

Do 28 de febreiro ao 28 de marzo de 2021 | Colaboración co Centro Dramático Galego



ACTIVIDADE CULTURAL

En coprodución co Centro Dramático Galego (CDG) a Cidade da Cultura presentou un programa de revisión dos clásicos da literatura baixo a denominación de *Clásicas Desfeitas*. Este programa materializouse nunha serie de residencias nas que profesionais das artes escénicas pero non especificamente do teatro traballaron a dramaturxia e a posta en escena nunha revisión que mesturaba en cada espectáculo tres obras da literatura universal. Tras este período de acompañamento do equipo de traballo no proceso de creación, o público puido ver unha mostra do resultado final a modo de representación na que unha das máximas era a implicación do espazo arquitectónico do Gaiás como parte fundamental do espectáculo. O espazo arquitectónico non foi só o lugar de acción, senón tamén parte do elenco de cada función. Nestas estadias creativas unha trintena de artistas traballaron con nove textos clásicos para reinterpretalos e ofrecer unhas anovadoras versións.

**Datas:** Do 28 de febreiro ao 28 de marzo de 2021

**Coproduce:** Centro Dramático Galego

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

## Clásicas Desfeitas en liña

Debido a que a súa representación tivo que facerse limitada en número de asistentes pola situación da pandemi, ofreceuse a posibilidade de poder visionar as gravacións das pezas en liña, emitíndose o Volume I, o 1 de maio; o Volume II, o 8 de maio, e o Volume III, o 15 de maio. Puideron verse en aberto na canle de Youtube da Cidade da Cultura ata o día 30 de maio de 2021.

## VOL. 1 / *Prometeo, Fausto, Frankenstein*

O primeiro volume deste programa de residencias xa fora traballado a través dunha coprodución do CDG na cidade de Vigo, polo que esta versión centrouse na adaptación aos espazos arquitectónicos do Gaiás. O Colectivo Nonnon Lab estruturou a proposta a través de tres personaxes pertencentes ao imaxinario colectivo e histórico, configurando un retrato da humanidade moderna. A partir dos textos do mito do Prometeo encadeado de Esquilo, a trágica historia do Doutor Fausto de Marlowe e o Frankenstein de Mary Shelley conformouse un cadáver exquisito, multifacético e atemporal, que moveu e guiou as persoas espectadoras ao redor dun espazo común, permitíndolles verse reflectidas. A premisa desta obra foi a experimentación, polo que se procurou un espazo de reflexión e de diálogo.

**Residencia:** Do 9 ao 12 de marzo de 2021. Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 2

**Representación:** 13 e 14 de marzo de 2021 ás 12h. Torres Hejduk e Galería de servizos.

**Artistas:** Compañía Nonnon Lab.

**Creación:** José Faro, Xacobo Castro, Lucía Estévez, Laura Iturralde e Montse Piñeiro.

**Asistencia:** 28 persoas, 14 en cada sesión



## VOL. 2 / *Antígona, Medea, As Bacantes*

O segundo volume destas residencias artísticas foi o dirixido polo músico Pablo Seoane, que denominou ao seu traballo Phármakon. Phármakon é unha peza musical para viola, corno inglés, óboe, artes visuais e dous actores ou performers, composta a partir das traxedias clásicas Antígona, de Sófocles, Medea e As Bacantes, ambas de Eurípides. A obra indagou en tres aspectos esenciais comúns a todas elas: a relación entre o chibo expiatorio (significado primeiro do termo antes que veneno e medicina) e a comunidade; os inestables límites da identidade persoal; e a clásica iconografía na que adoitan manifestarse tanto esa relación como esa inestabilidade: o corpo desmembrado ou transformado noutra cousa.

**Residencia:** Do 8 ao 14 e do 22 ao 28 de febreiro de 2021. Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 2

**Representacións:** 21 de marzo de 2021 12 h. CINC. Sala de convencións

**Artistas:** Composición e dirección: Pablo Seoane.

**Músicos:** María José Pámpano (viola), Benxamín Otero (corno inglés e óboe).

**Actores:** Raquel Hernández (actriz) e Artús Rei (actor).

**Escenografía e iluminación:** Laura Iturralde.

**Vestiario:** Marte Martinka.

**Asistencia:** 18 persoas



## VOL. 3 / *Orlando, A Consagración da Primavera, O Mito de Sísifo*

Para pechar o ciclo, o terceiro volume foi unha creación de Gena Baamonde, Rut Balbís e Manu Lago. Igual que nas ocasións anteriores, a inspiración deste espectáculo baseouse en textos e obras de autores recoñecidos. Unha ollada compartida sobre o tempo e a identidade inspirada en Orlando de Virginia Woolf (1928), A consagración da primavera de Igor Stravinski (1913) e o Mito de Sísifo de Albert Camus (1942).

**Residencia:** Do 23 ao 27 de marzo de 2021. Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 2

**Representación:** 28 de marzo de 2021 ás 12h. Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Artistas:** Dirección, autoría e dramaturxia: Gena Baamonde, Rut Balbís e Manu Lago.

**Performers:** Cristina Balboa, Sabela Domínguez, Julia Laport, Manu Lago, Verónica Moar, Jas Processor, Andrea Quintana e Paula Quintas.

**Espazo sonoro:** Jas Processor e Cristina Balboa.

**Iluminación:** Afonso Castro

**Asistencia:** 20 persoas

## Residencias CHARCO Galicia - México

Do 2 de xullo ao 20 de novembro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 3

O Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura converteuse nunha das sedes das *Residencias Charco*, unha iniciativa de intercambio artístico que busca afondar na conexión cultural entre España e Latinoamérica. Dúas artistas mexicanas e outras dúas galegas buscaron a súa conexión creativa ás dúas beiras do Atlántico no desenvolvemento de catro propostas artísticas entre Galicia e México. A quinta edición do programa Charco de residencias apoiouse nun proxecto curatorial de Susana González, coordinadora do programa e fundadora de Consultarte, cuxo eixo pivotou sobre o concepto de tránsito coa idea de afondar na conexión entre territorios e no vínculo histórico migratorio, para así propiciar un contexto estimulante cara á creación visual. Nesta empresa convidou a catro artistas mulleres a reflexionar sobre as relacións intercontinentais.

**Datas:** Do 2 de xullo ao 20 de novembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 3

**Comisariado:** Susana González

**Artistas:** Mariana Castillo (Ciudad de México, 1977), Julia Huete (Ourense, 1990, Fritza Irizar (Culiacán, 1977), Carme Nogueira (Vigo, 1970)



ACTIVIDADE CULTURAL

### Artistas galegas en residencia en León, Guanajuato (México)

**Julia Huete** (Ourense, 1990). “As correccións” foi o título escollido por Julia Huete para denominar a peza resultado da súa estadía en Guanajuato: un estudo formal que se desenvolve desde a vontade de comprender o volume. Realizado con cartón corrugado, tea de algodón, plástico e tea de poliéster, inspírase nas solucións de protección, embalaxe e mostra de produtos. En contraste cos traballos anteriores da creadora, emprega materiais non especialmente nobres sobre os que a aplicación do labor industrial xera un diálogo entre o preciso e o “povera”. A elección formal responde a cuestións principalmente intuitivas que conectan con debuxos e composicións anteriores, entre o xeométrico e o orgánico. As cores foron utilizadas de maneira moi puntual e concisa para respectar a unidade que o marrón do cartón dá ao conxunto, e sobre a que se introducen detalles en grises, negros, azuis e fío cor flúor. O título da peza responde ao proceso de traballar con máquinas e expertos e á necesidade de adaptar as figuras e as escalas ao que estas máquinas permitían.

**Carme Nogueira** (Vigo, 1970). Esta creadora multidisciplinar que traballou a crítica corporal, o concepto de identidade ou a intimidade doméstica con respecto á perspectiva de xénero, explora na actualidade os procesos de subxetivización e a función normalizadora dos espazos a través da fotografía e a instalación. Na súa estadía estivo a investigar sobre a cidade e as súas dinámicas de crecemento. Alí tomou como partida a Parroquia do Rosario, un dos primeiros edificios construídos na cidade, cuxa estrutura consta de tres edificacións xuntas. Neste novo proceso artístico, Nogueira realizou unha serie de serigrafías en conxunto cun taller da cidade, elaboradas de xeito artesanal.



↗ Julia Huete



↗ Carmen Nogueira



↗ Mariana Castillo Deball



↗ Fritzia Irizar

## Artistas mexicanas en residencia na Cidade da Cultura

**Mariana Castillo Deball** (Ciudad de México, 1975). O proxecto de Marinana Castillo baséase no lenzo de Tlaxcala e a iconografía de Santiago Mataindios. No contexto do proxecto "Pintar o Lenzo" de Tlaxcala, traballou xunto cos investigadores Margarita Cossich, Antonio Jaramillo e Federico Navarrete (Noticonquista) e desas investigacións parte a base do proxecto que consiste en entender, a través da súa recreación e reconstrución, este lenzo de gran formato realizado no século XVI do cal non se conserva o orixinal. No Lenzo de Tlaxcala, a figura de Santiago Mataindios ten un papel protagonista na narrativa da conquista do continente americano. A súa figura aparece en numerosas viñetas do lenzo, especialmente nas escenas de batalla. No contexto desta residencia en Santiago de Compostela, propuxo seguir traballando na reconstrución do lenzo así como realizar un mural, a partir do Manuscrito de Glasgow, o cal contén referencias aos murais do Cabildo, que se cre foron o antecedente do Lenzo de Tlaxcala. Así mesmo está moi interesada en complementar o traballo con obras históricas relacionadas á figura de Santiago Mataindios, por exemplo provenientes do Museo das Peregrinacións e de Santiago, lugar visitado durante a súa estada e que impactou enormemente á artista.

**Fritzia Irizar** (Culiacán, México, 1977). Durante a súa residencia Fritzia quixo poñer de manifesto por un lado o desapego da nosa relación con outras especies animais en aparencia menos complexas bioloxicamente, mediante a creación dunha peza en vídeo que suxire a observación minuciosa dunha cuncha de Vieira nunha secuencia de imaxes macroscópicas que outorgan un retrato do que ademais de ser un símbolo da cidade é a parte protectora da anatomía dun animal. Por outra banda, explora acerca da construción futura das iconas baseándose na sobreexposición de símbolos tomando como inspiración o deseño da Cidade da Cultura. Usa así tres iconas (Cidade Vella, Cidade da Cultura e Vieira), para incorporalas a unha fonte pensada para o recinto de Eisenman, xogando coa auga como ente purificador. A artista descontextualiza eses obxectos e dótaos dunha particular simboloxía para integralos no plano artístico. Irizar reflexiona coas súas creacións sobre certezas aceptadas socialmente, vencelladas á ciencia ou á historia, construídas sobre pequenas parcelas de coñecemento e sobre a decisión dun número reducido de individuos. O seu traballo execútase en moitas ocasións como actos públicos orquestrados para obter unha reflexión dirixida sobre argumentos a nivel social, político e ético. A súa obra foi galardoada pola Cisneros Fontanals Art Foundation (CIFO), polo programa de residencias AIR- KREMS (Austria), por Les Récollets (París) e por Headlands Center (San Francisco).



## Residencia literaria

Do 2 ao 16 de xullo de 2021 | Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 4

A *Residencia Literaria* da Cidade da Cultura foi un novo proxecto deseñado para o apoio e acompañamento de escritores emerxentes e inéditos baseado no intercambio de experiencias e a posta en común de coñecementos: un espazo para a escritura e o talento; para falar e crear, para aprender e compartir; un espazo para escoitar e ser escoitado, e para compartir a crítica e tamén o eloxio.

Tivo como obxectivo facilitar aos participantes a diseción do proxecto literario propio e aprender da análise dos traballos dos compañeiros e compañeiras. Ademais realizaron unha importante análise de lecturas relacionadas coa súa escrita, de charlas con autoras de primeiro nivel ou intercambios con outras disciplinas artísticas.

**Datas:** Do 5 ao 16 de xullo de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 4

**Dirixe:** Javier Peña

**Escritoras convidadas:** Sara Mesa e Berta Dávila

**Participantes:** 10 persoas

### PROGRAMA DE ACTIVIDADES

6 xullo – 16 h. Visita á Casa-museo de Rosalía Castro

8 xullo – 16 h. Encontro con Berta Dávila

13 xullo – 10 h. Visita á Fundación Camilo José

14 xullo – 16 h. Encontro con Sara Mesa

15 xullo – 16 h. Encontro con Residencias Charco

15 xullo – Asistencia á representación de “Terceiro Acto” no Salón Teatro

### PARTICIPANTES

Arancha Rodríguez Fernández, Cynthia Menéndez, Estela Gómez Gómez, Francisco Javier Fernández Davila, Jesús Castro Yáñez, María Alicia Fernández Rodríguez, María Gil Martínez, María López Quiroga, Santiago Araújo Fernández e Sara Vázquez Fariña.



## Residencias Paraíso

Do 5 de xullo ao 8 de agosto de 2021 | Espazo REGA 2. Salón Teatro

*Residencias Paraíso* pretende fomentar a aparición de novos proxectos de creación ao redor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística do noso territorio, tanto a que xa existe como a que está por chegar. Entende así o concepto de residencia artística como un espazo e un tempo dedicado á investigación ou creación e, polo tanto, sen obrigatoriedade de elaboración dunha peza artística concluída.

**Datas:** Do 5 de xullo ao 8 de agosto de 2021

**Formato:** Actividade presencial

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 2. Salón Teatro

**Colabora:** Centro Dramático Galego e Colectivo RPM





## ***Octopus to the party*** Octopus to the party

Co proxecto *Octopus to the party* o colectivo do mesmo nome abordou desde unha óptica transdisciplinar o concepto de festa como elemento vertebrador social indispensable, en crise pola situación de pandemia que se viviu recentemente. A proposta situounos nun contexto inquietante que eles sintetizan con estas palabras a modo de sinopse: "Congresos de vehículos non tripulados con traxes que semellan persoas, tobogáns inaccesibles e unha inquietude promovida pola falta dunha boa festa desembocan nunha exploración da troula nun futuro incerto."

**Concepto e imaxe:** Julio Catalán, Andrea Otero e Patricia Jorganes

**Espazo sonoro:** Elena Matamoro

**Música:** Matía Matranga

**Datas:** Do 05 ao 18 de xullo. Cidade da Cultura  
Do 19 ao 25 de xullo. Salón Teatro



## ***A idea primaria é esnaquizalo a cabezadas*** María Llanderas

Co proxecto *A idea primaria é esnaquizalo a cabezadas*, a artista María Llanderas teceu unha proposta que abraza o espírito inconforme da poeta Xela Arias e o seu pulo por facer da súa obra escrita unha arma viva, trasladando ao corpo e ás artes vivas toda esa linguaxe emocional. O proxecto bebeu da vontade de comunicación entre as distintas disciplinas artísticas pola que sempre apostou a autora que en 2021 recibiu a homenaxe das Letras Galegas.

**Performer:** María Llanderas

**Escenografía e iluminación:** Violeta Martínez Rivera

**Vestuario:** Raquel Crespo

**Datas:** Do 19 ao 01 de xullo. Cidade da Cultura  
Do 02 ao 08 de xullo. Salón Teatro





## Facendo novos camiños

Do 9 de decembro de 2021 ao 8 de maio de 2022 | Espazos REGA 3 e REGA 4

Dentro das residencias artísticas do Gaiás nace no 2021 un novo programa que busca fomentar a nova creación na música, na danza e na creación escénica. Baixo o título de *Facendo novos camiños*, puxéronse en marcha tres residencias ás que se convidou a participar a creadores de cada un deses tres eidos para que puidesen idear unha nova obra que tivese unha vinculación conceptual co Camiño de Santiago. O resultado desta residencia preséntase no festival *Escenas do Cambio*, en maio de 2022. A primeira destas residencias comezou no mes de decembro co proxecto da coreógrafa viguesa Mercé de Rande.

**Datas:** Do 9 de decembro de 2021 ao 8 de maio de 2022

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Espazos REGA 3 e REGA 4  
**[Programación Xacobeo 21-22]**

### PROXECTOS SELECCIONADOS

"MU-Danza. Unha muller que camiña". Mercé de Rande

"Sons do esquecemento ou A navalla do tempo". Mateo Feijóo

"NIHIL". Ramón Souto.

## 02.3 / MÚSICA E ESCENA

### Escenas do cambio. Festival de teatro, danza e arte en acción

Do 20 ao 23 de maio de 2021 |

Mseo Centro Gaiás Andar 1 / CINC auditorios 1 e 2 / Salón Teatro / Fundación Granell / Espazos urbanos de Santiago

A sétima edición do festival chegou ao Gaiás con moitas novidades –entre elas unha nova dirección artística da man de Lola Correa– e con moitas restricións por mor da Covid-19 que repercutiron especialmente no número de prazas nas funcións, pero tamén cun traslado das datas de celebración ao mes de maio. Foron 12 os espectáculos programados, de procedencias como España [Galicia, Euskadi, Castela e León, Madrid e Cataluña], Portugal, O Reino Unido, Francia e Xapón, e concentrados nunha única semana.

Ademais de ser a primeira edición dirixida por unha muller, destaca este ano o elevado número de pezas creadas ou representadas e participadas por mulleres.

En *Escenas do cambio 2021* houbo dúas estreas absolutas: “Conversaciones 10. Sobre la distancia” da performer madrileña Ana Matey; e “Escenas en danza”, espazo no que se puideron estrear obras das bailarinas e coreógrafas Nuria Sotelo, Begoña Cuquejo, Kirenía Martínez, Clara Ferrão, María Roja e Paula Quintas. Ademais, foron dúas as estreas en España: “Intensional Particle” e “Romeo e Xulieta a partir de Prokofiev”.

Esta edición estivo tamén marcada pola pluridisciplinaridade, plasmada en actividades como o obradoiro poético de escribir poemas en mistos, impartido por Julio Fer na Fundación Eugenio Granell, ou o paseo polas rúas de Compostela co mesmo Robert Walser, interpretado por Marc Caellas, creador que repetiu no certame con “Suicide notes”. Cabe destacar tamén nesta liña a representación no Centro Dramático Galego da peza portuguesa “Antes”, de Teatro Praga, unha orixinal e hilarante proposta que xunta un psicanalista e un dinosauro.

A representación internacional viuse en obras como “El cómo quieres”, da compañía francesa Toujours après minuit –creada por Brigitte Seth e Roser Montlló Guberna que son á vez directoras e intérpretes–, e do Reino Unido con “Psychodrama” –a primeira peza colaborativa creada e interpretada polo escritor, actor e músico canadense Christopher Brett Bailey e a compañía de escena experimental Sleepwalk Collective–.

**Datas:** Do 20 ao 23 de maio de 2021

**Espazos:** Museo Centro Gaiás Andar 1 / CINC auditorios 1 e 2 / Salón Teatro / Fundación Granell / Espazos urbanos de Santiago

**Directora artística:** Lola Correa

**Colabora:** Inaem, Secretaría Xeral de Igualdade, Agadic, Concello de Santiago, Fundación Granell, Camões – Instituto da Cooperaçã o e da Língua, Institut français, Institut Ramón Llull

**Asistencia:** 375 persoas

#### PROGRAMA

##### Xoves 20 de maio

12:00 e 16:30h. Obradoiro “Como escribir poemas en mistos”. Julio Fer. Fundación Granell

18:00h. “El cómo quieres”. Toujours après minuit. CINC. Audit.2

19:00h. “Intensional Particle” con conferencia posterior. Peza danza retransmitida en directo desde O Xapón. CINC. Audit. 1

20:30h. “O Deus do Pop”. Diego Anido (e encontro co público). Museo Centro Gaiás. Sala 1.

##### Venres 21 de maio

12:00 e 16:30h. Obradoiro “Como escribir poemas en mistos”. Julio Fer. Fundación Granell

19:00h. “Conversaciones 10. Sobre la distancia”. Ana Matey. Paseo exterior entre Torres Hejduk e Museo Centro Gaiás

20:30h. “Suicide notes”. Marc Caellas & David Torres. Museo Centro Gaiás. Sala 1

##### Sábado 22 de maio

12:00 e 16:30h. “El paseo de Robert Walser”. Marc Caellas. Itinerante

18:00h. “Romeo e Julieta a partir de Prokofiev”. Miguel Moreiras e Útero Teatro. Museo Centro Gaiás. Sala 1

20:30h. “El diablo en la playa” e presentación posterior do libro. Matarile. Salón de Convencións.

##### Domingo 23 de maio

12:00h. “El paseo de Robert Walser”. Marc Caellas. Itinerante

17:00h. “Antes”. Teatro Praga. Salón Teatro

19:00h. “Escenas en danza”. Nuria Sotelo, Begoña Cuquejo, Kirenía Martínez, Clara Ferrao, María Roja e Paula Quintas. Itinerante pola Cidade da Cultura.

20:30h. “Psychodrama”. Sleepwalk Collective. Museo Centro Gaiás. Sala 1.





## Concerto de clausura da exposición *As miradas de Isaac*

30 de maio de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar -1

O Museo Centro Gaiás despediu cun acto especial a exposición *As miradas de Isaac*, tras unha estadía de seis meses na Cidade da Cultura e que posteriormente itinerou á Coruña e a Vigo, para dar a coñecer noutros puntos da comunidade a grande exposición coa que a Xunta de Galicia quixo homenaxear a Díaz Pardo co gallo do centenario do seu nacemento (1920-2020). Deste xeito, o andar -1 do Museo Centro Gaiás acolleu un concerto do cuarteto de corda Grupo instrumental Siglo XX con composicións de Carlos López García-Picos, Octavio Vázquez, Paulino Pereiro e Juan Durán.

**Data:** 30 de maio de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Horario:** 12 h.

**Artistas:** Grupo Instrumental Siglo XX

Florian Vlashi, violín

Enrique Iglesias, violín

Raymond Arteaga, viola

Raúl Mirás, violonchelo

**Asistencia:** 100 persoas

### PROGRAMA

**Carlos López García-Picos:** 'Monodía' para violín solo

**Octavio Vázquez:** 'Galician Folk Dances' para violín e violonchelo

**Paulino Pereiro:** 'O café de espellos' Op. 29

Música escénica para trío de violíns

**Juan Durán:** 'Divertimento' para cuarteto de corda



## Peregrinación musical no Gaiás | Día da Música 2021

26 de xuño de 2021 | Xardín do Teatro, contorna das Torres Hejduk, Parque da Balea, explanada da lagoa do Xardín Literario e Praza Central

A Cidade da Cultura sumouse un ano máis aos festexos do Día da Música cun percorrido musical, a xeito de peregrinación, polos espazos exteriores do Gaiás recreando neles as cinco rutas xacobeas, cunha actuación musical en cada punto que se vencellou cunha das vías do Camiño.

### VÍA DA PRATA | Rosario la Tremendita

| 18 h. Xardín do Teatro |

Abriu a xornada pola Vía da Praza a cantaora nacida en Triana (Sevilla) Rosario la tremendita. Ademais de intérprete, asume o papel de compositora, produtora, letrista e multiinstrumentista. Con catro discos no mercado e dúas nominacións aos Latin Grammy Awards a "Mellor Álbum Flamenco", La Tremendita converteuse, segundo a crítica, nunha das grandes renovadoras do flamenco actual e en icona dos novos tempos do "arte jondo".

**Data:** 26 de xuño de 2021

**Espazos:** Xardín do Teatro, contorna das Torres Hejduk, Parque da Balea, explanada da lagoa do Xardín Literario e Praza Central  
[Programación Xacobeo 21-22]

**Asistencia:** 884 persoas

### CAMIÑO PORTUGUÉS | André Henriques

| 19 h. Contorna das Torres Hejduk |

A peregrinación continuou con este nome imperdible no panorama da música portuguesa da actualidade. Cunha sólida carreira coa súa banda Linda Martini, destaca polas letras coidadas, pola forma en como subverte os alicerces da música pop, polo seu constante amor ao fado e á canción portuguesa e polas letras emotivas e contundentes que atopan eco nunha xeración que se volveu apaixonar pola música portuguesa. Ademais da súa banda de sempre, nos últimos anos ten escrito cancións para outros intérpretes como Cristina Branco, e realizado diversas colaboracións con artistas como Rui Carvalho (Filho da Mãe).

**CAMIÑO FRANCÉS | Kalakan**

| 20 h. Parque da Balea |

O trío Kalakan chegou polo Camiño Francés desde Iparralde (País Vasco Francés) para presentarnos "Artizar", o seu novo disco (2021). Kalakan conseguiron situarse nun dos lugares de referencia da *world music*, actuando por todo o mundo e colaborando con infinidade de artistas. Destaca sen dúbida o seu traballo con Madonna, coa que fixeron no 2012 a xira completa de The MDNA Tour. Voces, tambores, teclas, efectos cósmicos e a tradición vasca máis pura son a esencia da súa música.

**CAMIÑO INGLÉS | Nico Casal**

| 21 h. Explanada da lagoa do Xardín Literario |

Con influencia inglesa da súa residencia en Londres durante anos, este compositor e pianista de Santiago de Compostela nado en 1985 trouxo ecos do Camiño Inglés. En 2011 comezou a estudar o mestrado en Música en composición de Moving Images no City University of London. A súa dedicación á composición de obras musicais para cinema, levouno en 2015 á creación da banda sonora para a curtametraxe *Stutterer*, gañadora do Oscar no mesmo ano na categoría de Mellor Curtametraxe de acción.

**FIN DO CAMIÑO | Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre**

| 22 h. Praza Central |

Desde a presentación de *The Tambourine Man* en 2015 e con máis de 70 concertos ás costas en apenas dous anos, Xabier Díaz visitou Alxer, Oslo, Lorient, Le Chatre, Glasgow, Lisboa, Madrid ou Bruxelas. Presentou un espectáculo cun directo coa enerxía e a emoción do que chega ao destino final tras realizar o Camiño.





## Atardecer no Gaiás

Do 8 de xullo ao 27 de agosto de 2021 | Praza central. Andar -1 do Museo centro Gaiás ou Galería de servizos nos días de chuvia

Boa música ao vivo, ao aire libre e ao solpor volveu ser a fórmula escollida por *Atardecer no Gaiás*, o ciclo que que lle pon ano tras ano banda sonora aos solpores dos xoves e venres de xullo e agosto na Cidade da Cultura, con pop, indie, música de raíz, urbana, trap, rap, reggae, funky, jazz, R&B...

En total, este 2021 programáronse 16 concertos con destacada presenza de artistas de Galicia, pero tamén de Madrid, Euskadi, Cataluña, Murcia e provenientes de Europa (Portugal e Suecia) e tamén de Latinoamérica (Venezuela e Arxentina).

Por primeira vez no ciclo implantouse un prezo de entrada de 3 € por persoa.

**Datas:** Do 8 de xullo ao 27 de agosto de 2021

**Horario:** 21 h.

**Espazo:** Praza central. Andar -1 do Museo centro Gaiás ou Galería de servizos nos días de chuvia

**Asistencia:** 3.812 persoas

### PROGRAMA

#### Xullo

8X | Tulip (Galicia)

9V | Helen & Shanna (Galicia)

15X | Recycled J (Madrid)

16V | Sherchelios e Battosai (Galicia) | Premios Xuventude Crea

22 X | Guadalupe Álvarez (A Arxentina – Madrid)

23V | Georgina (Venezuela – Madrid)

29X | Jay Jay Johanson (Suecia)

30X | Caamaño & Ameixeiras (Galicia)

#### Agosto

5X | Sara Zozaya (País Vasco)

6V | Daniel Lumbreras (Cataluña)

12X | Babykatze (Galicia)

13V | Firmado, Carlota (Murcia)

19X | Espiño (Galicia)

20V | Valdivia (Madrid)

26X | Pedro Mafama (Portugal)

27V | Blanco Palamera (Galicia)



## Comicamente

O 30 de agosto de 2021 | Praza central

Este verán, o ciclo *Comicamente* trouxo á Cidade da Cultura unha actuación de Carlos Blanco, Xosé A. Touriñán e David Amor, con Lucía Veiga como mestra de cerimonias, e coa música en directo de DJ Russinha.

*Comicamente* foi un proxecto, enmarcado na programación do Xacobeo 21-22, que se sumou ás iniciativas postas en marcha polo Goberno galego co obxectivo de contribuír á reactivación do sector cultural.

**Data:** 30 de agosto de 2021

**Espazo:** Praza central

**Horario:** Dúas sesións: ás 19 e ás 22 h.

**Artistas:** Xosé A. Touriñán, Carlos Blanco, David Amor, Lucía Veiga

**Organiza:** Con de tres pés, Ainé e Etiqueta Negra

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 1.576 persoas





## Concerto da Banda Sinfónica Xuvenil Galega

O 5 de setembro de 2021 | Praza central

Con motivo do III Encontro que a formación celebrou desde o 31 de agosto no Carballiño, a Cidade da Cultura albergou o Concerto da Banda Sinfónica Xuvenil Galega. Esta formación, dirixida polo mestre Manuel Alejandro López Pérez, interpretou as obras premiadas no Concurso Galego de Composición, que tamén organiza a Federación Galega de Bandas de Música.

A Banda Sinfónica Xuvenil Galega está constituída por rapaces e rapazas pertencentes a bandas populares de toda Galicia, que durante seis días combinaron ensaios seccionais e de banda con actividades lúdicas e culturais encañadas a coñecer as vivencias musicais dos compoñentes máis maiores das bandas.

O proxecto realizouse ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.

**Data:** 5 de setembro de 2021

**Espazo:** Praza central

**Horario:** 19:00 h.

**Organiza:** FGBMP - Federación Galega de Bandas de Música Populares

**Colabora:** Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22 e concello de Santiago de Compostela

**Asistencia:** 200 persoas

## ***DeMente*. Fran Sieira, compañía de danza**

### Día Mundial da Saúde Mental

O 10 de outubro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar -1

En conmemoración do Día Mundial da Saúde Mental, presentouse o espectáculo *DeMente*, da compañía de danza Fran Sieira. A peza busca loitar contra un estigma estendido, o da "imaxe do tolo", que pouco ou nada ten que ver coa realidade das persoas que padecen algún tipo de doenza mental e que non fai senón agravar a súa condición por mor dos prexuízos e o rexeitamento da sociedade.

Para iso, a compañía levou a escena varias patoloxías comúns, as que segundo a Organización Mundial da Saúde sofren, sufriron ou sufrirán unha de cada catro persoas ao longo da súa vida. Froito dun minucioso traballo de investigación, o espectáculo explorou a evolución da percepción

e o tratamento da doenza e das persoas doentes, desde a reclusión carceraria doutros tempos, pasando polas contencións mecánicas e químicas, ata a externalización dos nosos días.

Ao tempo que abordou a necesidade de desestigmatizar este tipo de enfermidades e de favorecer a integración social das persoas que as padecen, a peza convidounos a pór en cuestión o concepto de "normalidade" e o feito de ser ou considerarse "normal".

**Data:** 10 de outubro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Hora:** 20:30 h.

**Colabora:** AGADIC

**Asistencia:** 254 persoas

ACTIVIDADE CULTURAL



## Claves líricas. Teo Cardalda

O 31 de outubro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar -1

En *Claves Líricas*, Teo Cardalda teceu un espectáculo sorprendente que mesturou teatro e música ao redor do xenio de Valle Inclán. A poesía do creador do esperpento, o seu particular uso da linguaxe e as súas claves humorísticas tomaron forma musical nesta peza que levou ás táboas o intenso traballo de documentación que Cardalda vén desenvolvendo desde hai unha década ao redor da obra poética de Valle Inclán, e que tamén tomou forma impresa nun disco-libro homónimo editado por Altafonte.

O título parte do nome da compilación de poemas que Valle Inclán realizou en 1930 e sobre a que María Monsonís realizou unha selección de pezas que envolveu en música, coreografías e proxeccións. Os versos de Valle Inclán adquiriron outra dimensión sonora que os fixo viaxar polo rock, o rap, a balada, a ópera pop ou o tecno punk nunha mestura tan arriscada e fantástica como o seu autor. No

tecido duns poemas cos outros, Cardalda compón novos textos que imaxinan o que acontecería se o dramaturgo volvese á terra e expresase a súa visión sobre o que ve, sobre a súa relación con Josefina Blanco, sobre a súa vida e sobre a morte.

Con Teo Cardalda na pel de Valle Inclán e María Monsonís na de Josefina Blanco, o espectáculo ofreceunos unha radiografía artística do escritor e trasladounos a súa imaxe do mundo como esperpéntico sainete.

**Data:** 31 de outubro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Hora:** 20 h.

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 158 persoas





## Matinais musicais

Domingos, 14 e 21 de novembro e 12 de decembro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar -1 / CINC. Salón de convencións

Continuando coa liña instaurada polas *Matinais Clásicas* no pasado 2020, programouse un novo ciclo musical para o outono con tres actuacións nas que gozar de estilos tan diversos como o jazz, a música *a capella* ou a música barroca, esta última reinterpretada en conexión coa creación visual contemporánea.

**Datas:** Domingos, 14 e 21 de novembro e 12 de decembro de 2021

**Horario:** 12 h.

**Asistencia:** 557 persoas



## Quinteto de metais da Sinfónica de Galicia

O Quinteto de Metais da Orquestra Sinfónica de Galicia abriu a edición de outono do ciclo de *Matinais Musicais* cun concerto no que renderon homenaxe ao que foi o seu fundador, o solista de trompeta da OSG John Aigi Hurn, e á música do seu país natal, os Estados Unidos de América.

O repertorio incluíu a estrea de dúas obras novas encargadas pola Sinfónica de Galicia dentro do seu Proxecto 2020-2021 aos compositores Roberto Somoza e Nani García, referentes da música Jazz en Galicia e colaboradores de Aigi en numerosas ocasións. Ambas pezas exploran a variedade de rexistros expresivos dos instrumentos de metal. O programa deste primeiro concerto das *Matinais Musicais* no Gaiás incorporou tamén pezas clásicas para quinteto de metais, sempre cun pé no mundo do swing, o jazz e outros xéneros da música americana.

**Data:** 14 de novembro de 2021

**Lugar:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Intérpretes:** Nicolás Gómez Naval, trompa // Alejandro Vázquez Lamela, trompeta // Víctor Vilaríño, trompeta // Jon Etterbeek, trombón // Jesper Boile Nielsen, tuba.

Coa colaboración de Carolina Cygan (violín), María José Ortuño (fauta), Juan Ferrer (clarinete), Steve Harriswangler (fagot) e Alejandro Sanz Redondo (marimba).

**Asistencia:** 236 persoas

### PROGRAMA

- John Cheetham (1939). Scherzo
- Malcom Arnold (1921-2006). Quinteto de metais nº 1
- Leonard Bernstein (1917-1990). Dance suite
- Nani García (1955). The Trumpeter and the Sea
- Paul Nagle (1947). Jive for Five
- Roberto Somoza. Buddy Bolden Suite



## Gallaecia, Ensemble Barroco

*Oh, rosas vivas!* foi o título da intervención musical que se creou expresamente para o ciclo *Matinais Musicais* da Cidade da Cultura a partir da colaboración entre o grupo Gallaecia, Ensemble Barroco, o muralista Yoseba Murazábal, a poeta María Lado e a creadora visual Laura Iturralde, baixo da dirección artística de María José Pámpano.

Este ensemble de intérpretes e artistas da imaxe e da palabra exploraron as marxes entre a música antiga, a pintura e a linguaxe audiovisual a través dun traballo de residencia no Espazo REGA 2 do Museo Centro Gaiás e presentaron ao público o froito da súa pesquisa co obxectivo de reivindicar a pegada feminina na historia da música e dar visibilidade ao traballo das creadoras e profesionais das industrias culturais galegas. Gallaecia, Ensemble Barroco é unha formación de nova creación que nace co afán de achegarse á música antiga desde unha perspectiva contemporánea, conxugando tradición e vangarda na procura de novos públicos e apostando polo talento creativo galego.

**Data:** 21 de novembro de 2021

**Espazo:** CINC. Salón de convencións

**Dirección artística:** María José Pámpano

**Intérpretes:** María José Pámpano, violín // Adrián Linares, violín // Ana Pazos, corneto // Carlos García, cello // Tin Novio, tiorba // Alfonso Morán, contrabaixo // Erea Blanco, cravo // Pilar Moráñez, soprano

**Artista visual:** Yoseba Murazábal

**Visuais e iluminación:** Laura Iturralde

**Textos:** María Lado

**Produción:** Inés Portela

**Asistencia:** 75 persoas

### PROGRAMA

- Francesca Caccini (1587 - 1640). Obertura *La liberazione di Ruggiero dalli isola di Alcina*
- Isabella Leonarda (1620 - 1704). Sonata XII Op.16
- Bianca María Meda (c.1665 - c.1700). Cari Musici
- Barbara Strozzi (1619 - 1677). Che si può fare
- Antonia Bembo (1640 - 1720). Aria di Pasithea, L'Ercole Amante
- Élisabeth Jacquet de La Guerre (1665-1729). Aria affectuosa
- Élisabeth Jacquet de La Guerre (1665-1729). Obertura Céphale et Procris
- Caroline Shaw (1982). Red, Red Rose
- Roberto Somoza. Buddy Bolden Suite



## Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia

O Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia pechou o ciclo ofrecendo a oportunidade de escoitar as voces do coro sen a orquesta á que normalmente acompañan, nun programa que nos levou desde o barroco á música contemporánea a través das pezas de Henry Purcell, Johann Sebastian Bach, Ola Gjeilo e Rudolf Mauersberger.

O Coro da OSG é unha das formacións vocais máis sólidas de Galicia. Fundado no ano 1998, desenvolveu desde a súa creación unha intensa actividade artística centrada nos repertorios sinfónico-coral, operístico e *a capella*. Actualmente, está integrado por máis de setenta voces procedentes de toda Galicia baixo a dirección de Joan Company, quen é ademais director artístico do proxecto coral da Sinfónica de Galicia no que, ademais do Coro da OSG, participan o Coro Novo e os Nenos Cantores.

**Data:** 12 de decembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Director:** Joan Company

**Asistencia:** 246 persoas

### PROGRAMA

- Henry Purcell (1659-1695). *Funeral Sentences*
- Ola Gjeilo (1978). *Norther Lights*
- Rudolf Mauersberger (1889-1971). *Herr, lehre doch mich*
- Johann Sebastian Bach (1685-1750). *Jesu, meine Freude, BWV 227*



## Concerto de Nadal. Orquesta Sinfónica de Galicia

O 17 de decembro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar -1

A Orquesta Sinfónica de Galicia abriu a programación de Nadal na mesma tarde do acendido do alumeado no Gaiás, nun concerto no que a agrupación estivo dirixida polo seu director asociado, José Trigueros, e acompañada pola recoñecida cantaora Marina Heredia.

### José Trigueros, director

A súa sólida formación e o seu profundo coñecemento dunha orquestra desde dentro, grazas á súa longa experiencia como primeiro percussionista da Orquesta Sinfónica de Galicia, fan de José Trigueros un dos directores españois con maior proxección. Formado nos conservatorios de Valencia e Ámsterdam, Trigueros comezou os seus estudos de dirección de orquestra da man do mestre Bruno Aprea e posteriormente ampliounos no Conservatorio de Bruxelas con Patrick Davin.

### Marina Heredia, cantaora

Nada en Granada, filla do cantaor Jaime «El Parrón», Marina Heredia comezou a cantar desde a súa infancia, colaborando con reputados artistas flamencos durante a súa carreira. A longo da súa traxectoria pisou os mellores escenarios a nivel nacional e internacional e é unha das artistas máis reclamadas para interpretar a obra de Manuel de Falla.

**Data:** 17 de decembro de 2021

**Dirixe:** José Trigueros

**Cantaora:** Marina Heredia

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Horario:** 19 h.

**Asistencia:** 324 persoas

### PROGRAMA

- Cancións españolas antigas. Federico García Lorca (1898-1936)
- *El corregidor y la molinera*. Manuel de Falla (1876-1946)





## SÓLODOS EN DANZA

O 18 de decembro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar -1

O Festival Internacional de Danza Contemporánea *SÓLODOS EN DANZA* conmemorou o seu 5º aniversario no Gaiás de maneira especial. Para a ocasión puxo en escena unha selección de cinco pezas participantes e gañadoras das edicións que tiveron lugar en diversos puntos de España ao longo destes pasados 5 anos.

*SÓLODOS EN DANZA* é un Festival Internacional de Danza Contemporánea que se celebra en Costa Rica desde 2013 e en España desde 2016. Conta cunha programación especializada en obras escénicas de creadores noveis de danza. Ademais, é unha plataforma cultural de intercambio e cooperación que traballa con diferentes proxectos artístico-culturais de Europa e América.

**Data:** 18 de decembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1

**Hora:** 20 h.

**Compañías:** Compañía Unaiuna (Cataluña - Baleares)  
 Arnau Pérez (Cataluña)  
 Alba Fernández Cotelo - Cía Exire (Galicia)  
 Alejandra Balboa (Galicia)  
 Ángel Garcés (Canarias - Madrid)

**Organiza:** Sólodos en danza

**Asistencia:** 70 persoas

## 02.4 / EN FAMILIA

### Nadal no Gaiás 20-21

Do 22 de decembro de 2020 ao 6 de xaneiro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes / Andar -1 / Espazo de audiovisuais

#### ***Stellae*. Árbore interactiva**

De todos é coñecida a relación da cidade de Santiago de Compostela e o Camiño coa astronomía sendo, segundo algunhas interpretacións, a Vía Láctea o elemento que indicaba o camiño a seguir aos peregrinos para chegar á tumba do Apóstolo e ata dando nome á cidade de Compostela. Esta idea inspirou a Marta Verde para crear *Stellae*, unha instalación de luz e son para celebrar o Nadal no Gaiás, na que a través das luces que emiten os nosos móbiles, as persoas que se achegaron ao espazo puideron interactuar coa iluminación facendo que se acendese, se apagase ou de modificase.

Para manter as medidas de distanciamento e seguridade derivadas da alerta sanitaria da Covid-19, optouse por unha instalación interactiva pero sen contacto, a través de elementos que os propios usuarios traen da súa casa (como os móbiles) de xeito que as persoas usuarias non tivesen que manipular ningún elemento decorativo como en anos anteriores. A árbore xigante presidiu coma sempre o espazo de tirantes do Museo Centro Gaiás converténdoo nunha celebración de luz e cor.

**Datas:** Do 22 de decembro de 2020 ao 6 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes

**Deseño:** Marta Verde

**[Programación Xacobeo 21-22]**

#### **Nadal en Super 8**

O MOCA nace coa intención de recuperar o patrimonio audiovisual escondido nos fogares e dar valor ás historias cotiás gravadas nesas vellas cintas de Super 8. Coa súa colaboración, instalouse no espazo de Nadal no Gaiás unha selección daquelas pezas que teñen relación con esta época do ano, conformando unha viaxe audiovisual afectiva ao noso pasado a través destas fitas de cinema que permitían gravacións caseiras. Proxectouse así unha peza de 8 minutos compilando entrañables anacos de vida destas festas doutras épocas.

**Datas:** Do 18 de decembro de 2020 ao 6 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Espazo de audiovisuais

**Promove:** MOCA Museo Online de Cine Autobiográfico

**Colabora:** Cafés Candelas, |MA| Agencia de marketing y producción

#### **Uxía Lambona e a banda molona**

Para pechar a programación de Nadal no Gaiás programouse un concerto con esta formación de música infantil que recolle os clásicos populares galegos dándolles o seu toque particular: desde A Carolina "rapeada" ata O Jato "rockeiro", pasando por outros moitos temas tradicionais.

**Data:** 4 de xaneiro de 2021

**Espazo: Presencial:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**En liña:** Youtube da Cidade da Cultura

**Horario:** Ás 18 h.

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Asistencia presencial:** 100 persoas

**Asistencia en liña:** 177 espectadores



## Pequefilmes 2021. Festival infantil de curtas

O 23, o 24, o 30 e o 31 de xaneiro de 2021 | Presencial: CINC. Auditorio 1 / En liña: Tv.Festhome

O programa de *Pequefilmes 2021* ofreceu unha emocionante e amplísima escolma das mellores producións internacionais actuais para a cativada, todas elas estreadas nos dous últimos anos e moitas premiadas ou seleccionadas nos festivais de cinema infantil, xuvenil e de animación máis importantes do mundo (como Annecy, Clermont-Ferrand, Chicago ICF, Animamundi, Animafest ou Dresdner Kinderfilmfest). Recolleu o máis destacado da produción internacional actual dedicada ao público infantil e xuvenil, consolidándose como unha oportunidade para ver pezas audiovisuais de gran calidade que adoitan quedar fóra dos circuítos de exhibición máis convencionais.

O festival de curtas dirixido ao público infantil e xuvenil chegou á edición do 2021 adaptándose aos requirimentos e medidas destinadas a limitar a propagación da Covid-19. Para isto, o festival mudou o seu espazo, reducindo a capacidade da sala e con entradas asignadas. Tamén se espaciaron as súas sesións, celebrándose en dúas fins de semana consecutivas, para garantir o tempo para os traballos de

desinfección da sala. Ademais, o festival mudou a un formato híbrido, combinando as proxeccións presenciais e en liña a través da plataforma tv.festhome, para favorecer que o público familiar puidese gozar do festival sen necesidade de desprazarse.

**Datas:** 23, 24, 30 e 31 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Presencial. CINC. Auditorio 1.

En liña. Tv.Festhome.

**Horario:** Ás 12:00 e ás 17:00 h.

**Público:** Familiar (a partir de 3 anos)

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Entradas:** Presencial. Á venda en Ataquilla.com. 3 €/sesión

En liña. Á través de Tv.Festhome. 5€/sesión 30€/abono festival

**Asistencia presencial:** 177 persoas

**Asistencia en liña:** 810 reproducións (Plataforma Tv.Festhome)

**Covid-19:** Esta intervención viuse afectada pola entrada en vigor do Decreto 8/2021 e orde de 26 xaneiro de 2021 que estableceu o cese das actividades culturais entre o 27 de xaneiro e o 17 febreiro de 2021



## A música e o Camiño. Concertos didácticos

O 20 e o 27 de febreiro de 2021 | En liña na canle de Youtube da Cidade da Cultura

“Os camiños comunican dous lugares e teñen sempre un dobre senso: levan e traen”. Esta foi a máxima para esta actividade que buscou achegar ao público a influencia do Camiño de Santiago na nosa música. A través de dous concertos didácticos en liña, afondamos na lírica medieval e na gaita ao longo dos séculos e dos camiños.

### A gaita

Pablo Carpintero e Rosa Sánchez

Concerto didáctico sobre os diferentes tipos de gaitas de fol organizadas segundo as principais rutas xacobeas. Fíxose un percorrido polas hipóteses dos autores da súa expansión por Europa Occidental e interpretáronse repertorios propios de cada zona empregando a dixitación e xeitos característicos para que o público fose quen de diferenciar as características de cada zona.

Esta actividade foi realizada por Rosa Sánchez e Pablo Carpintero, músicos e artesáns que levan trinta anos percorrendo os lugares da Península Ibérica e Baleares onde está presente a gaita de fol, entrevistando e gravando o repertorio de mulleres e homes. Compilaron máis de 700 horas de gravacións de campo que conteñen o maior arquivo peninsular de gravacións de gaiteiros (165 repertorios gravados).

**Artistas:** Pablo Carpintero e Rosa Sánchez

**Data:** 20 de febreiro de 2021

**Asistencia:** 1.300 espectadores únicos

**Datas:** 20 e 27 de febreiro de 2021

**Espazo:** En liña na canle de Youtube da Cidade da Cultura (emisión desde o Museo Centro Gaiás)

**Horario:** Ás 12:00 h.

**Público:** Familiar (a partir de 5 anos)

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 1.656 espectadores únicos

### A Lírica Medieval

Esperanza Mar

A soprano Esperanza Mara explicou neste espectáculo os sons dos instrumentos medievais e da lírica galego-portuguesa, a través da interpretación dun repertorio baseado en cantigas medievais para ir amosando instrumentos que chegaron aos nosos días e que derivan directamente dos que o público podía ver nun recortable dos anciáns do Pórtico da Gloria tocando os seus instrumentos. Deste xeito podía entenderse o tipo de sons que escoitaban os peregrinos ao longo do seu camiñar así como o contexto histórico musical no que se fixeron esas composicións.

**Artistas:** Esperanza Mara

**Data:** 27 de febreiro de 2021

**Asistencia:** 356 espectadores únicos





## Galicia Máxica | Día Internacional da Narración Oral

O 20 de marzo de 2021 | Presencial: CINC. Auditorio 1 / En liña: Emisión a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura de Galicia

Para festexar o Día Internacional da Narración Oral, a contadora Marta Ortiz trouxo ao Gaiás as súas historias da *Galicia Máxica*, un repertorio composto na súa totalidade por contos tradicionais galegos e portugueses. Foi unha emocionante viaxe que, a través de romances, cancións, brinquedos e xogos da nosa tradición e da do país veciño lembrou a irmandade lingüística e cultural que temos con toda a lusofonía, achegando aos máis pequenos e pequenas o rico patrimonio oral que compartimos. Dado o límite de capacidade imposto polas restricións en materia sanitaria pola Covid-19, o evento foi transmitido en streaming a través da canle de YouTube da Cidade da Cultura.

A Cidade da Cultura acolleu esta actividade que se enmarcou xunto a outras contadas promovidas polo Festival Atlántica, o colectivo NOGA, e os festivais Sete Falares de Pontevedra e Falando a Boca Chea da Coruña. Ademais de Marta Ortiz, entre os artistas participantes nesta xornada que levou os contos e as historias a unha vintena de espectáculos por toda Galicia, figuraron nomes como os de Raquel Queizás, Charo Pita, Pablo Díaz, Vero Rilo, Celso F. Sanmartín, Quico Cadaval, Sole Felloza, Pavís Pavós, Baobab ou Migallas.

**Data:** 20 de marzo de 2021

**Espazo:** Presencial: CINC. Auditorio 1  
En liña: Emisión a través do Youtube

**Intérprete:** Marta Ortiz

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Horario:** Ás 12 h.

**Público:** De 4 a 11 anos

**Entradas:** De balde, previa reserva na web da Cidade da Cultura.

**Asistencia presencial:** 39 persoas

**Asistencia en liña:** 44 espectadores únicos, en directo en Youtube



## As enxeñosas do fidalgo | Día do Libro

O 18 de abril de 2021 | Xardín do Teatro

*As enxeñosas do fidalgo* é unha narración musicada coa que a Cidade da Cultura se sumou aos festexos ao redor do Día do Libro (23 de abril) e que xuntou no Xardín do Teatro a Soledad Felloza e á Banda Municipal de Santiago para pór en valor as personaxes femininas de *O Quixote*: a pastora Marcela, Tareixa Panza, Quiteria, Claudia, etc.

Para amosar a sabedoría e empoderamento destas mulleres intelixentes, Soledad Felloza fixo unha escolla dos monólogos e intervencións das importantes mulleres da novela de Miguel de Cervantes. Trátase de textos provenientes da primeira tradución ao galego, que realizou Valentín Arias, pai da homenaxeada coas Letras Galegas 2021, Xela Arias, quen formou parte do equipo de filólogos e especialistas. O resultado foi un orixinal espectáculo musical no que os relatos se viron enriquecidos e acrecentados coas interpretacións en directo de partituras de Ferrer Ferrán (*Don Quixote*) e Roberto W. Smith (*Symphony nº 3*), da Banda de Múncipal de Santiago, dirixida por Casiano Mouriño.

**Data:** 18 de abril de 2021

**Espazo:** Xardín do Teatro

**Horario:** 12 h.

**Interpreta:** Soledad Felloza

**Organiza:** Banda Municipal de Música de Santiago

**Dirixe:** Casiano Mouriño

**Asistencia:** 100 persoas

## A xincana do Camiño: Vía da Prata

Do 24 ao 25 de abril de 2021 | Bosque de Galicia / Museo Centro Gaiás

Descubrir as diferentes etapas da Vía da Prata e especialmente o seu transcorrer pola beira do Gaiás, a través de xogos tradicionais, en familia e nunha divertida xincana foi o obxectivo desta actividade. A proba dividiuse en oito etapas temáticas que recibiron cadanseu nome dunha vila por onde discorre a Vía da Prata. En cada etapa as e os participantes da unidade familiar tiveron que superar nun máximo de 10 minutos unha proba vencellada con xogos populares da cultura galega.

**Datas:** 24 e 25 de abril de 2021

**Espazo:** Bosque de Galicia / Museo Centro Gaiás

**Horario:** De 16 a 20 h.

4 persoas por quenda. 8 quendas por día

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistentes:** 64 persoas

**Etapa 0. A Canda:** Recepción. Entrega de credenciais. No Museo Centro Gaiás

**Etapa 1. A Gudiña:** "Constrúe o Dolmen". Xogo Torres de Madeira.

**Etapa 2. Laza:** "Extracción na Mina". Xogo do Plinko

**Etapa 3. Vilar de Barrio:** "Atravesa a Ponte". Xogo da Serpe

**Etapa 4. Ourense:** "Pescando no Miño". Xogo Pescapeixes

**Etapa 5. Cea:** "Dalle ao Bolo". Xogo de Tiralatas

**Etapa 6. Bendoiro:** "Descubre o Castro". Xogo de Metediscos

**Etapa 7. Santiago de Compostela:** Entrega da Compostela. No Museo Centro Gaiás

ACTIVIDADE CULTURAL





## Xincana do Día do Medio Ambiente

O 5 de xuño de 2021 | Espazos verdes

Para festexar o Día do Medio Ambiente, a Cidade da Cultura propuxo unha descuberta en familia da flora e da fauna do monte Gaiás, a través de retos e probas a superar en equipo. A través do xogo ensinamos dun xeito lúdico algunhas das especies autóctonas plantadas no Bosque de Galicia; as especies foráneas que medran no Xardín do Teatro; e tamén as que o fan dun xeito salvaxe e natural, e que son propias do monte Gaiás. Neste percorrido procurouse tamén indicar as rutas para observar algunha das especies de aves que aniñan nesta contorna. Ademais, as familias asistentes puideron aprender os usos actuais e tamén pasados das especies arbóreas, así como algunha propiedade medicinal das especies de plantas tratadas.

As probas percorreron os espazos verdes do Parque da Balea, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Bosque de Galicia, alternando nas probas o visionado das obras de arte espalladas por eses espazos, tratando así de fiar natureza, arte e respecto ambiental. Durante as probas empregáronse códigos QR para facilitar o desenvolvemento da xincana: un mapa global, e unha guía co relatorio de probas e tamén as solucións aos retos evitando o uso do papel innecesariamente.

**Data:** 5 de xuño de 2021

**Espazo:** Espazos verdes

**Horarios:** De 17 a 20 h.

**Asistentes:** 72 persoas (12 quendas. Max. 6 persoas por quenda)





➤ A tropa do Doutor Milagre

## Verán no Gaiás

Do 21 de xullo ao 18 de agosto de 2021 | Explanada da lagoa do Xardín Literario / Museo Centro Gaiás, andar -1

As programación para familias tivo un especial protagonismo dentro das actividades de lecer deste verán no Gaiás. Todos os mércores entre o 21 de xullo e o 18 agosto a cativada puido gozar con monicreques, espectáculos de teatro, xogos e música, cun feixe de actividades diversas para pasar as tardes en familia.

**Datas:** Do 21 de xullo ao 18 de agosto de 2021

**Espazo:** Explanada da lagoa do Xardín Literario / Museo Centro Gaiás, andar -1

**Colabora:** Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22, FalaRedes. Secretaría Xeral de Política Lingüística

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 399 persoas

### A tropa do Doutor Milagre

*A tropa do Doutor Milagre* foi un explosivo espectáculo de teatro de rúa onde maiores e pequenos puideron probar de primeira man os "efectivos" produtos do Doutor Milagre. Música, improvisación, xogo, baile, diversión, comedia, maxia e moito máis neste delirante espectáculo de rúa.

**Compañía:** Inventi Teatro

**Data:** 21 de xullo de 2021

**Horario:** 19 h.

**Lugar:** Xardín Literario. Explanada do lago

**Tipo:** Teatro de rúa (maiores de 4 anos)

**Asistencia:** 70 persoas



↗ Derriba da lúa

## Derriba da lúa

O segundo espectáculo do ciclo estivo pensado para bebés. Tratouse dun espectáculo- obradoiro de narración oral e música, no que se fixeron arrollos, contos, cantos e xogos en compañía para soñar e crecer libres como paxaros de candeloria a candeloria.

**Compañía:** Rilo & Penadique

**Data:** 28 de xullo de 2021

**Horario:** Dous pases. Un ás 18 e outro ás 19 h.

**Lugar:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Tipo:** Obradoiro espectáculo (0 a 3 anos)

**Asistencia:** 41 persoas

## A eira do paporrubio

Montamos tamén este verán a nosa particular eira no Gaiás que se encheu de xogos tradicionais. Javier Iglesias Rodríguez propuxo un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria co que coñecemos un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantareiros da nosa fauna.

**Compañía:** Javier Iglesias Rodríguez

**Data:** 11 de agosto de 2021

**Horario:** 18 h.

**Lugar:** Xardín Literario. Explanada da lagoa

**Tipo:** Xogos tradicionais (Maiores de 2 anos)

**Asistencia:** 42 persoas

## A formiga Icíá

Coa formiga Icíá chegou ao Gaiás o teatro para nenas e nenos que contou co encanto dun conto ilustrado. Un fermoso e colorido libro no que as páxinas tornan tridimensionais. A peza convidou a meniñas e meniños a tomar parte nun mundo diminuto de abellóns, arañas, formiguiñas e vagalumes no que aprenderon sobre a amizade, a lealdade, a tolerancia e a responsabilidade cara aos dereitos das outras persoas.

**Compañía:** La fiesta escénica

**Data:** 4 de agosto de 2021

**Horario:** 19 h.

**Lugar:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Tipo:** Teatro (Todos os públicos)

**Asistencia:** 166 persoas

## O camiño do afiador

O ciclo rematou con *O camiño do afiador*. Un espectáculo de maxia que xirou ao redor dunha roda de afiar dos anos trinta, herdada polo Mago Teto dos seus antepasados. Tras séculos de viaxes, a roda trouxo canda si milleiros de historias e aventuras doutros tempos que chegaron á escena envoltas do bo facer deste grande ilusionista.

**Compañía:** Mago Teto

**Data:** 18 de agosto de 2021

**Horario:** 19 h.

**Lugar:** Xardín Literario. Explanada da lagoa

**Tipo:** Maxia (Maires de 7 anos)

**Asistencia:** 80 persoas



↗ A formiga Icíá

## Nadal no Gaiás 21-22

Do 17 ao 29 de decembro de 2021 | Museo Centro Gaiás, andar -1 / Hall de tirantes

**Datas:** 22, 23, 27, 28 e 29 de decembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 203 persoas



ACTIVIDADE CULTURAL

### O marabilloso camiño de inverno Instalación de Ana Inés Jabares- Pita

O Hall de Tirantes converteuse neste Nadal nun paraíso de inverno, onde a maxia propia destas datas e o Camiño de Santiago foron da man con globos de neve a escala humana con elementos representativos do Camiño de Inverno no seu interior, nos que xogar a descubrir as cidades, monumentos e paisaxes emblemáticas da Ruta Xacobeá. Esta instalación, pola que puideron pasear os visitantes coma quen se somerxe nun bosque, recreou un camiño invernal cunha paisaxe máxica, ambientada tamén con bólas de luz e coa árbore de Nadal, elemento principal do espazo, cunha decoración na mesma liña da instalación. As familias que se achegaron ao museo puideron xogar a identificar as etapas do Camiño de Inverno no interior dos globos de neve e trazar a ruta correcta a seguir, como se fosen peregrinos dentro desta paisaxe máxica.

**Datas:** Do 17 de decembro de 2021 ao 6 de xaneiro de 2022

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes

**Concepto e deseño:** Ana Inés Jabares-Pita

**Deseño de iluminación:** Octavio Mas Ibáñez

**Asistente de deseño:** Alicia Martínez Núñez

**Deseño vídeo-arte:** Masako Hattori

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** 2.534 persoas en 2021

## Tardes de maxia

Para as tardes do Nadal, o Gaiás preparou unha proposta de catro obradoiros e un espectáculo para gozar da maxia en familia.

### Tardes de maxia

Datas: do 22 ao 29 de decembro de 2021

Obradoiros de trucos de maxia tematizados sobre lendas e historias do Camiño de Santiago, con especial énfase no Camiño Portugués:

Día 22: Os biosbardos

Día 23: O galo de Barcelos

Día 28: A maxia dos petróglifos

Día 29: O tesouro dos Mouros

### Ilusións do Camiño

Datas: do 27 ao 29 de decembro de 2021

O Camiño de Santiago é unha fonte inesgotable de misterios, e este espectáculo foi unha maneira de descubrilos a través das lendas e historias de temática xacobeá que adobiaron os trucos de maxia deste espectáculo. Para iso contouse cos magos da compañía Magia en la Manga, fundada en 2019 por catro ilusionistas profesionais galegos con anos de experiencia nos escenarios: Óscar Fernández, Xulio Merino, Sara Rodríguez e Carlos Tomic.



## 02.5 / LETRAS E PENSAMENTO

### Relecturas. Xela Arias | Día das Letras Galegas

Do 8 ao 23 de maio de 2021 | Museo Centro Gaiás

Para compartir e dar visibilidade ao legado literario de Xela Arias, contribuíndo a que a cidadanía coñeza mellor á persoa homenaxeada nas distintas edicións das Letras Galegas, na Cidade da Cultura continuamos a senda dos últimos anos organizando a nosa habitual lectura compartida. Nesta ocasión, ademais de contar coa participación de todo o público interesado, realizouse unha actividade específica co alumnado de dous centros de ensino das vilas clave na vida de Xela Arias: Sarria e Vigo.

**Data:** Semana do 17 de maio de 2021

**Escolma de textos:** María Xesús Nogueira

**Actividade en formato híbrido:**

Presencial e en liña

#### Lectura compartida

Todo o público que se achegou á Cidade da Cultura o sábado 8 de maio foi convidado a sumarse á lectura dun poema de Xela Arias, a partir dunha escolma realizada por Chus Nogueira, filóloga, presidenta da Asociación Galega da Crítica, e investigadora especializada en poesía galega contemporánea con especial atención á figura de Xela Arias. Esta lectura participativa foi gravada en vídeo para a difusión dunha peza audiovisual o 17 de maio, coa que dun xeito inclusivo, dinámico e colaborativo, achegamos a vida e obra da poeta entre toda a cidadanía.

**Data:** Gravación: 8 de maio de 2021.

Emisión en liña: a partir do 17 de maio de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás e canle de Youtube da Cidade da Cultura

**Participantes:** Participan na gravación 32 persoas

**Asistencia en liña:** 308 persoas

#### Actividade didáctica

Este ano, ademais, a nosa lectura participativa abriuse aos centros escolares a través dunha actividade en liña con alumnado de dúas localidades de referencia na vida de Xela Arias: a súa vila natal Sarria e a cidade de Vigo, lugar onde desenvolveu a súa carreira literaria. Estudantado do departamento de lingua e literatura galega do IES Xograr Afonso Gómez e do Instituto Castelao de Vigo, tras traballar nos seus itinerarios curriculares a obra de Xela Arias, fixeron o exercicio crítico de escoller tres poemas que representasen a autora para deles e analízalos de xeito conxunto a través dunha videoconferencia entre os dous centros e o Museo Centro Gaiás. Este encontro virtual realizouse o martes 11 de maio, moderado pola poeta Nuria Vil.

**Data:** Gravación: 11 de maio de 2021. Emisión en liña: a partir do 17 de maio de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, sala audiovisual e canle de Youtube da Cidade da Cultura

**Modera:** Nuria Vil

**Centros participantes:** IES Xograr Afonso Gómez de Sarria e Instituto Castelao de Vigo

**Participantes:** Participan 16 alumnos de 2 centros de ensino

**Seguimento en liña:** 478 persoas



# Coordenadas. Diálogos literarios da Fundación Carlos Casares

Do 4 ao 5 de xuño de 2021 | CINC. Auditorio 2 e canles dixitais da Fundación Carlos Casares



*Coordenadas* foi unha actividade literaria para Santiago de Compostela no ronsel dos Diálogos Literarios clásicos da Fundación Carlos Casares, que se desenvolveron desde 2004 a 2012 entre Mariñán (Bergondo) e Santiago de Compostela. A súa adaptación ás novas circunstancias tivo en conta tres eixes fundamentais: a evolución dos públicos, as tendencias do mercado editorial e o agromar de novas linguaxes. O seu campo de actuación centrouse na literatura galega –en concreto a novela, o conto e mais o ensaio–, aínda que con extensións ás literaturas peninsulares e incluso ás literaturas europeas e americanas. Procurouse, xa que logo, tender pontes entre a literatura galega e a literatura mundial. O evento puido seguirse en liña en directo, e o rexistro deses directos pode ser consultado na canle de Youtube da Fundación Carlos Casares.

**Datas:** 4 e 5 de xuño

**Espazo:** CINC. Auditorio 2 e canles dixitais da Fundación Carlos Casares

**Actividade en formato híbrido:** Presencial e en liña

**Horario:** Venres de 10 a 18:30 h.

Sábado de 11 a 13:00 h.

**Organiza:** Fundación Carlos Casares

**Asistencia presencial:** 19 persoas

**Asistencia en liña:** 151 persoas

## PROGRAMA

- **Diálogo 1:** Diferenciarse. "A tribo que conserva o lume" (Através editora, 2020) Teresa Moure. Crítico: Manuel Bragado. Modera: Gustavo A. Garrido

- **Diálogo 2:** A mirada interior. "Mudar de pel" (Anagrama, 2018). Marcos Giralt Torrente. Crítico: José Antonio Ponte Far. Modera: Gustavo A. Garrido.

- **Videoensaio:** "Bieito Iglesias. Unha obra". Autor de catro novelas, seis libros de contos, tres de ensaio, un de poesía e un de LIX. Realizador Ricardo Araújo Gil.

- **Diálogo 3:** Unha conversa con Bieito Iglesias. Crítico: Paulino Vázquez. Modera: Malores Villanueva.

- **Diálogo 4:** O espello do mestre. "Os Cimentos da Noite" (Adrontamento, 2020) José Viale Moutinho. Crítico: Vicente Araguas. Modera: María Isabel Morán.



➤ Gustavo A. Garrido



➤ Jose Viale Mourinho



➤ Manuel Bragado



➤ María Isabel Mourán



➤ Vicente Araguas



➤ Bieito Iglesias



➤ Marcos Giralt Torrente



➤ Maroles Villanueva



➤ Paulino Vázquez



➤ Teresa Moure





## EAN11: Encontro de artistas novos Cidade da Cultura

Do 23 ao 26 de agosto de 2021 | CINC. Auditorio 1

Por undécimo ano consecutivo o Gaiás volveu ser un espazo de encontro no que creadores emerxentes tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais.

Dirixido por Rafael Doctor, o *Encontro de Artistas Novos* busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto os participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou "art followers". Cada un dos participantes do EAN11 realizou unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións. Ademais, como cada ano, o EAN trouxo ao Gaiás a artistas e creadores cunha traxectoria reoñecible, como Marina Vargas, Eugenio Merino, Eva Díez e Abel Azcona para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor da arte. Como art followers, participaron no EAN11 Eduardo Valiña (artista, comisario e conservador xefe da Fundación Granel), Semíramis González (comisaria e directora artística de JustMAD e JustLX) e Javier Díaz-Guardiola (xornalista e comisario).

**Datas:** Do 23 ao 26 de agosto de 2021

**Espazo:** CINC. Auditorio 1

**Director:** Rafael Doctor

**Artistas:** Marina Vargas, Eugenio Merino, Eva Díez, Abel Azcona

**Art Followers:** Eduardo Valiña, Semíramis González, Javier Díaz Guardiola

**Colabora:** Fundación Banco Sabadell

**[Programación Xacobeo 21-22]**

### ARTISTAS SELECCIONADOS

Adrián González Salgueiro // Aldara Rodríguez Pagán // Alejandra Morote Peralta // Alejandro González Castillo // Alexia Cobo Sayago // Andrea Dunia Díaz Casal // Andrés Baltar Rigueira // Andrés Rivas Rodís // Antonio Giráldez López // Borja Sandoval // Carlos Fernández-Monzón Klett // Clara Puente García // Daniel Gasol Señorón // Diana Velasquez // Eva Antelo Mata // Francisco José Domínguez García // Hilario Pérez Louzao // Irene Martín Ruiz // Javier Arcenillas // Javier Erre // Jorge Barrabas Cruz Martínez // Juan David alcedo Muñoz // Laura Pérez Fernández // Leafhopper Project: David Simón Martret / Blanca Galindo // Los picoletos: Dante Litvak / Fabricio Román // Lúa Gándara // Manuela Loren-te Cort // María Lourdes Rivero Jiménez // María Rosa Aránega Navarro // María Victoria Martínez Pacheco // Natalia Domínguez // Natalia Pía Conde Díez // Noa Castro Lema // Noemí Núñez Núñez // Oliver Alonso Fernández // Pedro Santiago Saiz // Roberto Aguirrezabala Martínez // Sebastián Bejarano López // Silvia Benítez Lermo // Xiana Santiago Couce



## Carta de Santiago. Diálogos para unha sociedade de futuro

Do 5 ao 7 de novembro de 2021 | CINC, Salón de convencións e en liña a través da web do encontro e o youtube da Cidade da Cultura

*Carta de Santiago* foi un evento aberto con vocación de dar voz á comunidade global nun momento de profundas reformulacións e cambios de valores tra a crise epidemiolóxica. Durante tres días, personalidades de varias disciplinas sociais e culturais, do panorama estatal e internacional, déronse cita para debater sobre os retos de futuro do século XXI. Este foro internacional pretendeu ser un espazo de reflexión, diálogo e debate sobre 21 temáticas relevantes entre as que se atopan a transformación cultural, o cambio climático, os desequilibrios territoriais, a educación, a diversidade, o emprendemento ou a ciencia.

**Datas:** Do 5 ao 7 de novembro de 2021

**Espazo:** CINC, Salón de convencións e en liña a través da web do encontro e o youtube da Cidade da Cultura

**Actividade en formato híbrido:** Presencial e en liña

**Organiza:** Xunta de Galicia e Fundación Paideia Galiza

**[Programación Xacobeo 21-22]**

**Asistencia:** Asistencia presencial: 749 persoas

Asistencia en liña: 1.072



### COMITÉ DE CO-CREACIÓN

- Amparo Alonso, presidenta da Asociación Española para la Inteligencia Artificial (AEPIA)
- Pedro Calaza, director da Escola Gallega do Paisaxe
- Mónica Fernández Aceytuno, Bióloga, Premio Nacional de Medio Ambiente “Félix Rodríguez de la Fuente de Conservación de la Naturaleza” en 2003.
- Ana Freire, doutora en Ciencias da Computación, Premio Fundación Real Academia de Ciencias ao Joven Talento Científico Femenino
- César de la Fuente, investigador en biotecnoloxía recoñecido polo MIT
- Marisol Soengas, xefa do Grupo de Melanoma do Centro Nacional de Investigaciones Oncolóxicas
- Cristina Fernández-Armesto, socia da granxa ecolóxica Casa Grande de Xanceda e Premio Empresarias de Galicia 2019
- Isabel López-Chamorro, agricultora ecolóxica
- Domingo Villar, escritor
- Marga Pazos, xornalista
- Luz Casal, cantante e compositora
- Francisco Leiro, artista visual
- Sandra Ortega, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

### RELTADORES/AS

- CULTURA E ARTES:** Pino Sagliocco, Joe Pérez-Orive, Nacho Carretero, Flavita Banana, Domingo Villar, Miriam Escofet, Juan Manuel Zafra, Marta Larralde. Coordinador: Kin Martínez.
- MEDIO AMBIENTE:** Gunter Pauli, Jorge Neri, Lucía Viñas Diéguez, Salvador Fojón Polanco, Mónica Fernández-Aceytuno, Carolyn Steel, Joan Roig, Teresa Táboas. Coordinador: Pedro Calaza
- ECONOMÍA E SOCIEDADE:** Joséphine Goube, Keina Espiñeira, Marga Pazos, Mathilde Mesnard, Ana José Varela, Alicia Tojeiro, Ainara Zubillaga. Coordinadora: Ana Freire
- CIENCIA E TECNOLOXÍA:** María Neira, África González, Bibiana Campos, Senén Barro, César de la Fuente, Daniel Innerarity, Luz Rello, Amparo Alonso. Coordinadora: Marisol Soengas

## 02.6 / VISITAS E ACCIÓNS DIVULGATIVAS

### DAS EXPOSICIÓNS, INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS E ARQUITECTURA DO GAIÁS

ACTIVIDADE CULTURAL



## Cinema e emocións. Unha viaxe á infancia

Do 22 de xullo de 2020 ao 10 de xaneiro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar 3

### Programa regular de visitas comentadas

As visitas comentadas a esta exposición quixeron amosar un percorrido pola historia do cinema e polas emocións humanas a través da ollada sempre pura e sorprendente da cativada. A través de fragmentos de películas de diferentes xéneros, épocas e latitudes, ademais de debuxos, storyboards, fotografías de rodaxe, carteis, maquetas ou obxectos senlleiros as persoas que asistiron ás visitas puideron trasladarse a momentos que marcaron a súa infancia ao tempo que os axudaron a redescubrir o medo, a ilusión, rabia ou a alegría a través da ollada dos seus protagonistas.

**Datas:** De martes a domingo

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 3

**Asistencia:** 8 persoas en 2021  
(629 persoas en total)



## Galicia. De Nós a nós

Do 2 de outubro de 2020 ao 17 de xaneiro de 2021 | Museo Centro Gaiás

### Programa regular de visitas comentadas

As persoas asistentes ás visitas comentadas da exposición *Galicia, de Nós a nós* puideron mergullarse da man do equipo de guías do Museo Centro Gaiás na mostra máis completa e ambiciosa sobre a Xeración Nós, cedidas por máis de 60 institucións e prestadores privados. O programa de visitas puxo o foco nas conexións internacionais da revista e dos seus impulsores, a través de obras presentes na mostra e procedentes de Francia, Alemaña e Portugal e tamén na exhaustiva documentación reunida (procedente de distintos arquivos e coleccións) que ilustra o desenvolvemento da revista: estatutos e títulos de socios da Sociedade Nós, recibos, subscricións, axenda, libro de contas, facturas ou correspondencia entre os protagonistas, que permiten rastrexar o devir da publicación. Nas visitas fíxose fincapé tamén na colección íntegra da revista e as diferentes experiencias interactivas mergullando os visitantes no deseño, os colaboradores, temáticas e conexións internacionais da publicación completando así o coñecemento do Grupo Nós.

**Datas:** De martes a domingo

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 2

**Público:** Xeral

**Asistencia:** 146 persoas en 2021  
(852 persoas en total)

### Programa didáctico en liña

Neste curso atípico, o Museo Centro Gaiás propúxose continuar a ser unha ferramenta educativa de primeira orde levando as súas exposicións ao corazón dos centros de ensino grazas ao emprego das novas tecnoloxías. Converteuse así no primeiro museo de Galicia en ofrecer a docentes e estudiantado visitas didácticas en liña nas que, a través de videoconferencia, podían coñecer contidos culturais de gran potencial didáctico e tirar o máximo proveito dos recursos que o Gaiás facilita á comunidade educativa.

Este novo programa ofertou así unha alternativa ás visitas escolares que o complexo e exposicións da Cidade da Cultura viñan acollendo cada ano ao longo do curso escolar, e que as medidas para frear o avance da pandemia da covid-19 impedían que se desenvolvera do xeito habitual. Estas visitas en liña permitiron o coñecemento polo miúdo das distintas pezas e relatos que se abordaron na exposición *Galicia, de Nós a nós*, así como a interacción directa de estudantes e docentes cos guías do Museo.

**Datas:** De martes a venres, ata o 15 de xaneiro de 2021

**Espazo:** A través de videoconferencia, en conexión co Museo Centro Gaiás

**Público:** Alumnado de Primaria, ESO, Bacharelato e FP de centros de ensino galegos

**Asistencia:** 737 estudantes en 10 grupos en 2021  
(4.485 estudantes en 64 grupos en total en 2020 e 2021)



## As miradas de Isaac

Do 6 de novembro de 2020 ao 30 de maio de 2021 | Museo Centro Gaiás

ACTIVIDADE CULTURAL

### Programa regular de visitas comentadas

A través das visitas comentadas á exposición quixemos achegarnos ao polifacético universo de Isaac Díaz Pardo (ceramista, pintor, deseñador, escritor, editor, empresario...). As visitas percorreron esta exposición con máis de 260 pezas, entre obras de arte, obxectos diversos, fotografías, textos, murais, documentos e proxeccións distribuídos en dez seccións. O programa de visitas puxo o foco en cuestións como a importancia do pai –Camilo Díaz Baliño– no desenvolvemento da súa personalidade; a infancia e mocidade compostelá de Díaz Pardo; a súa participación activa a favor da campaña do si polo Estatuto de Autonomía de 1936; a súa faciana de pintor; o seu contacto co exilio e o seu compromiso pola recuperación da memoria histórica; o labor como escritor; os emprendementos empresariais, con Sargadelos como insignia das súas realizacións industriais; as iniciativas culturais e investigadoras como o Seminario de Sargadelos ou o Instituto de Galego de Información; o seu traballo como deseñador industrial que proxectou máquinas, porcelanas, mobles ou Edicións do Castro, como editor; e finalmente como recuperador –con Luis Seoane– da vangarda artística galega anterior á Guerra Civil, coa posta en marcha do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside.

**Datas:** De martes a domingo

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1

**Público:** Xeral

**Asistencia:** 2.305 persoas en 2021  
(2.601 en total)

### Visitas en liña

A entrada en vigor do Decreto 8/2021 e orde de 26 xaneiro de 2021 que estableceu o peche de museos entre o 27 de xaneiro e o 17 febreiro de 2021 afectou áss visitas comentadas á exposición polo que, como alternativa, o persoal de guías do Museo Centro Gaiás ofreceu dúas visitas en liña e en directo para que o público puidese descubrir desde as súas casas esta primeira grande exposición homénaxe a Díaz Pardo, unha das figuras máis importantes da cultura galega do século XX.

**Datas:** 13 e 14 de febreiro de 2021

**Espazo:** Youtube da Cidade da Cultura

**Público:** Xeral

**Asistencia:** 158 espectadores únicos

### Programa didáctico en liña

Continuando coa senda iniciada con *Galicia, de Nós a nós*, o equipo didáctico do Museo Centro Gaiás seguiu a ofrecer aos centros de ensino galegos visitas didácticas a través de videoconferencia, neste caso á exposición *As miradas de Isaac*, que protagonizou a oferta do segundo trimestre do curso escolar. Estas visitas en liña permitiron o coñecemento polo miúdo das distintas pezas e relatos que se trataban na exposición, así como a interacción directa de estudantes e docentes cos guías do Museo.

**Datas:** De martes a venres, do 20 de xaneiro ao 26 de marzo de 2021

**Espazo:** A través de videoconferencia, en conexión co Museo Centro Gaiás

**Público:** Alumnado de Primaria, ESO, Bacharelato e FP de centros de ensino galegos

**Asistencia:** 2.812 estudantes



## Os brancos segredos do seu ventre

Do 18 de marzo ao 5 de setembro de 2021 | Museo Centro Gaiás

### Programa regular de visitas comentadas

Visitas comentadas para achegarse, da man do persoal de guías do Museo Gaiás, ao ventre multicolor e contemporáneo que conforma esta exposición, composta por unha escolma de 53 de obras procedentes da Fundación Rac e realizada pola comisaria Bea Espejo. Acompañados polos guías do Museo, as persoas visitantes gozaron dunha explicación sobre obras de recoñecidos artistas internacionais da arte contemporánea, como Tracey Moffatt, Julião Sarmento, John Baldessari, Joseph Beuys, Tacita Dean, Roman Signer, Sofía Táboas ou Ernesto Neto. Non faltan artistas españois con repercusión internacional, como Ignasi Aballí, Carmen Calvo, Eulalia Valldosera ou Pepe Espaliú, e galegos como Diego Santomé, Rosendo Cid, Marcos Covelo, Sara Coleman ou a recoñecida Ángela de la Cruz, Premio Nacional de Artes Plásticas e candidata aos Turner, os premios de arte máis coñecidos e prestixiosos do Reino Unido que outorga anualmente a Tate de Londres.

**Datas:** De martes a domingo

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 3

**Asistencia:** 127 persoas



## Día dos museos

Do 18 ao 23 de maio de 2021 | Museo Centro Gaiás

Ao longo de toda a xornada do 18 de maio, o Museo Centro Gaiás, seguindo o lema proposto polo ICOM "O futuro dos museos: repensar e reimaxinar" potenciou un dos recursos cos que reorientou os seus servizos de didáctica durante o confinamento: as visitas en liña e en aberto, co obxecto de achegar os contidos das exposicións a todas aquelas persoas interesadas. Un xeito de descubrir, non soamente as exposicións de forma profusa e polo miúdo, senón tamén un innovador modo de pór en valor os traballos do departamento didáctico dun museo e do seu persoal.

**Espazo:** Museo Centro Gaiás e en liña a través da canle de webex da cidade da Cultura

**Actividade híbrida:** presencial e en liña

**Colabora:** RESIS Festival, Verónica Vicente e Colectivo Globo

### PROGRAMA

- De 10 a 14 h.: Programa de visitas en liña para centros escolares
- 17 h.: Visita en liña especial á exposición *Faraón. Rei de Exipto* para público xeral
- De 10 a 20 h.: Estrea en Santiago de Compostela de *Formas da Aparencia*, peza audiovisual da artista Verónica Vicente e creada dentro das Residencias Artísticas do Gaiás REGA en colaboración co RESIS Festival





## O perpetuo tránsito cara ao presente | Conversa con escolares polo Día do Medio Ambiente

O 4 de xuño de 2021 | Canle de Youtube da Cidade da Cultura de Galicia

A arte é un importante e eficaz instrumento de sensibilización e concienciación social, tamén en materia de ecoloxía. Por iso, co gallo do Día do Medio Ambiente (5 de xuño) e no marco da intervención paisaxística nas Torres Hejduk *O perpetuo tránsito cara ao presente* organizamos un faladoiro con alumnado do primeiro e segundo ciclo da ESO para dar as claves de como a creación artística pode axudar a afondar e transmitir canto e como é de importante o respecto e conservación dos nosos recursos naturais.

Esta charla correu a cargo do autor da instalación Miguel Moreno Mateos, quen incidiu na importancia da auga como ben finito e indispensable e na necesidade do seu coidado e consumo responsable. Empregou a auga como exemplo de elemento fundamental para vida e afondou co alumnado nos conceptos de sostibilidade e reciclaxe. Ademais, contou cunha interesante parte práctica sobre procesos de depuración e filtrado da auga.

**Espazo:** Emisión na canle de Youtube da Cidade da Cultura de Galicia

**Horario:** 11 h.

**Relator:** Miguel Moreno Mateos

**Patrocina:** Viaqua

**Espectadores:** 200 alumnos e alumnas de ESO



## Andainas con arte

Do 19 de xuño ao 17 de setembro de 2021 | Bosque de Galicia e Torres Hejduk

Co obxectivo de unir cultura e natureza, a arte traspasa os lindeiros físicos do Museo Centro Gaiás e sae ás zonas verdes con intervencións artísticas como "Espeellos", de Manolo Paz, "Zapatos no camiño", de Francisco Leiro "Constelacións II" (o "banco do peregrino") de Clara Montoya, ou "Deixa aquí os medos" de Alicia Framis. As persoas asistentes a esta pequena andaina guiada de algo menos dunha hora de duración puideron descubrir estas e outras intervencións contemporáneas que acollen os espazos exteriores da Cidade da Cultura. As obras da terceira edición do ciclo *Reb/veladas na paisaxe* e as intervencións artísticas que acollen as Torres Hejduk completaron este percorrido.

**Datas:** Martes e venres ás 11 h.

**Espazo:** Bosque de Galicia e Torres Hejduk

**Asistencia:** 101 persoas



## Faraón. Rei de Exipto

Do 27 de marzo ao 15 de agosto de 2021 | Museo Centro Gaiás / Espazo Audiovisual

### Programa regular de visitas comentadas

Esta visitas amosaron dun xeito didáctico e divulgativo as pezas máis salientables desta mostra ao tempo que permitiron achegarse ao mundo do antigo Exipto, facendo fincapé nos ámbitos que trataba a mostra, desde o papel dos faraóns, os deuses desta antiga civilización, os símbolos do poder, os templos, as festividades, a vida da realeza, o funcionariado e o goberno, a guerra ou a diplomacia.

**Datas:** De martes a domingo

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 2

**Asistencia:** 2.150 persoas

### Programa didáctico en liña

Os formatos de streaming que xa eran naturais para os máis novos e novas e que xa forman parte das nosas vidas por causa da pandemia, como Zoom, Twitch ou YouTube, dannos a posibilidade de viaxar sen saír da aula e de achegar materiais exclusivos dun dos mellores museos do mundo como é o British Museum. As visitas comentadas en liña para alumnado a *Faraón. Rei de Exipto* supuxeron ao mesmo tempo unha aventura interactiva e un achegamento rigoroso á arte e á cultura exipcia que espertou grande interese por parte dos centros de ensino de toda Galicia.

**Datas:** De martes a venres, do 13 de abril ao 18 de xuño de 2021

**Espazo:** A través de videoconferencia, en conexión co Museo Centro Gaiás

**Público:** Alumnado de Primaria, ESO, Bacharelato e FP de centros de ensino galegos

**Asistencia:** 5.079 estudantes, de 121 centros de ensino



## Webinario: Introducción á escrita xeroglífica

Neste webinario impartido en liña polo historiador César Guerra, puidemos coñecer a historia da Pedra Rosetta e por que foi a chave para comezar a desentrañar os misterios da milenaria escrita xeroglífica. A través das obras expostas en *Faraón. Rei de Exipto* puidemos comprender un pouco mellor os textos que nos deixou a civilización do Antigo Exipto.

César Guerra Méndez é historiador da arte pola USC. Estudou o Master de exiptoloxía da Universidade de Liverpool, ademais de participar en varios congresos internacionais presentando temas relativos á cultura e arte do antigo Exipto e realizar diferentes publicacións en revistas académicas. Actualmente xestiona a plataforma web de estudo do Antigo Exipto [www.elescribafustrado.com](http://www.elescribafustrado.com), que tamén conta con presenza activa nas redes sociais

**Datas:** 8 de maio de 2021

**Espazo:** Emisión desde o Espazo Audiovisual do Museo Centro Gaiás a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura

**Imparte:** César Guerra Méndez

**Asistencia:** 315 espectadores

## Faladoiro: Descubrir o Antigo Exipto nos nosos días

Con esta mesa redonda quixemos dar a coñecer como son os labores de investigación e escavación que se realizan na actualidade nas zonas do antigo imperio exipcio. Para iso, convidamos a dúas arqueólogas galegas que fan campañas habitualmente no país no Nilo para que compartisen co noso as súas experiencias.

Neste faladoiro en liña, coñecemos o traballo arqueolóxico no Exipto dos Faraóns a partir da experiencia en Luxor de Isolina Lorenzo, nos traballos de escavación e restauración da tumba do misterioso Visir Amen-Hotep Huy. Por outra banda, internámonos nas campañas fóra dos grandes centros arqueolóxicos viaxando da man de Vanesa Trevín e o Sikait Project ao Mons Smaragdus (a montaña de esmeraldas), un complexo mineiro a carón do Mar Vermello que se remonta á época ptolemaica e que tras a conquista por parte de Roma se converteu no único provedor de esmeraldas de todo o imperio romano. A conversa estivo conducida pola xornalista Marta Gómez.

**Data:** 29 de maio de 2021

**Espazo:** Emisión desde a sala Audiovisual do Museo Centro Gaiás a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura

**Participan:** Isolina Lorenzo Fernández e Vanesa Trevín Pita

**Moderadora:** Marta Gómez

**Asistencia:** 123 espectadores



## Conferencia de Marie Vandenberg, comisaria da exposición

Marie Vandenberg, comisaria de *Faraón. Rei de Exipto*, impartiu unha conferencia plenaria —a través de videoconexión en directo desde Londres— na que achegou a súa visión como especialista máxima das pezas exhibidas neste mostra, para comprender mellor a forma de vida e o contexto dos gobernantes do Val do Nilo. Esta conferencia deu numerosas claves para entender mellor o relato expositivo e descubrir as historias que agochaban os obxectos exhibidos, desde as grandes estatuas a outras pezas menos usuais, que nos ofrecían unha perspectiva máis íntima da vida diaria en palacio ou das relacións diplomáticas do goberno desta cativadora civilización.

Marie Vandenberg é comisaria do Departamento do Antigo Exipto e Sudán do British Museum, onde se encarga do desenvolvemento de exposicións itinerantes. As súas investigacións céntranse nas prácticas funerarias e máxicas do antigo Exipto, especialmente no estudo das momias e da cultura material.

**Data:** 10 de xuño de 2021

**Espazo:** Emisión desde a sala Audiovisual do Museo Centro Gaiás a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Asistencia presencial:** 28 persoas

**Asistencia en liña:** 25 espectadores

## Visita comentada en liña

Visita en liña para que todas as persoas interesadas puidesen conectar en directo co persoal de guías do Museo Centro Gaiás e coñecer os contidos máis destacados da exposición.

**Data:** 12 de xuño de 2021

**Espazo:** Emisión desde o Espazo Audiovisual do Museo Centro Gaiás a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura

**Asistencia:** 138 espectadores

## Escape room do Faraón

O "escape room" do faraón foi unha experiencia innovadora coa que dar a coñecer as exposicións do Gaiás dun xeito moi achegado á mocidade e á vez moi adaptado aos tempos de pandemia, dado que o xogo se seguía de xeito autónomo a través dunha aplicación que as e os participantes podían empregar directamente desde os seus dispositivos móbiles. Así conseguimos converter a mozas e mozos en intrépidos exploradores e exploradoras para lograr resolver os enigmas propostos nunha visita diferente a *Faraón. Rei de Exipto*, na que para poder saír da sala de exposición tiveron que pasar antes todas as probas e resolver os misterios que agochaban as pezas.

**Datas:** 29 e 30 de xuño e 1 de xullo de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar 2

**Horario:** De 16:00 a 18:00 h.

Quendas cada 15 minutos. 9 grupos por día. 4 persoas por quenda como máximo

**Público:** Mocidade (recomendado maiores de 12 anos)

**Asistencia:** 104 persoas



## Visitas arquitectónicas

Do 23 xuño ao 18 setembro de 2021 | Varios espazos

As visitas arquitectónicas son unha forma diferente de realizar unha descuberta do Gaiás: para abraiarse cunha breve panorámica da súa arquitectura, coñecer as liñas mestras do proxecto, así como os principais usos e fitos do complexo e as claves do seu funcionamento. Na visita ensínanse diversos espazos explicando os seus usos e configuración e achegándose tamén a lugares non accesibles para o público habitualmente como a galería de servizos subterránea, que comunica o subsolo de todos os edificios.

**Datas:** Mércores e sábados ás 11 h.

**Espazo:** Varios espazos destacados do complexo arquitectónico

**Asistencia:** 911 persoas



## Galicia futura. Todo o que imos ser

Do 14 de xullo de 2021 ao 29 de xaneiro de 2022 |

Museo Centro Gaiás / Biblioteca / Arquivo de Galicia. Auditorio Neira Vila / Canle de Youtube da Cidade da Cultura de Galicia

### Programa regular de visitas comentadas

Percorrido comentado co equipo de guías da Cidade da Cultura para afondar nas claves do suxestivo diálogo entre arte e ciencia, entre tecnoloxía e creatividade que ofrecía esta exposición comisariada por Deborah García Bello e Miguel Ángel Cajigal Vera. Ao igual que a mostra, as visitas propuxéronse tomarlle o pulso do presente para propoñer unha viaxe a través dos fitos e ideas innovadoras que están a marcar os vieiros do porvir da nosa comunidade en diferentes campos, explorando así un futuro desexado e posible e dando a coñecer o traballo que están a desenvolver a día de hoxe diferentes profesionais e grupos de vangarda.

**Datas:** De martes a domingo

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar 1

**Público:** Xeral

**Asistencia:** 616 persoas



## Programa didáctico en liña

O programa didáctico de *Galicia futura* supuxo o regreso das visitas educativas presenciais ao Museo Centro Gaiás tras a pandemia, deseñando para o primeiro trimestre do curso un programa híbrido de oferta didáctica na que os centros puideron elixir entre visitar a mostra no propio Museo, ou ben optar pola visita en liña a través de videoconferencia.

Activar no alumnado a capacidade de reflexión e análise sobre como imaxinan a Galicia do futuro foi o obxectivo deste programa didáctico, que lanzaba preguntas como: Onde imos vivir no futuro? Que avances está a haber na ciencia galega? Como será a arte do futuro en Galicia? ou Como soará a nosa música?, e procuraba tamén que a rapazada presentase as súas inquedanzas e reflexións sobre estes temas.

**Datas:** De martes a venres, do 21 de setembro ao 21 de decembro de 2021

**Espazo:** Modalidade presencial e tamén en liña, a través de videoconferencia, en conexión co Museo Centro Gaiás

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Público:** Alumnado de Primaria, ESO, Bacharelato e FP de centros de ensino galegos

**Asistencia:** 1.252 estudantes en total: 350 na modalidade en liña 902 na modalidade de visita presencial





### #Culturalike3: Galicia futura

Nun tempo no que o debate sobre o acceso a información de calidade non deixa de gañar importancia e no que as plataformas sociais en liña supoñen poderosas fiestras ao mundo e ao coñecemento, profesionais de diferentes disciplinas consolídase como referentes da divulgación en redes, axudando á poboación a comprender de maneira máis profunda cuestións culturais ou científicas. Neste contexto, a terceira edición do #Culturalike, organizado ao fío dos temas da exposición *Galicia futura*, tratou sobre os novos modelos de comunicación da cultura e da ciencia nunha sesión dobre con profesionais de recoñecido prestixio e consolidadas comunidades nas súas plataformas dixitais.

**Data:** 11 de decembro de 2021

**Espazo:** Biblioteca e Arquivo de Galicia. Auditorio Neira Vilas. Emisión en liña a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Horario:** De 11 a 19 h.

**Coordina:** Deborah García Bello e Miguel Ángel Cajigal

**Conduce:** Deborah García Bello

**Convidadas:** Espido Freire, Sara Rubayo, Tamara Pazos, Juan Manuel Bermúdez, Gemma Rojo López, Laura Opazo

**Asistencia:** Asistencia presencial 47 persoas  
Asistencia en liña 382 persoas

#### PROGRAMA

##### Sesión de mañá [11.00 h]

- Conversa con Espido Freire
- Conversa con Sara Rubayo (La Gata Verde)
- Conversa con Tamara Pazos (@putamen\_t)
- Conversa a 4, con Deborah García Bello (@deborahciencia), Espido Freire, Sara Rubayo e Tamara Pazos en diálogo aberto co público.

##### Sesión de tarde [16.00 h]

- Conversa con Juan Manuel Bermúdez (@thermogramer)
- Conversa con Gemma Rojo López (@gemmacurrelos)
- Conversa con Laura Opazo (@laura\_opazo)
- Conversa a 4, con Deborah García Bello (@deborahciencia), Juan Manuel Bermúdez, Gemma Rojo López e Laura Opazo, en diálogo aberto co público.

## 02.7 / VISITAS E ACCIÓNS DIVULGATIVAS OUTRAS ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN

ACTIVIDADE CULTURAL



### O Bosque do Camiño Plantacións de árbores por parte de persoas peregrinas

Sábados do 16 de xaneiro ao 27 de marzo de 2021 | Bosque de Galicia

Actividade dirixida a peregrinos e peregrinas que rematan o Camiño ou a persoas que realizaron a ruta xacobeana anteriormente, que ofreceu a posibilidade de plantar unha árbore no Bosque do Camiño, área do Bosque de Galicia próxima ao trazado da Vía da Prata. Durante a actividade explicábase aos e ás participantes o proxecto da Cidade da Cultura de Galicia e a importancia e evolución das zonas verdes e espazos naturais do complexo así como a súa conexión coa Vía da Prata.

**Covid-19:** Esta actividade viuse afectada pola entrada en vigor do Decreto 8/2021 e orde de 26 xaneiro de 2021 que estableceu o cese de actividades culturais ata o 17 febreiro.

**Datas:** Sábados do 16 de xaneiro ao 27 de marzo de 2021

**Espazo:** Bosque de Galicia

**Datas:** 11 quendas  
(4 tiveron que ser canceladas pola Covid-19)

**Horario:** De 12:00h a 13:00 h.

**Inscricións:** De balde previa inscrición na web  
[Programación Xacobeo 21-22]

**Asistencia:** 28 persoas en total

## Tres Camiños

O 19 de xaneiro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Andar -1

O Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura acolleu a preestrea da primeira serie internacional sobre a ruta xacobeá e gran produción audiovisual do Xacobeo 2021-2022.

Esta ficción narra a historia de cinco mozos peregrinos procedentes de todo o mundo, e nela contouse cun elenco multicultural: Álex González, Verónica Echegui, Cecilia Suárez, Anna Schimrigk, Andrea Bosca e Alberto Jo Lee. Esta produción galega propiciou alianzas nunha ambiciosa coprodución internacional, xa que ao proxecto sumáronse estruturas e compañías de España, Alemaña, Italia, Portugal, Corea do Sur e México.

Tras a preestrea, a serie púidose ver a través de Amazon Prime Video, chegando a 240 territorios, cunha audiencia potencial de 200 millóns de persoas. Foi un proxecto da produtora galega Ficción Producciones que se levou a cabo cuns servizos de produción 100% galegos, ao igual que o 80% do persoal técnico.

**Data:** 19 de xaneiro de 2021

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Horario:** 18:30 h.

**Produtora:** Ficción Producciones

**[Programación Xacobeo 21-22]**



## Mulleres líderes: Diálogos en liña por un futuro igualitario

O 6 de marzo de 2021 | Emisión dende CINC Salón de Convencións, a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura de Galicia

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, estes encontros dixitais organizaron tres conversas de 15 minutos –conducidas pola antropóloga especialista en estudos feministas Guadalupe Jiménez-Esquinas– con tres mulleres de dilatada experiencia profesional en diferentes campos.

Contouse coa participación da doutora enxeñeira en Telecomunicación Edita de Lorenzo, vicedecana do Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia e primeira muller á fronte dunha Escola de Enxeñaría de Galicia, concretamente da de Telecomunicación da Universidade de Vigo, que dirixiu entre 2009 e 2017 e onde é profesora titular do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns.

Desde o 3mbito da cultura compartiu a súa experiencia Asunta Rodríguez, propietaria da galería compostel3 Trinta, que dirixe desde hai 30 anos e coa que conta cunha extensa traxectoria en Arco, onde recibiu en 1995 o premio 3 mellor galería espa3ola. Por 3ltimo, o encontro analizou tam3n o papel da muller no 3mbito da Igrexa a trav3s da visi3n de Marisa Vidal Collazo, integrante desde hai m3is de 20 anos da Asociaci3n de Mulleres Cristi3s Galegas Exeria, cunha extensa traxectoria de activismo no campo da teolox3a e o feminismo.

**Data:** 6 de marzo de 2021

**Espazo:** Emisi3n dende CINC Sal3n de Convenci3ns, a trav3s da canle de Youtube da Cidade da Cultura de Galicia

**Horario:** 3s 12:30 h.

**Relatoras:** Guadalupe Jim3nez-Esquinas (Moderadora), Edita de Lorenzo, Asunta Rodr3guez, Marisa Vidal Collazo

**Asistencia:** 197 espectadores





## V Xornadas da industria musical: Novos escenarios na contorna dixital

17 de abril de 2021 | CINC, Auditorio 1 e canles dixitias da Fundación Paideia

Por vez primeira nos seus cinco anos de andadura, estas xornadas organizadas pola Fundación Paideia incluíron a Cidade da Cultura de Galicia como unha das súas sedes. Baixo o título "Amplificando o directo: novos escenarios na contorna dixital" realizáronse varias xornadas en diferentes localidades de Galicia e o Gaiás acolleu o programa da dedicada a "O contido audiovisual no éxito musical". O encontro reuniu a diferentes profesionais da industria musical para tratar de dar resposta a temas como a rendibilidade da distribución musical a través das plataformas dixitais, os dereitos na distribución dixital, os novos públicos e as novas fórmulas.

**Data:** 17 de abril de 2021

**Espazo:** CINC, Auditorio 1 e canles dixitias da Fundación Paideia

**Horario:** 12 h.

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Relatores:** Karen Saurí. Music Video Producer; Jesús Guisado. Co-Director de Monkey Week

**Moderadora:** Lúa Mosquetera. Escritora e editora

**Organiza:** Fundación Paideia

**Asistencia:** 43 persoas en formato presencial



## Encontro FEGATEA: 21 anos celebrando o teatro amador

O 10 de xullo de 2021 | Xardín do teatro e Xardín literario

A Federación Galega de Teatro Amador (FEGATEA) conmemorou 21 anos de andadura nunha xornada festiva no Gaiás, cun completo programa de funcións de microteatro, clown, monicreques e pezas de animación, ademais de obradoiros de escrita e lecturas dramatizadas da man das compañías que forman parte de FEGATEA. Con esta xornada, a Federación quixo compartir coas agrupacións teatrais que a conforman a celebración do Premio da Cultura Galega que recibiron este ano polo seu labor nas artes escénicas ao longo de dúas décadas.

A Federación Galega de Teatro Afeccionado comezou no ano 2000 a súa andadura ao redor do teatro amador no ámbito autonómico a través de actividades formativas, de intercambio, mostras e festivais de teatro. Na actualidade, FEGATEA está integrada por 53 agrupacións teatrais das catro provincias galegas, que fan dela a maior estrutura teatral da contorna autonómica. Nos últimos tempos orientou tamén os seus esforzos cara á promoción do teatro amador galego no resto de España.

**Data:** 10 de xullo de 2021

**Espazo:** Xardín do teatro e Xardín literario

**Horario:** De 10 a 20 h.

**Organiza:** Federación Galega de Teatro Amador

**Colabora:** AGADIC

**Asistencia:** 130 persoas

### PROGRAMA

Teatro Artías - *A princesa Carlota*

Achádego Teatro - *Artem Venderit*

Andaravía - *Mexunxe marrón*

Petanaporta - *Nada que dicir & un ridículo espantoso*

Cavort - *Amor*

Fauna 113 - *SOS*

Ateaco - *De amor e desamor*

O Trasno - *De a dous*

Atrezo Teatro - *A chaqueta de borreguito*

Lohengrín - *A mirada das bolboretas*

Teatro Escoitade - *O auto do prisioneiro*

Porta Aberta - *A dous cadaleitos de ti*

A Tequerreté - *Anónimas*

Teatro do ar - *Fugas*

Hipócrata - *Mitoloxía para ignorantes*



## Mulleres e cultura urbana

Do 3 ao 4 de setembro de 2021 | CINC Auditorio 1 / Xardín do teatro / Canle de Youtube de 7H Cooperativa Cultural

Por segundo ano consecutivo, a Cidade da Cultura acolleu os días 3 e 4 de setembro o encontro *Mulleres e cultura urbana*, actividade para propiciar a difusión de creacións culturais e artísticas ligadas á cultura urbana en Galicia, darlle visibilidade á presenza da muller na cultura urbana e analizar de xeito colectivo as desigualdades de xénero presentes neste sector.

Con esta segunda edición, buscouse consolidar a iniciativa e convertela nun referente iberoamericano na promoción da cultura urbana como patrimonio cultural contemporáneo desde unha perspectiva innovadora e feminista. Para acadar este obxectivo, propuxéronse dúas xornadas de análise, exhibición e creación artística colectiva en clave de xénero ao redor da cultura urbana galega. O programa de actividades, dirixido tanto a profesionais do sector como a público mozo e familiar, combinou propostas de experimentación creativa nos eidos do graffiti, a música, o baile e o deporte co diálogo, a reflexión e o intercambio de experiencias.

**Data:** 3 e 4 de setembro de 2021

**Organiza:** 7H Cooperativa Cultural

**Colabora:** Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22

**Entrada:** De balde, previa inscrición

**Asistencia presencial:** 410 persoas

**Asistencia en liña:** 43 persoas

### Faladoiros

18:00 h. Mesa redonda. Debate sobre feminismos e boas prácticas Marina Bortoluzzi, Ninoska Juan, Maite Parga e Clara R. Cordeiro baixo a moderación de Sara Alonso.

**Data:** 3 de setembro de 2021

**Espazo:** CINC Auditorio 1 e retransmisión na canle de Youtube de 7H Cooperativa Cultural

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Asistencia:** 217 persoas presenciais.  
43 espectadores en liña

### Jam Artística

17:00 h. Obradoiro de ritmos urbanos con Jana Feeling.

17:00 h. Delas Jam + Jam de Skate + Sesión DJ con Akazie e Russinha + Concerto Menina Arroutada.

19:00 h. Experimentación libre con spray.

**Data:** 4 de setembro de 2021

**Espazo:** Xardín do Teatro

**Asistencia:** 193 persoas



## Cruzamentos. Camiño Escena Norte 2021

Do 3 ao 5 de setembro de 2021 | Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 2

*Camiño Escena Norte* é un programa de intercambio cultural con Asturias, Cantabria e País Vasco que regresou por terceiro ano consecutivo a Galicia onde, no marco da súa programación de teatro e danza, realizou as residencias artísticas *Cruzamentos*, dentro da ampla oferta de accións paralelas de estadias, mediación cultural e encontros profesionais coas compañías participantes. O Museo Centro Gaiás foi unha das sedes de *Cruzamentos*, acollendo os días 3 e 5 de setembro á compañía cántabra Babirusa Danza e á galega Licenciada Sotelo. Estas residencias foron un intercambio artístico, escénico e profesional que tivo a súa continuación días despois no Auditorio Municipal de Negreira.

**Datas:** Do 3 ao 5 de setembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Espazo REGA 2

**Organiza:** Escena Galega

**Colabora:** AGADIC, INAEM e SGAE



## Chicas nuevas 24 H | Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller

Do 19 de novembro ao 5 de decembro de 2021 | Museo Centro Galás. Andar 0 / Sala audiovisual

Con motivo do 25N, Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, puxéronse en marcha unha serie de actividades ao redor da exposición *Chicas nuevas 24 horas*, iniciativa desenvolvida a partir do documental do mesmo título que busca sensibilizar á cidadanía para a prevención da trata de persoas con fins de explotación sexual.

Na exposición puideron verse 12 fotografías obtidas na rodaxe do documental que poñen o acento na prevención e na concienciación, en especial entre a xente moza, sobre a traxedia oculta e silenciosa da explotación sexual. A mostra procura unha maior implicación social na súa erradicación, que pasa pola súa visualización e pola redución da demanda destes servizos sexuais, desde o compromiso e a responsabilidade social.

Coincidindo co propio Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o 25 de novembro, tivo lugar unha presentación institucional da man da directora do proxecto Mabel Lozano. Guionista, produtora e directora de cine social, iniciou a súa traxectoria detrás das cámaras no ano 2007 co documental *Voces contra la trata*. Desde entón, dirixiu tanto longametraxes como curtas e campañas de organismos públicos e privados, sempre comprometidas co mundo da muller e os dereitos humanos. O seu último traballo, *Biografía del cadáver de una mujer* (2020) recibiu o Premio Goya á mellor curtametraxe documental na edición 2021.

**Datas:** Do 19 de novembro ao 5 de decembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Galás. Andar 0

**Horario:** De luns a domingo de 10 a 20 h.

**Promove:** Fundación Cepaim para a conciencia e a convivencia e cohesión social

**Colabora:** Secretaría Xeral de Igualdade

### Obradoiros para escolares

Ofrecéronse visitas guiadas con obradoiros para centros escolares, dirixidas a grupos de segundo ciclo da ESO e Bacharelato.

**Datas:** 24 e 26 de novembro de 2021

**Quendas:** Ás 10 e ás 12:30 h

**Espazo:** Museo Centro Galás. Sala audiovisual

### Proxección do documental para público xeral

Para todas as persoas interesadas non só en ver a información contida na exposición senón en ver o documental completo, organizáronse dous pasaxes en dous días diferentes de acceso de balde previa inscrición.

**Datas:** 25 e 27 de novembro de 2021

**Quendas:** ás 17 h.

**Espazo:** Museo Centro Galás. Sala audiovisual





## Xuventude Crea, máis dunha década. Unha mirada ao pasado, unha mirada ao futuro

Do 14 de decembro de 2021 ao 23 de xaneiro de 2022 | Museo Centro Gaiás, Hall de tirantes

*Xuventude Crea, máis dunha década. Unha mirada ao pasado, unha mirada ao futuro* foi un proxecto expositivo retrospectivo con motivo da celebración dos 12 anos da existencia deste certame. A exposición reuniu unha selección de 29 pezas dos creadores e creadoras que presentaron os seus proxectos ao abeiro de Xuventude Crea, unha escolma que abrangueu seis das 14 especialidades que forman parte do programa: moda, graffiti, banda deseñada, artes plásticas (pintura e escultura), fotografía e deseño de xoias.

**Datas:** Do 14 de decembro de 2021 ao 23 de xaneiro de 2022

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Hall de tirantes

**Horario:** De Luns a domingo de 10 a 20 h.

**Organiza:** Dirección Xeral de Xuventude

**Comisaría:** Alexandra Rodríguez Rey

# 03/ **EMPRENDER** **NO GAIÁS**

**O** Centro de Emprendemento (CEM) do Gaiás é un espazo destinado a potenciar a creación e consolidación de empresas culturais, creativas e tecnolóxicas. O CEM está ao servizo das persoas emprendedoras, ofrecéndolles un espazo de traballo, apoiándoas na materialización das súas ideas de negocio e procurando contribuír á creación en Galicia de empresas dinámicas, competitivas e innovadoras.

Para isto, desde a súa posta en marcha en 2013, desenvolve un programa de titoría e acompañamento aos emprendedores residentes que ofrece formación e asesoramento para madurar os seus proxectos empresariais.

A actividade do centro non se restrinxen aos emprendedores residentes, senón que cada ano o CEM desprega actividades abertas a todas as persoas emprendedoras de Galicia ou a público interesado no emprendemento e a creación, unha liña na que se continuou en 2021, tanto a través de accións formativas, eventos e actividades de networking. Como obxectivo último, a súa programación procura estimular e apoiar o talento e crear cultura emprendedora en Galicia.





## Promovendo o emprendemento innovador

Xunto coa cultura e a tecnoloxía, a promoción do emprendemento innovador en Galicia é un dos tres eixes nos que se asenta o traballo da Cidade da Cultura desde a súa creación, e que converten o complexo do Gaiás nun dos motores de Galicia no impulso a proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía.

Con este obxectivo púxose en marcha o Centro de Emprendemento Creativo, e segue a traballarse a día de hoxe en catro liñas básicas de acción:

- Un espazo creativo para emprender
- Acompañamento no camiño emprendedor
- Unha programación de actividades
- A creación de liñas de colaboración culturais e empresariais

Estas liñas de traballo son as que estruturan a actividade diaria do centro, para adaptarse ás diferentes posibilidades, fórmulas e necesidades das persoas emprendedoras.



## Espazo de traballo | Reestruturación e mellora das instalacións

O Centro de Emprendemento do Gaiás estrutúrase nun Coworking e un Viveiro de empresas, aos que se sumou recentemente o espazo tecnolóxico do GaiásTech.

Tras varios anos de incorporacións sucesivas de distintas empresas e entidades ás instalacións, e grazas ás obras de reconfiguración dos espazos realizadas para adaptar o edificio, o Centro de Emprendemento conta neste momento cunhas novas instalacións para dar servizo aos seus usuarios.

O proxecto de reforma implicou a reestruturación e renovación do interior do Centro de Emprendemento, que pasou a acoller o polo tecnolóxico GaiásTech, espazo de demostración e experimentación en novas tecnoloxías dixitais. Ademais, en 2021 redistribuíuse o espazo do Viveiro de empresas segundo unha disposición diferente, máis funcional e moderna, adaptándoa ás demandas dos seus usuarios.



## Titorización | Programa de formación e asesoramento para empresas e profesionais culturais

No marco de esta liña de traballo de apoio ao emprendemento, e ao sector das industrias culturais e creativas en particular, a Cidade da Cultura alíase con diversas entidades de prestixio e experiencia neste eido.

Os emprendedores beneficianse dun programa de actividades que inclúe asesoramento, xornadas formativas, servizos de titorización, así como networking, co fin de acompañar nos seus primeiros pasos a todas aquelas persoas que teñan un idea innovadora.

En 2021 renovouse a colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun servizo de asesoramento dirixido a empresas e profesionais culturais que xa arrancara en 2020 no contexto da pandemia da covid-19. En 2021, reforzouse e ampliouse a súa oferta cun amplo programa formativo de temáticas variadas que incluíu as seguintes accións:

- Xornada sobre o programa TicCámaras: Axudas TIC para adaptarse á nova realidade das empresas culturais. O 23 de marzo | En liña | De balde
- Xornada de presentación de plan de internacionalización: FOEXGA 2021-22. O 16 de abril | En liña | De balde
- Programa formativo en Videoxogos e emprendemento. O 19 de abril - 4 de xuño | En liña | De balde.
- Programa formativo en Transformación dixital, xestión empresarial e emprendemento nas empresas culturais e creativas. O 10 de maio - 25 de xuño | En liña | De balde
- Xornada sobre programas europeos de apoio ao sector cultural. O 25 de maio | En liña | De balde
- Xornada sobre fontes de financiamento sobre as vantaxes de modelos como leasing, renting e autorenting. O 30 de xuño | En liña | De balde
- Programa formativo en animación 2D e 3D. O 16 de setembro - 22 de outubro | En liña | De balde
- Programa formativo en Transformación dixital, xestión empresarial e emprendemento nas empresas culturais e creativas. O 10 de outubro - 18 de novembro | En liña | De balde
- Programa formativo en marketing dixital e branding. O 18 de outubro - 25 de novembro | En liña | De balde

## Programación de actividades e eventos

Para converter o Centro de Emprendemento nun espazo de referencia, ademais do programa de Titorización de empresas, o CEM traballa na organización de eventos de proxección nacional e internacional. Entre os máis destacables do 2021 atopamos a celebración da Maker Faire Galicia, que non faltou á súa cita en 2021:



### Maker Faire Galicia 2021

O Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura volveu transformarse en xuño do 2021 no espazo virtual da Maker Faire Galicia, que na súa sétima edición repetiu cun novo formato totalmente en liña. O encontro volveu ser un grande escaparate para a creatividade e o enxeño, pensado para todos os públicos, onde argalleiros e argalleiras de todo o planeta puideron compartir coñecemento conectándose e interactuando de maneira dixital.

Un ano máis, a plataforma dixital do evento foi o punto de encontro virtual no que, entre o 2 e o 6 de xuño, as persoas visitantes puideron acceder ao interior do Museo Centro Gaiás —convertido nunha contorna virtual en 360 graos— para moverse polo espazo e interactuar cos expositores participantes. Ademais puideron conectarse en directo cos e coas makers para coñecer polo miúdo os seus proxectos, asistindo ás diferentes charlas e obradoiros dos cinco días do evento, que incluíu dúas xornadas dedicadas ao ámbito profesional e empresarial, outras dúas destinadas a público xeral —e moi especialmente aos makers miúdos e miúdas—, e por último unha xornada dedicada ao ámbito educativo.

No encontro presentouse máis de medio cento de proxectos de seis países (34 deles de *makers* galegos e entre eles 13 de centros educativos de primaria, secundaria e FP de Galicia). Despregando tamén un intenso programa de obradoiros e relatorios emitidos por videoconferencia, sobre temas como intelixencia artificial, robótica, ciberseguridade, videoxogos, economía circular, arte ou innovación social.

#### Integramente en liña

O evento estreou na pasada edición este novo formato, converténdose nunha das primeiras Maker Faire a nivel mundial en celebrarse integramente a través de Internet e logrando que, pese á pandemia, visitantes de Galicia e tamén de países como Arxentina, Brasil, Colombia ou México se desen cita neste encontro.

A sétima edición da Maker Faire Galicia contou co apoio da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, a Fundación Cidade da Cultura e a APD, e a colaboración da Fecyt.



## WOS Talks x Fest Galicia 3.0: Zoom in

A Cidade da Cultura acolleu un ano máis as *WOS Talks x Fest Galicia*, un espazo para o debate e o pensamento, onde dar luz e xerar interrogantes sobre o presente e o futuro dos artistas, a cultura e o mundo ante a chegada do chamado "Internet dos bens", capaz de alterar calquera contexto ao seu paso, e dentro dun ano que redefiniu as nosas vidas e nos levou á reflexión ante os cambios de paradigma.

O internet dos bens, a Web 3.0, promete autonomía e descentralización, e ante isto, debemos pescudar que é utópico e que é real. Neste encontro procurouse, desde diferentes puntos de vista, saber que vai pasar coa cultura e a súa distribución, observando as súas dimensións eminentemente globais. O programa incluíu tres faladoiros: Artistas 3.0, Cultura 3.0 e Metaversos 3.0, todas elas moderadas por Cora Novoa e Frankie Pizá.

Como remate da xornada, tivo lugar na galería de servizos da Cidade da Cultura un concerto de Driftmachine, formación cun directo poucas veces visto en España mais cunha gran traxectoria ás súas costas.

**Data:** 10 de setembro de 2021

**Espazo:** Galería de servizos do Gaiás e Auditorio 1 do edificio CINC, con emisión en liña a través da canle de Youtube do festival.

**Actividade en formato híbrido:** presencial e en liña

**Organiza:** WOS Festival

**Patrocina:** Fest Galicia (AGADIC)

**Asistencia:** Talks: 67 persoas en sala. 240 espectadores en liña  
Concerto Driftmachine+ Fatfish: 205 persoas

### Faladoiros

16:00 h. Talk 1 - Artistas: Arnau Sabaté, Gad Yola e B-Flecha

17:00 h. Talk 2 - Cultura: Nano 4814, Alex Trias e Micaela Ruiz

18:00 h. Talk 3 - Metaversos: Gemma FB Martín, Ontoloxías Feministas e Xeito Fole

### Programación cultural

19.30 h Concerto Driftmachine + Fatfish DJ





## Colaboracións e convenios

Co fin de impulsar os apoios e a formación que reciben os emprendedores, o Centro de Emprendemento do Gaiás ten chegado ademais a acordos de colaboración coas seguintes entidades públicas e privadas:

- **Instituto Galego de Promoción Económica**  
(IGAPE)
- **PEN CLUBE**
- **Axencia para a modernización tecnoloxía de Galicia**  
(AMTEGA)
- **Rede de Cooperativas Eusumo**
- **AJE- Asociacións de Jóvenes empresarios**
- **Escola de Organización Industrial**  
(EOI)
- **INGAVI**

En canto aos plans de futuro e co obxectivo de manter o Centro de Emprendemento como un espazo de referencia neste eido, estase a traballar na organización do espazo e da súa programación segundo as directrices marcadas polo II Plan Estratéxico Cidade da Cultura de Galicia (2021-2027) co obxectivo de seguir situando Galicia no centro do mundo emprendedor.

# Empresas do Centro de Emprendemento

## Espazo de viveiros

### Fundacion Acción Contra El Hambre

Entidade sen ánimo de lucro

### LARTEL SL

Consultoría en Tecnoloxías de Información e a Comunicación, Desenvolvemento de Software, Enxeñería de Software (I+D)

### Academia Galega Do Viño SL

Entidade educativa privada, dedicada á difusión da cultura do viño en Galicia e enfocada a dar a coñecer os seus viños no resto do mundo.

### Asociación De Empresas De Inserción De Galicia - AEIGA

Asociación de inserción laboral

### Agrocomunicación SL

(antes CAMPO GALLEGO COMUNICACIÓN)

Periodismo dixital e servizos de comunicación.

### Liñares Negro Emilio

Arquitectura

### Enxeñería Forestal Asefor SL

Consultoría forestal

### Imatia Innovation SL

Enxeñería de software e de proxectos de I+D+I

### Iuni Consulting SL

Consultora de innovación empresarial e desenvolvemento de negocio

### Queres Tecnoloxías SL

Xestión de contidos empresariais e dirección de proxectos TIC

### VDEVIDEO

Realizador audiovisual

### Impulso Social Servicios SL

Empresa de eventos

### Federación de Libreiros de Galicia

Federación de empresas vinculadas ao sector literario

### AJE. Asociación de Jóvenes Empresarios

Asociación formada por empresarios e empresarias menores de 40 anos

## Espazo de Coworking

### Work On Sunday SLU

Promotor de eventos musicais e espectáculos

### SOMADROME FILMS SL

Produción audiovisual de documentais para mercado internacional

### Reverso Comunicación Cultura e Lingua SL

Formación. Xestión cultural e intervención socioeducativa

### Nuria Díaz

Ilustración editorial, publicitaria e de produto

### Dalupa Xestión e Comunicación SL

Empresa de comunicación

### Labora Programación Industrial SL

Automatización e programación de procesos industriais.

### La Idea Construida

Deseñadores de espazos

### Federación Galega de Bandas de Musica Populares

Federación de Música popular

### Craftium Consultores SL

Consultoría

### Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix)

Asociación de empresas vinculadas ao sector do libro infantil

### Clúster Turismo de Galicia

Asociación de empresas vinculadas ao sector turístico

### 3DACOUSTIC

Proxecto tecnolóxico xurdido no Centro de Emprendemento pola conexión de varios coworkers. TIC

### Trend and Ticket SL

Plataforma online para a distribución de entradas de eventos culturais a nivel nacional e internacional

### Fundacion Santa María La Real del Patrimonio Historico

Entidade sen ánimo de lucro

### Óscar Villán Seoane

Ilustrador

### Elvira Cobas Couto

Escritora

## Domicialización de empresas

### Paperlabs Design Esp SL (antes VINQMEDIA)

Estudio creativo e axencia de publicidade dixital.

### Mª. Pilar Luaces Mendez

Consultoría

### Alberto Canedo Carrillo

Arquitectura

### Sistemas de Tecnología Empresarial SL

Empresa de solucións tecnolóxicas

### Federación Galega De turismo Rural (FEGATUR)

Federación de empresas vinculadas á promoción do turismo rural

### FICS Fraternidad Internacional del Camino de Santiago

Colectivo que busca defender os valores e o patrimonio do Camiño de Santiago

### Escena Galega

Asociación de artes escénicas

### Destination Experiences SL

Plataforma de comercialización e venda online de actividades turísticas

### Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras

Colexio de doutores e licenciados en filosofía

### Bitneutro SL

Proxectos tecnolóxicos e de comunicación

### Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA)

Asociación de empresa do sector turístico

### Juan José Alonso Braña

Posta en valor de xacementos arqueolóxicos

### Asociación de Empresas Tecnolóxicas e Servicios Audiovisuais de Galicia (AGATEC)

### Thinkinguevents SLU (Ideas de Bolina SL)

Empresa vinculada ao sector cultural

### Daniel López Sawan

Axencia de comunicación especializada na transformación dixital, creación de contido e posicionamento web.

### Fernando Danza Cingolini

Actividade editorial



**As empresas do Centro de Empredemento** tamén desenvolven no espazo unha interesante programación de actividades e encontros durante todo o ano. Entre elas destaca o traballo de Acción Contra el Hambre, Escena Galega, Clúster de Turismo ou o Instituto Galego do Viño (Ingavi). Ademais tamén é frecuente a colaboración entre elas levando a cabo proxectos e iniciativas xuntas, logrando así multiplicar os seus beneficios. Neste senso, podemos destacar a intensa actividade de Escena Galega e o Instituto Galego de Viño.

## Escena Galega. Formación

A empresa do noso Coworking, Escena Galega, realizou no Espazo OFF da Cidade da Cultura de Galicia un programa de obradoiros formativos integrais para os seus asociados impartidos pola empresa The Office Comunicación durante o ano 2021.

Durante os días 16 e 17 de xuño retomouse a presencialidade cun obradoiro de comunicación para as artes escénicas. Da man de Luisa Castiñeira, Lucía Martínez e Lucía Pita (The Office Comunicación) coñecéronse os aspectos fundamentais e as ferramentas máis útiles para xestionar a comunicación online e offline e optimizar o traballo de difusión das producións e espectáculos.

A través de exemplos reais, non só se ofreceu unha base teórica da relación cos medios e os materiais de comunicación, senón que se ensinou a manexar estes aspectos no día a día.

Ademais, o 30 de setembro realizouse tamén no Espazo OFF da Cidade da Cultura de Galicia o último obradoiro do seu paquete formativo.

Neste caso da man de Robert Muro (El Muro), Juan Carlos Talavera e Evaristo Puyol, aproveitouse para tratar aspectos de organización, viabilidade e planificación da estrutura profesional do ámbito das artes escénicas.

Este paquete formativo realizado durante o 2021 contou coa colaboración da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).



## Instituto Galego do Viño- INGAVI

No Centro de Emprendemento do Gaiás fórmanse cada ano as novas xeracións de sumilleres galegos cos mellores profesionais do sector. Desde a súa sede no Viveiro do Gaiás, o Instituto Galego do Viño traballa na difusión da cultura do viño en Galicia e na formación de profesionais e amadores do eido da viticultura e a cata.

Desde o seu nacemento en 2010 da man de Xoán Canas, o Ingavi propónse estender a formación vitivinícola ao ámbito profesional e achegarlle á sociedade o coñecemento do viño a través non só de seminarios e cursos de especialización, senón tamén mediante a organización de eventos e premios.

### INGAVISOMM 20/21

Curso Superior de Sumiller Profesional

O Instituto Galego do Viño organizou a oitava edición do seu Curso Superior de Sumiller Profesional, que se desenvolveu entre setembro de 2020 e xuño de 2021. As clases tiveron lugar todos os luns, en horario de 9:00 a 14:30 e de 16:00 a 20:00, no Espazo OFF da Cidade da Cultura de Galicia.

O Curso Superior de Sumiller Profesional é o único máster privado en Galicia orientado á formación de profesionais do sector do viño e un dos cursos para sumilleres máis completos de España, ofrecendo clases presenciais con Masters of Wine, Sommeliers de tres estrelas Michelin, doutores en enoloxía e bodegueiros de renome; máis

de 500 viños catados por ano e 5 viaxes formativas nacionais e internacionais a zonas vitivinícolas.

Este curso ofrece unha formación profunda e completa aos profesionais que desexan desenvolver a súa carreira como sumiller no sector vitivinícola, hostaleiro ou turístico, con docentes do prestixio de Josep Roca, Ferrán Centelles, César Cánovas, Raúl Pérez, etc.

O programa de especialización profesional aborda a xestión dos viños desde unha perspectiva integral que inclúe fundamentos de viticultura, enoloxía e cata, así como técnicas de mercadotecnia aplicadas ao viño.

Así mesmo, a través dun programa eminentemente práctico, afonda nos coñecementos necesarios para que o alumnado asuma novos retos, tales como: a difusión da cultura do viño, o desenvolvemento do enoturismo como alicerce da nova economía rural, a procura de novos mercados nacionais e internacionais, ou a orientación á calidade e á innovación nos sectores vitivinícola e hostaleiro.



# 04/ BIBLIOTECA DE GALICIA

**A** Biblioteca de Galicia, unha institución fundamental para a recuperación e difusión da cultura galega impresa ou gravada, é o resultado dun longo proxecto. A idea estivera tempo viva en intelectuais, técnicos e amantes da nosa cultura, e plásmase por primeira vez na Lei 14/1989 de Bibliotecas de Galicia, que crea o Centro Superior Bibliográfico de Galicia (CSBG), xerme do que se vai terminar denominando Biblioteca de Galicia.

Se como institución a Biblioteca de Galicia recolle o quefacer de estudosos e profesionais da cultura durante moitos anos, como edificio e como servizo aberto ao público nace no momento en que se lle asigna un espazo no proxecto da Cidade da Cultura, na que abre as súas portas o día 11 de xaneiro de 2011.

Nestes 10 anos de vida, a Biblioteca de Galicia tivo a oportunidade de medrar, tanto no plano físico como no dixital. Coa impagable achega dos doadores, actualmente pode afirmarse que está entre as institucións da memoria da nosa comunidade que alberga unha das mellores coleccións de fondos do patrimonio bibliográfico galego, e a mellor, sen dúbida, en seccións como a das publicacións seriadas. No eido dixital segue a potenciarse Galiciana-Bi-

blioteca Dixital de Galicia. Durante esta década tamén se prestou especial atención á resolución das consultas das persoas usuarias a través de Internet e a tratar de ofrecer actividades de difusión a través da Rede.

A posibilidade de contar con espazos propios permitiu tamén á Biblioteca de Galicia levar a cabo un constante labor de difusión con diversas propostas, especialmente durante este 2021, o do seu décimo aniversario no Gaiás.

No marco desta celebración, a Biblioteca de Galicia seguiu a traballar nos seus obxectivos de conservación e difusión do patrimonio bibliográfico galego, pero tamén puxo en marcha unha programación especial para poñer en valor o traballo realizado desde a súa inauguración e que lle permitiu achegarse a novos usuarios que aínda non coñecían os seus servizos. As actividades programadas deron continuidade ao traballo levado a cabo na última década, no que a Biblioteca se converteu nunha institución clave da memoria documental e bibliográfica da nosa comunidade. A programación conmemorativa do décimo aniversario incluíu cinco exposicións, así como unha ampla oferta de encontros e xornadas con narradores, poetas e ilustradores.





## As coleccións da Biblioteca de Galicia

BIBLIOTECA DE GALICIA

A constitución e desenvolvemento dunhas coleccións de calidade, equilibradas e representativas da cultura galega é un labor fundamental da Biblioteca de Galicia. Ao longo destes 10 anos de historia traballouse para que as coleccións, tanto físicas como dixitais, se convertesen nun referente informativo e documental sobre o noso país.

**No ano 2021 os fondos físicos da Biblioteca de Galicia incrementáronse coa compra de máis de 1.500 novos exemplares vencellados ao noso patrimonio bibliográfico:**

Entre estas novas adquisicións figuran varios números de prensa histórica galega, como os da publicación de 1908 *Galicia: Revista quincenal ilustrada*, ou unha completa selección de obras vencelladas a Emilia Pardo Bazán, da que se cumpría o centenario do seu pasamento. Tamén se compraron títulos que enriqueceron as coleccións de Bibliografía e Referencia, da Biblioteca Profesional ou os fondos destinados aos Clubs de Lectura de Galicia.

**A sección de Hemeroteca alcanzou os 8.200 títulos:**

Aumentaron as cabeceiras de prensa diaria, revistas, anuarios e calquera outro tipo de recurso continuado desde o século XIX ata a actualidade, confirmándose que a Biblioteca de Galicia custodia unha das maiores coleccións de prensa da nosa Comunidade.

**A sección de Depósito Legal superou os 75.000 títulos:**

Garántese así a preservación da produción editorial galega para as xeracións futuras. Durante o 2021, en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e co Servizo do Libro, Publicacións e Depósito Legal, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha un novo programa de xestión para o Depósito Legal que permitirá seguir toda a trazabilidade dunha obra suxeita á obriga do DL, desde a solicitude do número polo editor ata a súa custodia nas bibliotecas correspondentes.

**Coleccións dixitais, accesibles a través de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (<https://biblioteca.galiciana.gal>):**

No 2021, a colección de clásicos galegos en formato ePub incorporou 12 novos títulos de obras de Emilia Pardo Bazán, á que tamén se lle dedicou un micrositio no que se poden consultar 75 das súas obras máis importantes cun total de 21.901 páxinas dixitalizadas.

Os números de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia a finais de 2021 alcanzaron un total de 2.592.123 páxinas dixitalizadas pertencentes a 7.585 títulos. A colección de prensa histórica galega, con máis de 1.700.000 imaxes, é a máis grande da biblioteca dixital, e tamén a máis consultada. *El Pueblo gallego*, *El Correo gallego* e *La Región* foron as tres publicacións máis consultadas en Galiciana-BDG no 2021, período no que tivo un total de 143.333 usuarios, un 27,9% máis que no ano anterior.






## O catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico galego

Ademais de conservar un fondo físico que reflicta o patrimonio bibliográfico galego, a Biblioteca de Galicia tamén ten entre as súas funcións a responsabilidade de elaborar, manter e difundir o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego (CCPBG).

En 1985 publicouse a Lei do Patrimonio Histórico Español, cuxo Regulamento prevía a realización dun catálogo colectivo, anhelado de investigadores e bibliotecarios durante décadas. Na nosa comunidade a responsabilidade desa realización recaeu no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, agora Biblioteca de Galicia, proxecto no que leva traballando desde o ano 1989.

Durante estes máis de 30 anos traballouse en 43 bibliotecas. A catalogación do fondo antigo galego realizouse en diferentes soportes en consonancia coa tecnoloxía dispoñible en cada momento. Esta circunstancia derivou en que ata 2018 non existise unha base de datos común na que poder acceder a todos os rexistros bibliográficos e de exemplar das diferentes bibliotecas. Nese ano 2018, xestionado pola Biblioteca de Galicia, deuse acceso ao micrositio do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia (<https://biblioteca.galiciana.gal/ccpbgl/micrositios/inicio.do>), dentro de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia. A finais de 2021 o CCPBG permitía a consulta de 349.834 exemplares de 216.886 títulos do patrimonio bibliográfico galego. As obras dixitalizadas do CCPBG eran ata ese momento 4.833, cun total de 765.605 imaxes.



## A preservación dos sitios web

A Biblioteca de Galicia non só se interesa por facer chegar o pasado ao presente, senón de conservar este noso presente para o mañá, inmediato ou de xeracións futuras. Por este motivo, desde 2015 garda toda a información de interese cultural, político e social que se conserva en Internet. Esta tarefa lévaa a cabo en colaboración coa Biblioteca Nacional de España, que creou o Arquivo da Web Española, consistente na recompilación e conservación da información que se xera na Internet.

Galicia conta cun dominio propio na Internet, o .gal, para a lingua e a cultura galegas. Contar con este dominio facilita moito as tarefas á hora de establecer a xestión do depósito legal das publicacións en liña. A obrigatoriedade de estar rexistrado para poder publicar un sitio web asociado a .gal facilita que todos os nomes deste dominio estean identificados e permite que o depósito legal sexa un instrumento fiable para garantir a conservación futura de todos eses sitios web. Coa colaboración con PuntoGAL, entidade xestora do noso dominio, a Biblioteca de Galicia preserva para o futuro a información proporcionada por estes sitios web.

ANO	NÚMERO DE DOMINIOS .GAL ARQUIVADOS
2017	4.261
2018	4.788
2019	5.140
2020	5.540
2021	6.120

## Actividades de dinamización

A Biblioteca de Galicia tamén ten, como unha das súas principais funcións, poñer en marcha proxectos de difusión para que toda a cidadanía coñeza, tanto as obras que custodia como fitos relevantes da nosa historia que teñen nos libros e xornais a súa máis valiosa fonte de información. Durante o ano 2021, por mor do décimo aniversario, foron especialmente numerosas as actividades programadas.

### Domingo de Andrade (obradoiro de arquitectura)

Data: 10 de abril

Obradoiro cuxo obxectivo foi dar a coñecer a figura deste grande arquitecto galego ao que se lle dedicou o Día das Artes Galegas. A actividade consistiu nun percorrido pola súa traxectoria, explicando as características da arquitectura barroca e incidindo na importancia das súas obras como elementos transformadores da cidade de Compostela.

### As pitas baixo a choiva (representación teatral)

Data: 17 de abril

Para conmemorar o Día do Teatro a Biblioteca de Galicia apostou pola representación de *As pitas baixo a choiva*, baseada nun texto do escritor Carballo Calero e levada á escena polo Teatro Ghazafellos.

### Do conto á escenografía. Diseñar xogando (obradoiro)

Data: 24 de abril

Con motivo da conmemoración do Día do Libro Infantil e Xuvenil e do Día do Libro, organizouse este obradoiro no que se ilustraron poemas e textos literarios, impartido por Títeres Babaluva.

### De ti e mailo mundo que apañes (obradoiro)

Data: 15 de maio

Para celebrar o Día das Letras Galegas a Biblioteca de Galicia ofertou este obradoiro impartido por Xarope Tulú, no que se fixo un percorrido pola obra da poeta, tradutora e editora Xela Arias.



➤ [As pitas baixo a choiva](#)



➤ Día da música

## Xogando coa natureza (obradoiro)

Data: 5 de xuño

O Día do Medio Ambiente conmemorouse na Biblioteca de Galicia coa organización dun obradoiro que tivo como obxectivo educar á rapazada, dun xeito lúdico e participativo, na importancia da defensa do medio ambiente.

## Concerto con fusión (espectáculo musical)

Data: 19 de xuño

Conmemoración do Día da Música cun espectáculo da compañía Píscore no que se fusionou música, teatro, humor, comedia xestual, clown e participación do público, cunha marimba como eixe principal.

## Sensacións debuxadas (obradoiro)

Data: 23 de outubro

Aínda que con varios meses de atraso debido a situación sanitaria pola Covid-19, a Biblioteca de Galicia celebrou o Día da Ilustración cun obradoiro a cargo do ilustrador Manel Cráneo.

## Mes da ciencia en galego nas bibliotecas

Data: novembro

A Biblioteca de Galicia organizou durante as fins de semana deste mes varias actividades ao respecto, comezando polo obradoiro de ilustración científica **A flora do Gaiás**, impartido polo CSIC para achegarse ao método de traballo do ilustrador científico e aos cadernos de campo. No **Obradoiro de foguetes**, grazas a Ciencia en Movimiento, os rapaces e rapazas desde 1º da ESO en adiante esperaron a curiosidade polo deseño destas pezas. Mentres, o espectáculo teatral **Sons do bosque** achegou á xuventude, da man do CSIC, as árbores máis emblemáticas dos nosos bosques. O mes rematou co obradoiro **Un animal con moitos millóns de anos**, impartido por Ciencia en Movimiento, no que os participantes puideron coñecer o Nautilus, única especie de ammonites que perdura ata os nosos días.

## Os trasnos do Nadal (espectáculo teatral)

Data: 18 de decembro

Para celebrar o Nadal, a Biblioteca de Galicia programou no seu auditorio este espectáculo que combinou teatro e música a cargo de Nelson Quinteiro Producións.


## Mostras bibliográficas

Como todos os anos, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha un programa de exposicións para dar a coñecer os fondos que custodia a través de temas ou persoeiros que merecen poñerse en valor. Durante o 2021 organizáronse cinco mostras bibliográficas.

### Lolita Díaz Baliño. A discreción imposta dunha grande artista.

Data: 30.01.2021 – 13.05.2021

De novo no 2021 a Biblioteca de Galicia, en colaboración con Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), puxo en marcha esta exposición para conmemorar o Día da Ilustración. Por primeira vez neste eido a homenaxeada foi unha muller, Lolita Díaz Valiño. Membro dunha ilustre familia de artistas, foi unha destacada pintora e ilustradora. Mestre de moitas das mellores pintoras galegas da segunda metade do século XX, xunto con Carmen Correidora foi unha das primeiras mulleres en ser membro da Real Academia Galega de Belas Artes.



### Letras galegas 2021 na Biblioteca de Galicia. Xela Arias.

Data: 17.05.2021-28.08.2021

Como cada ano celebramos o Día da Letras Galegas cunha exposición na que se deu a coñecer o fondo bibliográfico que se custodia da autora homenaxeada no 2021, Xela Arias.



## A ilustración xacobeana na Biblioteca de Galicia.

Data: 01.08.2021-29.11.2021

A Biblioteca de Galicia non quixo deixar de participar na celebración do Ano Xacobeo a través desta mostra bibliográfica que pretendeu dar a coñecer como se mostrou a simboloxía xacobeana nos materiais impresos desde os inicios do fenómeno da peregrinación a Santiago ata os nosos días.

## Sempre palpitante. Emilia Pardo Bazán.

Data: 09.12.2021-26.01.2022

Do mesmo xeito que no ano 2020 se conmemorou o bicentenario de Concepción Arenal, no 2021 a Biblioteca de Galicia puxo en valor a obra doutra das máis destacadas escritoras galegas, Emilia Pardo Bazán. Os técnicos da Biblioteca de Galicia seleccionaron as obras máis sobre-saíntes desta prolífica autora para tratar de potenciar o coñecemento da cidadanía desta figura fundamental da nosa historia.

## 10 anos da Biblioteca de Galicia. As pegadas dunha década.

Data: 26.10.2021-31.05.2022

A exposición máis importante das que organizou a Biblioteca de Galicia no 2021 foi a que se lle dedicou aos seus 10 anos de historia, estendida ata finais de maio do 2022. Os visitantes puideron achegarse aos fondos máis valiosos que conserva a biblioteca, pero tamén obter información das funcións e servizos que ofrece e que a diferencian do resto das institucións bibliotecarias de Galicia, como son o seu labor de dixitalización, accesible de xeito gratuito e universal a través de Galiciana, ou a súa responsabilidade no control, identificación e preservación do patrimonio bibliográfico galego.



➤ Sempre palpitante. Emilia Pardo Bazán



➤ 10 anos da Biblioteca de Galicia. As pegadas dunha década.

## Programación conmemorativa do décimo aniversario da Biblioteca de Galicia

O 2021 foi un ano especial para a Biblioteca de Galicia polo que se programaron unha serie de actividades específicas para celebrar os seus 10 anos de existencia na sede que a alberga actualmente. Ao longo de todo o ano, o auditorio da biblioteca recibiu a algúns dos narradores, poetas e ilustradores máis importantes do panorama cultural actual da nosa comunidade. Todos os encontros puideron seguirse en streaming a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura.

## Na Biblioteca de Galicia lese poesía

Neste ciclo a Biblioteca converteuse no escenario para que 5 poetas amosasen libremente a súa obra. No Auditorio Neira Vilas gozouse da poesía recitada, falada e incluso combinada coa música. Desde o 12 de marzo, fomos recibindo durante as fins de semana deste mes no que se celebra o Día da Poesía a: Yolanda Castaño con Isaac Garabatos, Antonio García Teijeiro, Alba Cid, Aldaolado (María Lado e Lucía Aldao) e Rosalía Fernández Rial.

### VISUALIZACIÓNS

Yolanda Castaño - 12 marzo	<b>414</b>
Antonio García Teijeiro -13 marzo	<b>175</b>
Alba Cid - 21 marzo	<b>641</b>
Aldaolado - 26 marzo	<b>122</b>
Rosalía Fernández Rial - 27 marzo	<b>213</b>

## A ilustración toma o protagonismo na Biblioteca de Galicia

A linguaxe visual impresa, cada vez máis demandada nas bibliotecas, merecía tamén estar nesta programación.

O obxectivo desta actividade foi contar con algúns dos ilustradores galegos máis sobresaíntes actualmente. Nas sesións, que se programaron todas as tardes dos venres do mes de maio, as ilustradoras e ilustradores convidados compartiron cos asistentes as súas habilidades, traballos e experiencias, deixando completa liberdade á súa creatividade.

De novo o Auditorio Neira Vilas foi o espazo que acolleu estes encontros, que tamén puideron seguirse por streaming na canle de Youtube da Cidade da Cultura.

Xosé Tomás, Laura Romero, Iria Ribadomar, David Pintor, Alberto Guitián e Miguelanxo Prado foron os debuxantes que lle deron o protagonismo á ilustración nesta conmemoración no mes no que se celebra o Día do Cómic.

### VISUALIZACIÓNS

Xosé Tomás - 7 de maio	<b>147</b>
Laura Romero + Iria Ribadomar - 14 maio	<b>158</b>
David Pintor - 21 de maio	<b>94</b>
Miguelanxo Prado - 28 de maio	<b>119</b>

## 10 anos. 10 autores. 10 libros.

A narrativa e os narradores tamén estiveron presentes a través do ciclo 10+10+10, no que 10 autores falaban de 10 obras que marcaron a súa vida e a súa traxectoria literaria. Destacouse a súa obra actual e as obras que lles ensinaron o camiño das letras.

O ciclo, que comezou no mes de abril e rematou en outubro, contou cos seguintes autores e cos seguintes libros como protagonistas:

- Arantza Portabales - *Que me queres amor?* de Manuel Rivas
- Leticia Costas - *Cartas de Inverno* de Agustín Fernández Paz.
- Domingo Villar- *Cousas* de Castelao.
- María Solar - *O misterio das Badaladas* de Xabier P. Docampo.
- María Canosa - *Berta non soubo voar* de Concha Blanco.
- Fina Casalderrey - *Retrincos* de Castelao.
- Pedro Feijoo - *Polaroid* de Suso de Toro.
- Santiago Lopo - *Merlín e Familia* de Álvaro Cunqueiro.
- Andrea Maceiras - *O libro das viaxes imaxinarias* de Xabier P. Docampo.
- Juan Tallón - *Días contados* de Xosé Cid cabido.

### VISUALIZACIÓNS

Arantza Portabales - 9 de abril	<b>210</b>
Leticia Costas - 23 de abril	<b>115</b>
Domingo Villar - 4 de xuño	<b>155</b>
María Solar - 18 de xuño	<b>137</b>
María Canosa - 2 de xullo	<b>117</b>
Fina Casalderrey - 3 setembro	<b>322</b>
Pedro Feijoo- 17 setembro	<b>204</b>
Santiago Lopo - 1 outubro	<b>119</b>
Andrea Maceiras - 15 outubro	<b>108</b>
Juan Tallón - 29 outubro	<b>105</b>



## Día da Tradución

O 30 de setembro, en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación (AGPTI), a Biblioteca de Galicia puxo en marcha unha conversa entre Samuel Solleiro e Roi Vidal Ponte para celebrar o Día da Tradución. Ambos trataron de dar resposta a todas aquelas preguntas que lle xorden ao tradutor cando aborda o proceso de traducir unha obra doutro autor.

A conversa tivo como referencia as súas traducións máis recentes: *Noite fiel e virtuosa* de Louise Glück ao galego, no caso de Solleiro; e *Doentes* de Roberto Vidal Bolaño —pai do tradutor— ao castelán, no caso de Vidal.

Faladoiro "Contigo na distancia"

VISUALIZACIÓNS

Día da Tradución - 30 de setembro	65
-----------------------------------	----



## Día das Escritoras

Para conmemorar o Día das Escritoras, o 18 de outubro, organizouse unha charla con Montse Pena e Dolores Vila-vedra titulada "Non se acouga con tanta multitude: unha aproximación á obra literaria de Xohana Torres".

Esta conversa foi unha homenaxe á figura de Xohana Torres desde unha perspectiva poliédrica e divulgativa, tratando todos os xéneros que cultivou a autora viguesa. Comezando pola abordaxe da súa poesía, pasando pola súa escrita dramática e a súa produción narrativa, sen esquecer o seu papel como pioneira da literatura infantil e xuvenil galega.

Faladoiro ao redor do centenario de Xohana Torres

VISUALIZACIÓNS

Día das Escritoras - 18 outubro	74
---------------------------------	----



## Xornada técnica na Biblioteca de Galicia: Panorama actual das Bibliotecas Autonómicas.

Como remate dun ano de celebracións, os días 16 e 17 de decembro o Auditorio Neira Vilas da Biblioteca de Galicia acolleu unha xornada técnica na que estiveron presentes representantes dos sistemas centrais de bibliotecas das comunidades autónomas do Estado. Neses dous días os asistentes á xornada coñeceron como é a situación de cada comunidade autónoma respecto da organización e xestión das tarefas que habitualmente se lle asignan a unha biblioteca autonómica ou rexional, como a recuperación, identificación e conservación do seu patrimonio bibliográfico, o impulso de proxectos de dixitalización ou o Depósito Legal.

Para complementar esa visión autonómica tamén estiveron presentes na xornada representantes da Biblioteca Nacional de España e do Ministerio de Cultura e Deporte. A cooperación con ambos organismos é fundamental para levar adiante moitas das tarefas e proxectos que se asumen desde unha biblioteca autonómica en áreas como a dixitalización, a xestión do Depósito Legal ou a as novas normas de catalogación RDA.

Para que o maior número de persoas puidese acceder á información ofrecida durante a xornada, todas as intervencións foron retransmitidas por streaming a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura.

Xornada técnica:

Panorama actual das bibliotecas autonómicas

VISUALIZACIÓNS

16 de decembro	376
17 de decembro	269

# 05/ ARQUIVO DE GALICIA

**O** Arquivo de Galicia custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia e os órganos e entidades dela dependentes desde a súa creación (1982), así como outros de calquera procedencia que, polo seu ámbito e interese, formen parte do patrimonio documental da comunidade. Xoga un papel fundamental na xestión documental da nosa Administración e na preservación e difusión da memoria documental de Galicia.

Durante o 2021 seguiu a intensificar a actividade de valoración documental como elemento imprescindible para determinar as accións a realizar en relación coa conservación, posible eliminación e acceso aos documentos que custodia.

No ámbito da conservación e difusión continuou desenvolvendo o proxecto de dixitalización de documentos ligados á actividade de protección do patrimonio cultural de Galicia e divulgando os seus fondos mediante a organización de exposicións.





## Novos ingresos

Entre as máis de 5.000 unidades de instalación ingresadas podemos destacar a transferencia realizada pola entidade pública Augas de Galicia, na que se inclúen expedientes de autorización de obras e traballos no dominio público

hidráulico e na zona de policía de leitos desde 1930, ou os documentos transferidos polo Rexistro da Propiedade Intelectual desde 2006.

### Táboa de ingresos no Arquivo de Galicia durante o ano 2021

Nº de Rexistro	Procedencia	Datas Extremas	Nº de caixas
TR2021/001	Presidencia da Xunta. Secretaría Xeral para o Deporte. Subdirección Xeral de Xestión Deportiva	1991-2017	375
TR2021/002	Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Defensa do Monte. Subdirección Xeral de Extinción	2006	44
TR2021/003	Presidencia da Xunta de Galicia. S.A. de Xestión do Plan Xacobeo	2014-2015	47
TR2021/004	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Secretaría Xeral. Departamento de Asesoría Xurídica e Asuntos Xerais	1930-2020	2.253
TR2021/005	Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Agadic. Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)	1984-2006	320
TR2021/006	Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral de Cultura. Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro	2006-2017	1.976
TR2021/007	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Patrimonio Natural	1989-2015	195

## Cadro de clasificación dos fondos do Arquivo de Galicia a 31 de decembro de 2021

	U.I	Metros	Datas extremas
<b>1. FONDOS PÚBLICOS</b>			
<b>1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA</b>			
<b>1.4.1. Ámbito galego</b>			
Xunta de Galicia			
. Alta Dirección da Comunidade Autónoma	6.008	690,92	1978/2012
. Administracións Públicas	6.720	772,80	1950/2017
. Política Económica e Facenda	7.526	865,49	1978/2015
. Comercio e Consumo	4.175	480,12	1975/2014
<b>. Cultura</b>	<b>26.313</b>	<b>3.025,95</b>	<b>1942/2020</b>
<b>. Deporte</b>	<b>5.093</b>	<b>585.69</b>	<b>1979/2017</b>
. Educación e Investigación	18.415	2117,72	1914/2017
. Industria, Innovación e Promoción Económica	22.685	2608,77	1926/2019
<b>. Medio Ambiente</b>	<b>12.113</b>	<b>1.392,99</b>	<b>1857/2020</b>
. Medio Mariño	6.510	748,65	1925/2017
<b>. Medio Rural</b>	<b>18.398</b>	<b>2115,77</b>	<b>1950/2017</b>
. Política Lingüística	2.441	280,72	1980/2008
. Política Territorial	12.759	1467,28	1843/2017
. Sanidade	5.659	650,78	1885/2017
. Seguridade e Interior	288	33,12	1979/1993
. Servizos Sociais	12.716	1462,34	1968/2017
. Traballo	8.533	981,29	1945/2016
. Turismo	4.778	549,47	1939/2015
<b>Subtotal Administración Autónoma de Galicia</b>	<b>181.130</b>	<b>20.829,92</b>	
<b>1.6. INSTITUCIÓNS DO MOVEMENTO NACIONAL</b>			
. Consello Económico Sindical Interprovincial do Noroeste de España	3	0,34	1963 e 1969
<b>1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA</b>			
<b>1.7.2. Cámaras da propiedade urbana</b>			
. Santiago de Compostela	141	16,20	1927-2000
<b>Subtotal fondos públicos</b>	<b>176.064</b>	<b>20.247,31</b>	
<b>2. FONDOS PRIVADOS</b>			
<b>2.1. PERSOAS E FAMILIAS</b>			
<b>2.1.1. Persoas</b>			
. Clemente González Peón	165	18,9	1901/2003
. Germán Lago Durán	3	0,35	S.XX
. Olga Gallego Domínguez	49	5,6	1941/2010
. Luz Pozo Garza	29	3,33	S.XX-XXI
. María Moreira	26	3	S.XX
<b>1.2. Familias</b>			
. Familia Cervela Lira (Pazo de Valiñas)	13	1,5	1539/1949
. Familia Freire	5	0,5	1598/1875
. Familia González Regueral y Losada	8	1	1539/ 1949
. Familia Pita da Veiga	5	0,5	1428/1847

	U.I	Metros	Datas extremas
. Familia Vilariño Pintos	19	2,1	1404/1982
. Pazo de Golmar ou de Pardiñas / Casa de Noceda	12	1,28	S.XVI-XX
<b>2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS</b>			
. Asociación Galega de Compositores	7	0,8	1950/2000
. Asociación O Penedo. Fogar Galego	9	1	1983/2009
. Fundación Ventura Figueroa	502	57,7	1786-1980
. Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela	186	21,39	1784/1986
<b>2.3. EMPRESAS</b>			
. Banco Gallego	168	19,5	1845/1900
. Casa de Banca e Comercio Bengoechea	405	46,5	1494/1952
. Casa Mar	265	30,4	1939/1994
. Fábrica de conservas Massó Hermanos S.A. (Avilés)	147	16,9	1931/1990
. Fotografía Aérea y Terrestre, S.L. (FOAT)	1.134 negativos		1961/1992
<b>Subtotal fondos privados</b>	<b>2.011 caixas</b>	<b>230,97</b>	
<b>3. COLECCIÓNS</b>			
	<b>UNIDADES DOCUMENTAIS</b>		
. Colección de documentos en pergamiño	3		1346-1434
. Colección cartográfica	2		S. XVII
. Colección fotográfica	50.000 fotografías		1926-2005
<b>TOTAIS</b>	<b>183.290 caixas</b>	<b>21.077,43</b>	

## A avaliación documental

Unha das funcións que o Decreto 207/2010, do 10 de decembro, polo que se crea o Arquivo de Galicia lle encomenda é a de programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do subsistema de arquivos da Xunta de Galicia.

Isto faíno a través da coordinación dun grupo de traballo específico no que participan representantes de distintos arquivos do sistema. Tamén da súa representación no Consello de Avaliación Documental de Galicia. Trátase do órgano colexiado consultivo e de asesoramento para o estudo e ditame das cuestións relacionadas co réxime de acceso aos documentos e coa necesidade de conservalos ou a posibilidade de eliminalos, atendendo ao seu valor administrativo, xurídico ou informativo.

Nas tres sesións que o Consello de Avaliación de Arquivos de Galicia celebrou durante o ano 2021 foron aprobados 22 estudos de serie e 32 propostas de eliminación documental.



## Táboa de estudos de serie aprobados polo Consello de Avaliación Documental de Galicia no 2021

Data da reunión	Administración propoñente	Cod. Serie	Denominación	Data de publicación no DOG	Número táboa
23/03/2021	Universidades	U006.	Expedientes de programas de mobilidade internacional de estudantes	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0055
23/03/2021	Universidades	U007	Expedientes de concursos públicos para a provisión de prazas dos corpos docentes universitarios	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0056
23/03/2021	Universidades	U008.	Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos funcionario	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0057
23/03/2021	Universidades	U009	Expedientes de probas de acceso para o persoal de administración e servizos laboral fixo	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0058
23/03/2021	Universidades	U010.	Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0059
23/03/2021	Administración autonómica	AA768	Partes de incendios forestais	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0060
23/03/2021	Administración autonómica	AA5129	Expedientes de reclamación en materia de consumo	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0061
23/03/2021	Administración autonómica	AA5234	Expedientes de arbitraje en materia de consumo	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0062
23/03/2021	Administración autonómica	AA5232	Expedientes sancionadores en materia de consumo	2021/09/02 (DOG núm. 116)	T0063
13/07/2021	Administración autonómica	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Revisión)	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0046 (DOG núm 38 de 25 de feb. De 2021)
13/07/2021	Administración autonómica	AA1302	Expedientes de recoñecemento de pensión non contributiva	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0064
13/07/2021	Administración autonómica	AA269	Expedientes dos concursos de traslados do persoal docente de educación infantil e primaria	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0065
13/07/2021	Administración autonómica	AA484	Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensino infantil e primaria	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0066
13/07/2021	Administración autonómica	AA485	Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensino infantil e primaria.	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0067
13/07/2021	Administración autonómica	AA279	Expedientes de subvención a corporacións locais e entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de alfabetización e educación básica de adultos	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0068
13/07/2021	Administración autonómica	AA1879	Expedientes de axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0069
13/07/2021	Administración autonómica	AA5516	Expedientes de inscrición/modificación/baixa no Rexistro de Contratistas	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0070
13/07/2021	Administración autonómica	AA705	Expedientes de adxudicación de prazas nas escolas infantís	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0071
13/07/2021	Universidades	U011	Expedientes de programas de mobilidade internacional de persoal da universidade	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0072
13/07/2021	Universidades	U012	Expedientes de enquisa de avaliación da actividade docente por parte do alumnado	2021/09/02 (DOG núm. 169)	T0073
26/09/2021	Administración autonómica	AA92	Expedientes de comisión de servizos do persoal de Administración xeral da Administración autonómica	2022/01/18	T0074
26/09/2021	Administración autonómica	AA5067	Expedientes de defensa perante o órgano xurisdiccional civil nas impugnacións da resolucións das comisión de asistencia xurídica gratuíta	2022/01/18	T0075


## Táboa de propostas de eliminación aprobadas polo Consello de Avaliación Documental de Galicia no 2021

Data da reunión	Administración proponente	Cod. Serie	Denominación	Número táboa	Datas extremas	Volume a eliminar
23/03/2021	Concello de Ferrol	AL594	Padróns do imposto sobre circulación de vehículos	T0023	1967-1998	78 u.i.
23/03/2021	Concello de Ferrol		Padróns e listas cobratorias de taxas e prezos públicos	T0025	1959-1998	212 u.i.
23/03/2021	Concello de Vigo	AL548	Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana	T0007	1937-1956	2.298 u.i.
23/03/2021	Consellería de Cultura, Educación e Universidade	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada	T0046	1978-2005	748 u.i.
23/03/2021	Consellería de Medio Rural	AA1306	Documentos de identificación bovina	T0043	1990-1995	1.052 u.i.
23/03/2021	Axencia Tributaria de Galicia	AA635	Expedientes de xestión do imposto de transmisión patrimoniais de determinados medios de transporte	T0017	1998-2017	1.129 u. i.
13/07/2021	Consellería de Cultura, Educación e Universidade	AA486	Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria	T0015	2004-2009	20 u.i.
13/07/2021	Consellería de Infraestruras e Mobilidade	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada	T0046	2011	742 u.i.
13/07/2021	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T0030	1997-2009	183 u.i.
13/07/2021	Consellería de Cultura, Educación e Universidade	AA269	Expedientes dos concursos de traslados do persoal docente de educación infantil e primaria.	T065	2005	231 u.i.
13/07/2021	Arquivo de Galicia	AA269	Expedientes dos concursos de traslados do persoal docente de educación infantil e primaria.	T065	2011	157 u.i.
13/07/2021	Arquivo de Galicia	AA0484	Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensino infantil e primaria	T066	2011-2015	49 u.i.
13/07/2021	Arquivo de Galicia	AA485	Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensino infantil e primaria	T067	2015	20u.i.
13/07/2021	Arquivo de Galicia	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Revisión)	T064	2014	748 u.i.
13/07/2021	Xunta Arbitral de Transportes	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Revisión)		2021	2.090
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	001	Expedientes de xuízos de faltas		2021	9.087 u.i.
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	002	Expedientes de recursos de apelación contra xuízos de faltas			94 u.i.
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	003	Expedientes de recursos de apelación contra autos penais ante a Audiencia Provincial			151 u.i.
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	004	Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas penais ante a Audiencia Provincial			131 u.i.



Data da reunión	Administración proponente	Cod. Serie	Denominación	Número táboa	Datas extremas	Volume a eliminar
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	005	Expedientes de recursos de apelación contra autos civís ante a Audiencia Provincial			38 u.i.
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	006	Expedientes de recursos de apelación contra sentenzas civís ante a Audiencia Provincial			208 u.i.
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	008	Expedientes de recursos de suplicación			900 u.i.
26/10/2021	Xunta de expurgación xudicial de Galicia	016	Expedientes de dilixencias previas			9.880 u.i.
26/10/2021	Concello de Pantón	AL594	Padróns do imposto sobre circulación de vehículos	T023	1990-2010	5 u.i.
26/10/2021	Concello de Pantón	AL545	Expedientes do imposto de circulación de vehículos	T024	1990-2010	16 u.i.
26/10/2021	Consellería de Política social. Xefatura territorial da Coruña	AA3971	Expedientes de concesión da renda de inclusión social de Galicia (RISGA)	T0052	2011-2015	1017 u.i.
26/10/2021	Consellería de Política social. Xefatura territorial da Coruña	AA1302	Expedientes de recoñecemento de pensión non contributiva	T0064	1991-2015	1.792 u.i.-
26/10/2021	Consellería de Política social. Xefatura territorial da Coruña	AA1302	Expedientes de recoñecemento de pensión non contributiva	T0064	2005-2015	967 u.i.
26/10/2021	Universidade da Coruña	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T030	1999-2005	2.112 u.i.
26/10/2021	Universidade da Coruña	U002	Expedientes de modificación orzamentarias	T031	1999-2005	354 u.i.
26/10/2021	Consellería de Infraestruturas e mobilidade	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada	T046	1990-2011	2.090 u.i.
26/10/2021	Arquivo Territorial de Pontevedra	AA5067	Expedientes de defensa perante o órgano xurisdiccional civil nas impugnacións da resolucións da comisión de asistencia xurídica gratuita	T075	2004-2012	95 u.i.

A aplicación dos ditames aprobados polo Consello de Avaliación Documental de Galicia permitiulle ao Arquivo de Galicia a eliminación de 1.457 u.i. que representan un 7% do volume total dos seus fondos.



## Novos rexistros descritivos

Para xestionar a información que custodia, o Arquivo conta con dúas aplicacións: *ARQA* e *Galiciana*. *Arquivo Dixital de Galicia*.

A primeira delas emprégase para a xestión de espazos, de ingresos e de usuarios. A segunda está fundamentalmente destinada á difusión. *Coordinada polo Arquivo de Galicia*, *Galiciana*. *Arquivo Dixital de Galicia* integra recursos dixitais procedentes de diversas institucións do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia (Arquivo de Galicia, Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra) e doutros arquivos do Sistema como son os municipais da Coruña, Ferrol e Tui, o Arquivo da Real Academia Galega ou o Arquivo da Fundación Penzol de Vigo.

Durante o ano 2021 no Arquivo de Galicia foron introducidos un total de 39.402 rexistros descritivos. Unha parte deles, 27.252, están dispoñibles a través de *Galiciana*. *Arquivo Dixital de Galicia*. Trátase de documentos producidos por diversas Comisións de Patrimonio ao longo do tempo, pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e polo Hospital Psiquiátrico de Conxo.

## Os programas de dixitalización

En paralelo ao programa de descrición executouse a dixitalización de 2.669 documentos, o que supón un total de 20.217 novas imaxes correspondentes a planos e fichas do inventario do patrimonio etnográfico de Galicia (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural), e a expedientes do Hospital Psiquiátrico de Conxo. A dixitalización destes últimos enmárcanse no proxecto posto en marcha pola Secretaría Xeral de Cultura durante este ano para a difusión e preservación de documentos relacionados cos episodios históricos do Golpe de Estado, Guerra civil e Ditadura franquista que se custodian nos arquivos históricos provinciais. O Arquivo de Galicia, ademais de contribuír coas súas dixitalizacións, traballou na coordinación das descricións e no enriquecemento de contidos mediante a utilización de datos enlazados.



## Memoria Dixital de Galicia

Trátase dun proxecto colectivo. Está promovido pola AMTEGA e financiado con fondos FEDER para fomentar a conservación, valorización e difusión do patrimonio cultural galego, especialmente de carácter bibliográfico e documental. Tamén neste caso o Arquivo de Galicia, xunto coa Biblioteca de Galicia, prestan un apoio importante no seu desenvolvemento. Así, o Arquivo prestou asesoramento e importou á plataforma *Galiciana*. *Arquivo Dixital de Galicia* algúns dos rexistros descritivos e imaxes dos proxectos que están a realizar 22 institucións. Trátase das beneficiarias da segunda convocatoria das subvencións de Memoria Dixital de Galicia: Universidade de Santiago de Compostela; Arquivo capitular e histórico diocesano de Tui-Vigo; Concellos de Vimianzo, Coles, Redondela, Portomarín, Marín, Beariz, Narón, Noia, Muxía, Guitiriz, Vigo, Ribeira, Ortigueira e Poio; Museo do Pobo Galego; Fundación Clúster de Conservación de Produtos Mariños; Deputación de Pontevedra; Fundación 10 de Marzo; Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Marín e Real Federación Galega de Fútbol.



## Galiciana. Arquivo dixital de Galicia

Como xa se mencionou, *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*, é unha plataforma creada e desenvolvida pola Administración no marco do Proxecto ARPAD e coordinada polo Arquivo de Galicia, na que se integran recursos dixitais procedentes de diversos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta. A 31 de decembro de 2021 a plataforma rexistraba:

- 1.265.398 rexistros descritivos
- 112.346 documentos dixitalizados
- 3.150.131 imaxes

De todos eles correspondían ao Arquivo de Galicia:

- 83.647 rexistros descritivos
- 15.339 documentos dixitalizados
- 218.505 imaxes

Polo que se refire ás cifras de utilización, pódese dicir que durante o ano 2021 foron realizadas 2.850.863 visitas a páxinas por 50.183 persoas usuarias.



## Servizo ás persoas usuarias

Ademais de poñer a disposición da cidadanía información accesible a través da rede, o Arquivo presta tamén outros servizos de forma directa.

Durante o ano 2021 contabilizáronse:

- 198 préstamos administrativos
- 156 consultas atendidas en sala
- 433 consultas atendidas por correo electrónico
- 9.244 copias realizadas



## Cursos e prácticas tuteladas

O Arquivo impartiu dous cursos de dixitalización organizados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Ademais, tutelou a formación práctica en materia de arquivos dunha das persoas beneficiarias das bolsas de formación en materia arquivos, convocadas pola Orde do 7 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo (desde xullo de 2020 ata xuño de 2021). Tamén as prácticas dun alumno do Máster en Museos, Arquivos e Bibliotecas, impartido pola Universidade da Coruña no campus de Ferrol (do 3 de maio ao 1 de xuño).

## Programa de visitas

O Arquivo recibiu as visitas dos alumnos da área de coñecemento de Ciencias e Técnicas Historiográficas da Universidade de Santiago de Compostela; do Máster en Museos, Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña; e do Máster de Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e mercados da arte, da Universidade de Santiago de Compostela.



## Exposicións

### Mulleres sobranceiras: Luz Pozo Garza, unha estrela de luz

Para celebrar o Día Internacional da Muller inaugurouse unha nova edición da serie *Mulleres sobranceiras*, dedicada esta vez á figura de Luz Pozo Garza, nacida en Ribadeo o 21 de xullo de 1922 e falecida na Coruña o 20 de abril de 2020.

Luz Pozo foi una muller de grande enerxía, sensibilidade e rebeldía, trazos da súa personalidade que se reflicten nas múltiples actividades que desenvolveu ao longo da súa longa vida e nas súas obras de creación, especialmente na poesía. Na exposición exhibíronse 90 documentos do arquivo persoal que ela mesma doara ao centro no ano 2016, entre os que podemos salientar fotografías, debuxos orixinais da propia Luz, correspondencia con escritores que foron claves no seu desenvolvemento literario, ou borradores de publicacións.

Inaugurada o día 8 de marzo, mantívose aberta ata o 27 de setembro de 2021.

### Camiños, Paisaxe e Patrimonio

Con motivo da celebración do Ano Santo Xacobeo o Arquivo preparou esta exposición para amosar a variedade de paisaxes, bens mobles e inmobles ou manifestacións inmateriais que xurdiron ao longo das grandes vías de comunicación que, dentro do territorio galego, conducen a Santiago. Con esta finalidade exhibíronse fotografías, planos ou expedientes que foron creados para identificar, protexer e promover a difusión duns bens de recoñecido valor que constitúen unha manifestación de identidade que, como tales, forman parte do patrimonio cultural de Galicia e se custodian neste arquivo.

Inaugurada o 9 de xuño, Día Internacional dos Arquivos, mantívose aberta ata o día 20 de outubro de 2021.



## Sobre dous raís: o ferrocarril no Arquivo de Galicia

Esta exposición é unha chamada de atención sobre a historia da construción e utilización do ferrocarril en Galicia, a través dunha pequena mostra de documentos conservados no Arquivo. Unha invitación a reflexionar sobre a súa importancia como motor da economía, precisamente no momento da chegada do AVE a Galicia. Expedientes administrativos relativos á preparación e aprobación de proxectos de construción de infraestruturas ou concesión de servizos, correspondencia pública ou privada ilustrativa de diferentes aspectos da viaxe, billetes de tren, ou folletos divulgativos son algúns dos documentos que conforman a mostra.

Foi Inaugurada o día 29 de setembro e mantívose aberta ata o ano 2022.


ARQUIVO DE GALICIA

## Publicacións



### Guía de xestión documental

Coa finalidade de divulgar o concepto de xestión documental entre as persoas traballadoras da Xunta de Galicia publicouse unha sinxela guía que dá resposta a 14 preguntas frecuentes ao redor da organización do arquivo de oficina e os procesos de valoración e eliminación documental.



### Catálogo da exposición *Camiños, Paisaxe e Patrimonio*

Ademais dun breve folleto de man, con motivo da exposición *Camiños, Paisaxe e Patrimonio* publicouse un catálogo coa finalidade de aumentar a súa difusión.

## Redes sociais e portal web

O Arquivo continuou durante este ano a súa actividade nas redes sociais, especialmente na páxina de Facebook, que alcanza xa os 8.250 seguidores. Pola súa parte, o perfil de Twitter conta con 1.929 seguidores.

Finalmente, non podemos obviar que outro elemento importante da difusión é o mantemento da páxina do Arquivo de Galicia no Portal de Arquivos de Galicia, renovado este ano.




## 06/ EVENTOS

**E**n 2021 a Cidade da Cultura de Galicia acolleu un total de 380 eventos organizados por empresas, organizacións sociais ou institucións nos diferentes espazos do Gaiás, cifra que supera nun centenar o número de eventos acollidos en 2020 –ano da pandemia–. Recupérase así a tendencia á alza que se mantíña ao longo da última década, achegándonos novamente á cifra dos anos anteriores á crise da covid-19, que se viña consolidando na contorna dos 400 anuais.

Malia que en gran parte de 2021 aínda estiveron vixentes medidas sanitarias que limitaban a tipoloxía de eventos a desenvolver ou o número de persoas participantes en formato presencial, esta recuperación da tendencia –máis notable no último trimestre do ano– permite augurar para 2022 unha volta á normalidade dos eventos en formato presencial ou híbrido.

O ano péchase tamén cunha cifra de asistentes a estes eventos de 24.000 persoas, cun lóxico incremento respecto a 2020 no número de participantes en formato presencial –que pasa de 10.361 a 17.616–, sen deixar de lado a opción virtual, que suma máis de 6.000 participantes ao cómputo total. Os eventos híbridos parecen ter vido para quedar, e a opción virtual consolídase malia que o formato presencial continúa a ser o maioritario entre os eventos acollidos no Gaiás.







## UNVEX 2021

A Cidade da Cultura acolleu a sexta edición de UNVEX, o maior evento nacional sobre UAVs, no que se abordaron os novos retos do sector de sistemas de aviación non tripulada e as súas posibilidades no eido dos servizos públicos. Os maiores expertos na materia déronse cita para debater de primeira man as novidades do sector e a ampla gama de servizos públicos que ofrecen, a través de expositores, conferencias e demostracións. Na inauguración, da man do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, deuse un novo pulo ao Polo aeroespacial de Galicia co inicio dos trámites para seleccionar novos socios estratéxicos e tecnolóxicos para os vindeiros cinco anos.

O evento celebrouse en formato híbrido debido ás restricións motivadas pola crise da Covid-19. A parte presencial estivo dividida entre o Museo Centro Gaiás (zona expositiva) e o edificio CINC (zona de conferencias). En

UNVEX participaron numerosas empresas internacionais, estatais e galegas (como por exemplo Marine Instruments, o Centro Tecnolóxico Gradient, UAV Works, Cartogalicia, Aeromedia e o Instituto Tecnolóxico de Galicia). Durante tres días, esta sexta edición encontro congregou a máis de 1.400 profesionais presencialmente ademais de superar as 3.500 emisións a través de streaming.

**Datas:** Do 7 ao 9 de xullo de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás e Edificio CINC

**Entidade organizadora:** Civil UAVs Initiative



## Shooting de empresa

### Pull & Bear

A firma de roupa Pull and Bear, pertencente ao grupo Inditex, escolheu a Cidade da Cultura para as sesións fotográficas de dúas das súas últimas campañas. A galería de servizos do complexo e máis a praza central foron os escenarios escollidos nos que se realizaron estas sesións.

**Espazo:** Galería de servizos e espazos exteriores

**Entidade organizadora:** Inditex

### IXO Carbon Composites

A empresa galega IXO Carbon Composites, con sede en Nigrán, realizou dúas sesións fotográficas co Gaiás como escenario, con fins promocionais dos seus traballos no sector do luxo e o deseño de produto e en colaboración coas firmas Ferrari e Bugatti. IXO dedícase á fabricación de elementos de fibra de carbono e composites, principalmente destinados ao sector aeronáutico e ao mercado do luxo. Entre os traballos que fan está o revestimento de fibra de carbono de coches de luxo por encargo, para convertelos en pezas únicas. Para estas sesións tomáronse imaxes dun Ferrari de colección, dunha edición limitada, na praza central e tamén dun automóbil e unha mesa de billar da marca Bugatti no andar -1 do Museo.

**Espazo:** IXO Carbon Composites

**Entidade organizadora:** Museo Centro Gaiás e espazos exteriores



## Entrega das Medallas de Galicia

O 25 de xullo o Museo Centro Gaiás acolleu o acto de entrega das Medallas de Galicia 2021. A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que concede a Xunta a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego. No acto, que estivo presidido pola S. M. Felipe VI, recibiron a Medalla de Ouro de Galicia as persoas implicadas no dispositivo galego de vacinación fronte á covid-19.

**Datas:** 25 de xullo de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1

**Organiza:** Xunta de Galicia





## Gala Xantar 40 Aniversario da Confederación de Empresarios de Galicia

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu a celebración do 40º aniversario da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) cun acto institucional ao que asistiron máis de 250 persoas, -entre autoridades -co presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices; o alcalde de Santiago, Xosé Antonio Sánchez Bugallo; os conselleiros de Cultura, Emprego e Igualdade, Medio Rural e Mar, Román Rodríguez González, María Jesús Lorenzana, José González Vázquez e Rosa María Quintana Carballo, respectivamente, entre outros-; e representantes empresariais e sociais de Galicia e España, cos presidentes de CEOE, CEPYME, ATA, das catro organizacións empresariais provinciais CEC, CEL, CEO e CEP e de ABANCA, Antonio Garamendi, Gerardo Cuerva, Lorenzo Amor, Antonio Fontenla, Eduardo Valín, Marisol Nóvoa, Jorge Cebreiros e Juan Carlos Escotet, respectivamente e entre outros, e posterior xantar presidido pola súa Maxestade o Rei, Felipe VI.

O acto serviu para facer un balance das catro décadas de historia da confederación, pero tamén para analizar a conxuntura económica actual e os retos de futuro para as empresas galegas, inmersas en pleno proceso de recuperación económica tras a crise derivada da Covid-19.

**Datas:** 20 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Sala Eisenman

**Organiza:** Igape

## Google Arts & Culture. Proxecto Bo Camiño

A plataforma Google Arts & Culture incorporou o proxecto 'Bo Camiño!', unha iniciativa para a que se contou coa colaboración da Xunta, o Goberno de Aragón, o Goberno de España e outras entidades como a Fundación Catedral de Santiago e a Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago. Trátase de 108 exposicións, 4.750 fotografías e vídeos e 15 visitas virtuais 360 graos que mostran o potencial do Camiño en once idiomas, incluído en galego, ruso, coreano e chinés. Con este proxecto, Galicia dá un paso máis na dixitalización do Camiño, unha viaxe que se iniciou coa posta en marcha da plataforma Smart Camiño e que continuará coa Estratexia Galicia Dixital 2030.

**Datas:** 24 de setembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Entidade organizadora:** Google e Amtega



## MO\_CIDADE

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia celebrou no Gaiás a segunda edición de Mo\_cidade: un encontro da xuventude creativa e emprendedora, un espazo de formación, creatividade, emprendemento, cultura e lecer que busca establecer sinerxías, compartir experiencias, proxectos e ideas, e impulsar á xuventude no seu desenvolvemento persoal e profesional. O encontro, de carácter presencial, ten como obxectivo promover e estimular a creatividade, a participación e o espírito emprendedor da mocidade galega a través dun espazo aberto ao diálogo entre as persas participantes. Mo\_cidade aséntase como un evento de referencia para os mozos e mozas grazas a combinar un espazo cunha programación multidisciplinar, moderna e á vangarda das novas correntes e sectores emerxentes.

**Datas:** 22 e 23 de outubro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1, e espazos exteriores

**Entidade organizadora:** Consellería de Política Social e Xuventude





## VII Carreira Camiño das Letras

Xurdir, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura, organizou unha nova edición Carreira Camiño das Letras, para renderlle tributo a Xela Arias. Esta carreira, que quere unir a práctica deportiva coa conmemoración do Día das Letras Galegas e co simbolismo do Camiño de Santiago, adaptouse este ano ás novas circunstancias provocadas pola pandemia da covid-19 e, para evitar grandes concentracións de persoas, non celebrou as habituais carreiras das categorías infantís.

Constou dunha proba absoluta das categorías máster, sénior, sub23 e sub20 que saíu desde as proximidades do Pico Sacro e seguindo un circuío de 15 km percorreu a Ruta da Prata ata a Cidade da Cultura, onde decorreu polo Bosque de Galicia e a Praza Central.

**Datas:** 17 de maio de 2021

**Espazo:** Bosque de Galicia e outros espazos exteriores

**Entidade organizadora:** Xurdir e Consellería de Cultura, Educación e Universidade



### III Xornadas Profesionais Artesanía no Prato

As III Xornadas Profesionais Artesanía no Prato, celebradas en Santiago de Compostela e organizadas pola Fundación Artesanía de Galicia en colaboración con Galicia Calidade tiveron como obxectivo establecer sinerxías entre artesanía, gastronomía e deseño. Participaron 33 obradoiros da marca Artesanía de Galicia especializados en diferentes oficios, cun amplo programa de showcookings a cargo de chefs galegos de recoñecido prestixio, así como un espazo de coloquio sobre o papel da artesanía e do produto de proximidade no ámbito da gastronomía. Os cociñeiros Jorge Gago de A Maceta (Santiago de Compostela), Iñaki Bretal do Eirado da Leña (Pontevedra) e Moncho Bargo & Javier Freijeiro de Pracer (A Coruña) utilizaron produtos da marca Artesanía de Galicia nas súas preparacións.

O proxecto foi unha iniciativa que comezou na segunda edición do Corazón da Artesanía, encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, que se celebra en Agolada, grazas á colaboración de cociñeiros do Grupo Nove que comezaron a empregar pezas da marca nos seus showcookings. No ano 2017, a Fundación Artesanía de Galicia fortaleceu a súa aposta a través da celebración das Primeiras Xornadas Profesionais de Artesanía no Prato, que tiveron continuación no ano 2019 coa segunda edición, converténdose no punto de referencia para a colaboración entre ambos os dous sectores na Cidade da Cultura.

**Datas:** 22 e 23 de novembro de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás. Andar -1

**Entidade organizadora:** Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño





## Foro estratéxico Talentia Summit '21

A nova edición de Talentia Summit 2021 contou cun formato híbrido e co obxectivo de afianzar a recuperación económica sobre piares de crecemento sólidos e con perspectivas de futuro: a economía verde e a industria dixital. A pandemia fíxonos comprobar que un mundo novo se abre ante nós e esta realidade implica unha estreita colaboración entre a sociedade, a administración pública e as empresas; para situar ás persoas no centro das súas accións, un dos obxectivos de reflexión deste foro de debate. Inauguraron o evento a ministra de Educación e Formación Profesional, Pilar Alegría, o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo e o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo.

**Datas:** 16 e 17 de decembro de 2021

**Espazo:** Edificio Fontán, Auditorio

**Entidade organizadora:** Concello de Santiago

## Festival Orquestras de Verbena

A Cidade da Cultura acolleu un dos festivais cos que a Xunta de Galicia se propuxo apoiar as orquestras de verbena para facer fronte aos efectos da crise sanitaria. Esta iniciativa convocou 50 coñecidas orquestras galegas en concertos distribuídos ao longo da fin de semana nas localidades de Narón, A Coruña, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela. O Gaiás serviu de escenario para as actuacións de París de Noia Show, Gran Parada, Capitol, Metrópolis, Atrévete, Galilea e Puzzle.

**Datas:** 25 de setembro de 2021

**Espazo:** Campo do Gaiás

**Entidade organizadora:** Agadic

EVENTOS



## Presentación disco Os Resentidos 30 Aniversario

Presentación de *Organización Nautilus*, o disco co que o grupo musical Os Resentidos, fundado por Antón Reixa, regresa ao panorama musical despois de case 30 anos. Trátase dun traballo apoiado pola Xunta de Galicia que está composto por 12 novas cancións e no que colabora como ilustrador Antón Romero, de tan só 14 anos con Trastorno do Espectro Autista. Trátase dunha peza con numerosas referencias á cidade de Vigo que conta con debuxos de elementos como a Ponte de Rande, submarinos, barcos pirata ou animais mariños.

**Datas:** 21 de abril de 2021

**Espazo:** Edificio CINC, Salón de convencións

**Entidade organizadora:** Consellería de Cultura, Educación e Universidade





## Rodaxe 'Proxecto emperador'

O Gaiás foi o espazo escollido pola produtora Vaca Films para a rodaxe dalgunhas escenas do filme *Proxecto emperador*, un thriller dirixido por Jorge Coira e protagonizado polo actor gañador de tres Goyas, Luis Tosar. O actor galego está acompañado neste filme por Alexandra Masangkay, Miguel Rellán, María Botto e Denis Gómez, entre outros.

Jorge Coira, gañador do Goya á Mellor Montaxe por *El Desconocido*, é o encargado de dirixir, a partir dun guion escrito por Jorge Guerricaechevarría, este revelador e contemporáneo thriller de intriga inspirado na cara máis oculta da realidade social e política española. *Proxecto emperador* está ambientado nas altas esferas do poder e a espionaxe. Supón a terceira longametraxe de ficción de Jorge Coira tras a premiada 18 comidas e a súa ópera prima *El año de la garrapata*. Tamén dirixiu series de tele-

visión de gran éxito como *Hierro* (serie española máis vista en Movistar) ou *Sé quien eres*, ademais de exercer como montador en *La Unidad e Hierro* ou as longametraxes *La sombra de la ley* e *El desconocido*, pola que foi premiado co Goya a Mellor Montaxe.

**Espazo:** Museo Centro Gaiás

**Entidade organizadora:** Vaca Films



## A innovación aberta en Galicia

O 20 de xullo celebrouse a presentación do informe "A innovación aberta en Galicia" elaborado pola Fundación COTEC. O acto contou coa participación do Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, Francisco Conde López, a Directora da Axencia Galega de Innovación (Gain), Patricia Argerey, e a presidenta da Fundación Cotec, a exministra Cristina Garmendia. O evento foi de carácter mixto presencial-virtual, con retransmisión en streaming.

**Datas:** 20 de xullo de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Hall de Tirantes

**Entidade organizadora:** Consellería Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia



## Gravación de concerto de Baiuca

Gravación sen público do concerto de Baiuca no que, acompañado polas cantareiras Lilaina e o percusionista Xosé Lois Romero, presentou o seu segundo disco, *Embruxo*, ao público surafricano, xa que esta peza puido verse en liña entre o 8 e o 31 de xullo no marco da programación dixital do National Arts Festival (NAF) de Suráfrica.

O Festival Nacional das Artes é un acontecemento destacado no calendario cultural de Suráfrica: a maior celebración anual das artes. Creadores de distintas disciplinas artísticas e visitantes reúnen-se durante 11 días na cidade universitaria de Makhanda, no Cabo Oriental, para fomentar a diversidade e a innovación. A primeira edición tivo lugar en 1974, organizándose anualmente, coa excep-

ción de 1975. O Festival serviu de importante foro para o teatro político e de protesta durante o apoxeo da era do apartheid. Na actualidade, segue a dar cabida a obras que cuestionan o mundo no que vivimos, e expresan puntos de vista de diversas comunidades locais de diferentes países. En 2020, por mor da pandemia, o festival converteuse nun evento puramente dixital ao que se puido acceder desde calquera recanto do mundo.

**Datos:** 19 de xuño de 2021

**Espazo:** Museo Centro Gaiás, Andar -1



EVENTOS

## Presentación Novo Plan de seguridade viaria de Galicia 2021-2025

A Xunta de Galicia puxo en marcha unha campaña de concienciación en seguridade viaria que ten como obxectivo lembrarllles tanto aos peóns como aos condutores que “na estrada somos pezas fráxiles”, empregando como reclamo figuras con estética de Sargadelos. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e o director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez, presentaron esta iniciativa xunto coa delegada de STOP Accidentes en Galicia, Jeanne Picard, e o presidente de Sargadelos, Segismundo García. No acto, que tivo lugar no Xardín do Teatro da Cidade da Cultura, participaron tamén os delegados territoriais da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor; en Lugo, Javier Arias; e en Ourense, Gabriel Alén, ademais de representantes de diferentes institucións e colectivos relacionados coa seguridade viaria.

**Datas:** 21 de xullo de 2021

**Espazo:** Xardín do Teatro

**Organiza:** Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

## Foro & Premios Galicia Alimentación 2021

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) distinguiu na sétima edición dos Premios Galicia Alimentación seis proxectos destacados pola súa innovación e compromiso co sector. O acto de entrega dos galardóns supuxo ademais o peche do VI Foro Galicia Alimentación. Nesta ocasión, o evento realizouse de forma presencial e retransmítiuse en directo vía streaming. Ao acto de entrega asistiu o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, así como o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde; o conselleiro de Medio Rural, José González, e a conselleira do Mar, Rosa Quintana. Calvo, Nueva Pescanova, Asoporcel e Gadis, foron os premiados habendo dúas mencións especiais para Lence- Grupo Leche Río y 3D Essence Food.

**Datas:** 22 de setembro de 2021

**Espazo:** Edificio CINC, Auditorio1

**Organiza:** CLUSAGA. Clúster Alimentario de Galicia



## Conmemoración do 60º aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas

En conmemoración do 60 aniversario da novela, un lustro despois do falecemento do autor, tivo lugar este acto, precisamente no auditorio que leva o seu nome, co obxectivo de pór de relevo a importancia desta obra emblemática. A el asistiron o presidente da Fundación Neira Vilas, Fernando Redondo; o da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, o da Editorial Galaxia, Antón Vidal e mais o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez. A conmemoración desta efeméride completouse coa presentación do documental *Un legado de futuro*, un novo contido audiovisual que achega datos relevantes sobre Neira Vilas o seu tempo e a súa obra.

**Datas:** 7 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Biblioteca e Arquivo de Galicia, Auditorio Xosé Neira Vilas

**Organiza:** Consellería de Cultura, Educación e Universidade



## Entrega de premios do VII Certame literario VIAQUA: Relatos de auga intelixente

Con motivo do Día Mundial da Terra, Viaqua entregou os premios da sétima edición do Certame literario "Relatos de auga intelixente", destinado a escolares entre 12 e 17 anos de toda Galicia. Esta nova edición estivo centrada no impacto que teñen os produtos non degradables no medio e nas redes de saneamento ao desbotalos polo retrete en lugar de no lixo. No evento participaron representantes do xurado do certame: Susana González, técnica de Augas de Galicia; e Teresa Abalde, xurídica da empresa Viaqua, así como representantes dos dous centros santiagueses premiados, Carlos Encisa como director do IES Antón Fraguas, e Teresa Iglesias, profesora do Colexio La Salle.

**Datas:** 22 de abril de 2021  
**Espazo:** Edificio CINC, Auditorio 1  
**Organiza:** VIAQUA



EVENTOS

## XXX Aniversario da creación da Unidade de Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia

O vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, destacou na entrega das medallas á Policía Autónoma o labor deste corpo de seguridade durante tres décadas no velar pola seguridade dos galegos e galegas. Por iso, para recoñecer ao persoal policial o traballo continuado nesta unidade, no acto concedéronse a Cruz de Bronce da Xunta a 22 axentes que levan 30 anos de servizo. Ao acto tamén asistiu a conselleira do Mar, Rosa Quintana e interviñeron o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, e o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes. No acto tamén se distinguiu con distintivos honoríficos a persoas doutras forzas de seguridade e doutros colectivos pola súa colaboración coa Policía Autónoma.

**Datas:** 2 de decembro de 2021  
**Espazo:** Edificio CINC, Auditorio 1  
**Organiza:** Vicepresidencia da Xunta de Galicia







## Emisión especial TVE 50º aniversario

O 20 de xullo, TVE emitiu un informativo desde o Gaiás encadrado nunha serie de programas especiais realizados desde puntos destacados e icónicos da capital galega con motivo da conmemoración do 50 aniversario do centro territorial en Galicia. Este informativo incluíu unha entrevista en directo á directora xerente da Fundación Cidade da Cultura, e tamén unha peza-reportaxe gravada previamente, con entrevistas a persoal técnico do Gaiás, como Paula Toimil e Antonio Maroño, dando a coñecer a arquitectura do complexo, os seus espazos naturais e a oferta da súa programación.

**Datas:** 20 de xullo de 2021

**Espazo:** Espazos exteriores

**Organiza:** Televisión Española, delegación territorial Galicia

## Presentación de axudas a empresas galegas

O vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, participou nun webinar organizado por AJE Galicia para informar sobre as axudas da Xunta para pemes e autónomos, cunha liña de préstamos e microcréditos avalados polo Igape en colaboración coas sociedades de garantía recíproca, aprobada ao inicio da pandemia para dar liquidez ao tecido empresarial galego coa previsión de mobilizar máis de 300 millóns de euros. No encontro, tamén participaron o director do Igape, Fernando Guldrís e a directora xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Covadonga Toca.

**Datas:** 23 de marzo de 2021

**Espazo:** Edificio CINC, Auditorio 2

**Organiza:** AJE Galicia en colaboración co Igape



## Rolda de presentación da Estratexia galega de enfermidades raras

EVENTOS

Un dos obxectivos da Estratexia Galega en Enfermidades Raras 2021-2024 é definir un novo modelo asistencial capaz de solucionar dificultades ás que se confrontan as persoas con enfermidades raras centrado nunha coordinación máis áxil e eficiente. Para a creación desta estratexia contouse con testemuños non só de pacientes e familiares que trasladaron á Consellería as dificultades que se atopan nos diferentes roteiros asistenciais, senón tamén a visión de diferentes especialistas sociosanitarios: médicos, profesionais de enfermería, traballadores sociais e do ámbito farmacéutico. As asociacións de pacientes desempeñaron un importante papel na redacción final desta estratexia.

O acto de presentación da Estratexia galega de enfermidades raras foi pechado polo conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, onde sinalou que a mesma vai permitir o acompañamento preciso do paciente desde que entra no sistema en busca dun diagnóstico, ata que atopa un tratamento e un seguimento axeitado á súa doenza.

**Datas:** 25 de xuño de 2021

**Espazo:** Edificio CINC, Salón de convencións

**Organiza:** SERGAS



## Foro Mulleres Protagonistas

“Mulleres protagonistas” é unha iniciativa que, de xeito periódico, reúne a mulleres de distintos sectores co obxectivo de establecer un diálogo aberto entre a Xunta e este colectivo para escoitar as súas propostas, explicar as medidas do Goberno galego e, deste xeito, realizar unha posta en común sobre os retos e dificultades que afrontan no seu día a día.

**Datas:** 20 de xaneiro de 2021

**Espazo:** Sala Eisenman

**Organiza:** Igape



EVENTOS

## Xornadas SOMMa 100xCiencia

O gran encontro científico da alianza SOMMa, a rede de Centros Severo Ochoa – Unidades María de Maeztu, “100 xCiencia.5: International dimension of science” celebrouse o 26 e 27 de novembro. Trátase dun foro onde investigadores e directivos dos 57 centros españois con esta certificación de excelencia compartiron con xornalistas e comunicadores especializados un espazo para reflexionar xuntos sobre a necesidade da cooperación internacional para o progreso científico e social da humanidade no século XXI. O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), centro mixto da Universidade de Santiago (USC) e a Xunta de Galicia, e único centro con esta distinción nesta comunidade autónoma, exerce de institución anfitroa na quinta edición da serie 100 xCiencia. O congreso tamén se puido seguir en directo a través da canle de Youtube do IGFAE.

**Datas:** 26 e 27 de decembro de 2021

**Espazo:** Edificio Fontán, Auditorio

**Organiza:** IGFAE, Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, USC



# 07/ AS TORRES HEJDUK: O 'FARO' DO GAIÁS

AS TORRES HEJDUK

**A**s Torres Hejduk foron deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929-2000) como torres botánicas para o parque compostelán de Belvís, pero non chegarían a ser unha realidade no seu empra-zamento orixinal. Tras a morte de Hejduk, Peter Eisenman decidiu recuperar o proxecto do seu amigo e compañeiro no The New York Five –grupo que mellor representa o espírito do neo-racionalismo arquitectónico– e propuxo a súa cons-trución na Cidade da Cultura.

Actualmente, estas torres úsanse como un espazo expo-sitivo non convencional aollendo intervencións artísticas e, ademais, a torre de cristal das Hejduk é iluminada en diferentes cores con motivo de multitude de efemérides e causas sociais, a petición de todo tipo de institucións, aso-ciacións ou organizacións sen ánimo de lucro.

## 8 de marzo:

Día internacional da Muller

## 8 de maio:

Día Mundial da Cruz Vermella

## 17 de maio:

Día das Letras Galegas

## 14 de xuño:

Día Nacional das Linguas de Signos

## 28 de xuño:

Día internacional do Orgullo LGBTIQ+

## 25 de xullo:

Día de Galicia

## 1 de outubro:

Día Nacional da Artrite Reumatoide

## 19 de outubro:

Día Mundial contra o Cancro de Mama

## 26 de outubro:

Día do Dano Cerebral Adquirido

## 29 de outubro:

Día Mundial do Ictus

## 17 de novembro:

Día Mundial da Prematuridade

## 20 de novembro:


Día Universal da Infancia

## 25 de novembro:

Día para a eliminación da violencia machista

## 3 de decembro:

Día internacional das persoas con discapacidade



AS TORRES HEJDUK

# 07/ COMUNIDADE

## O Gaiás na rede

A Cidade da Cultura dispón dunha páxina web, un servizo de envío de newsletter e canles nas principais redes sociais (Facebook, Twitter e Instagram) nas que informa das súas actividades. O Gaiás conta cunha ampla comunidade online que segue puntualmente as actualizacións, publicadas diariamente no caso das redes sociais e con periodicidade variable e adaptada ás necesidades de comunicación da institución no caso da web e a newsletter.


<b>Nº de accesos á páxina web <a href="http://cidadedacultura.gal">cidadedacultura.gal</a></b> (1 xaneiro-31 decembro 2021)	<b>404.399</b> <b>sesións</b>
<b>Nº de seguidores en redes sociais</b> a 31 de decembro de 2021	<b>94.896</b> <b>seguidores</b>

## Club Gaiás

En decembro de 2014, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia puxo en marcha un programa de fidelización de usuarios denominado Club Gaiás. Desde entón, preto de 5.000 persoas déronse de alta como socias deste programa.

As persoas inscritas no Club Gaiás, ademais de estar puntualmente informadas de todas as actividades que teñen lugar no complexo, gozan de beneficios exclusivos, que son unha forma de agradecemento por ser parte da Cidade da Cultura:

- **Desconto de entre o 10 e o 40% en espectáculos da programación da Cidade da Cultura.**
- **Desconto do 50% nas audioguías.**
- **Ofertas de último minuto.**
- **Acceso a eventos exclusivos.**
- **Visitas guiadas ás exposicións temporais cun carácter privado e exclusivo.**
- **Cartón persoal individualizado.**
- **Descostos en artigos referenciados nas tendas online e do Museo Centro Gaiás.**
- **Sorteo de invitacións para determinados espectáculos e eventos.**



Desde 2020, a consecuencia das medidas sanitarias de loita contra a covid-19, foron retiradas as urnas destinadas ás inscricións no Club Gaiás mediante tarxetas. Igualmente, non foi realizada ningunha acción específica de captación de asociados que viñan realizándose en eventos multitudinarios. Pese a todo, aínda que a un ritmo menor, o club continuou a medrar e neste ano producíronse 111 novas altas, efectuadas a través do formulario a tal efecto dispoñible na web [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal).













